

Informe de Revisión pola Dirección



Fotografía gañadora do Primeiro Premio do concurso de fotografía MULLE.RME 2020

Curso 2018/2019

Grao en Enxeñaría da Enerxía

Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos

Máster Universitario en Enxeñaría de Minas

Informe de revisión do sistema pola dirección Informe de resultados anuais das titulacións do centro

Curso 2018/2019

Data de aprobación en Comisión de Calidade: 23/07/2020

Data de aprobación na Xunta de Escola: 23/07/2020



Índice de contidos

Preliminares	5
I. Aspectos introductorios	5
I.1 Presentación.....	5
I.2 Informe inicial	5
I.2.1 Estado de situación xeral do sistema de garantía / xestión de calidade	5
I.2.2 Evolución do SGIC	6
I.2.3 Resultados de avaliacións internas e externas.....	8
I.2.4 Reflexión e valoración	8
Centro. Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía	9
II. Resultados acadados.....	9
II.1 Rexistro de resultados do panel de indicadores do SGIC	9
II.2 Datos relativos as QSP recibidas.....	10
II.3 Estado de situación dos rexistros de calidade do sistema	13
II.4 Outros datos.....	16
II.4.1 Situación relativa á inserción laboral das persoas egresadas do centro.....	16
II.4.2 Noticias de prensa e noticias relacionadas coa actividade académica, de investigación, divulgación e/ou transferencia do centro	22
III. Análise de resultados das titulacións do centro. Seguimento das titulacións.....	24
III.1 Criterio 1. Organización e desenvolvemento	24
III.2 Criterio 2. Información e transparencia	26
III.3 Criterio 3. Sistema de Garantía de Calidade	28
III.4 Criterio 4. Recursos humanos.....	29
III.5 Criterio 5. Recursos materiais e servizos.....	31
III.6 Criterio 6. Resultados de aprendizaxe	31
III.7 Criterio 7. Resultados de satisfacción e rendemento.....	31
IV. Estado de situación das accións de mellora propostas en informes anteriores	32
V. Listaxe de accións de mellora propostas	34
Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	35
II. Resultados acadados.....	35
II.1 Rexistro de resultados do panel de Indicadores do SGIC	35
II.2 Rexistro de resultados dos indicadores específicos do seguimento establecido por ACSUG	38
II.3 Resultados das enquisas de satisfacción das titulacións oficiais	40
II.4 Indicadores por materia.....	42

II.5	Datos relativos a QSP recibidas.....	47
II.6	Estado de situación dos rexistros de calidade do sistema do Grao en Recursos Mineiros e Enerxéticos.....	48
III.	Análise de resultados. Seguimento da titulación	50
III.1	Criterio 1. Organización e desenvolvemento	50
III.2	Criterio 2. Información e transparencia	53
III.3	Criterio 3. Sistema de Garantía de Calidade	54
III.4	Criterio 4. Recursos humanos.....	55
III.5	Criterio 5. Recursos materiais e servizos.....	57
III.6	Criterio 6. Resultados de aprendizaxe	58
III.7	Criterio 7. Resultados de satisfacción e rendemento.....	60
IV.	Modificacións non substanciais da titulación	62
V.	Estado de situación das accións de mellora propostas en informes anteriores	63
VI.	Listaxe de novas accións de mellora propostas.....	70
	Grao en Enxeñaría da Enerxía	71
II.	Resultados acadados.....	71
II.1	Rexistro de resultados do panel de Indicadores do SGIC	71
II.2	Rexistro de resultados dos indicadores específicos do seguimento establecido por ACSUG ..	74
II.3	Resultados das enquisas de satisfacción das titulacións oficiais	76
II.4	Indicadores por materia.....	78
II.5	Estado de situación dos rexistros de calidade do sistema do Grao en Enxeñaría da Enerxía ..	84
III.	Análise de resultados. Seguimento da titulación	86
III.1	Criterio 1. Organización e desenvolvemento	86
III.2	Criterio 2. Información e transparencia	88
III.3	Criterio 2. Sistema de Garantía de Calidade	89
III.4	Criterio 4. Recursos humanos.....	90
III.5	Criterio 5. Recursos materiais e servizo.....	92
III.6	Criterio 6. Resultados de aprendizaxe	94
III.7	Criterio 7. Resultados de satisfacción e rendemento.....	96
IV.	Modificacións non substanciais da titulación	98
V.	Estado de situación das accións de mellora propostas en informes anteriores	99
VI.	Listaxe de novas accións de mellora propostas.....	105
	Máster Universitario en Enxeñaría de Minas	106
II.	Resultados acadados.....	106
II.1	Rexistro de resultados do panel de Indicadores do SGIC	106
II.2	Rexistro de resultados dos indicadores específicos do seguimento establecido por ACSUG ..	108
II.3	Resultados das enquisas de satisfacción das titulacións oficiais	110
II.4	Indicadores por materia.....	111

II.5	Estado de situación dos rexistros de calidade do sistema	115
III.	Análise de resultados. Seguimento da titulación	117
III.1	Criterio 1. Organización e desenvolvemento	117
III.2	Criterio 2. Información e transparencia	121
III.3	Criterio 3. Sistema de Garantía de Calidade	122
III.4	Criterio 4. Recursos humanos	123
III.5	Criterio 5. Recursos materiais e servizos	126
III.6	Criterio 6. Resultados de aprendizaxe	128
III.7	Criterio 7. Resultados de satisfacción e rendemento	130
IV.	Modificacións non substanciais da titulación	132
V.	Estado de situación das accións de mellora propostas nos informes anteriores	133
VI.	Listaxe de novas accións de mellora	138
	Conclusión e anexos	139
VII.	Conclusións e acordos	139
VIII.	ANEXOS	141
VIII.1	Anexo I: Táboa complementaria. Acceso a estudos. Nota media ponderada.	141
VIII.2	Anexo II: Táboa complementaria. Cualificación Profesorado: Doutor Si/Non	142
VIII.3	Anexo III: Táboa complementaria. Profesorado: Sexenios, sobre potenciais	144
VIII.4	Anexo IV: Táboa complementaria. Profesorado: Categoría laboral (desagregado)	145
VIII.5	Anexo V: Táboa complementaria. Alumnado: Modalidade ingreso	146
VIII.6	Anexo VI. Listaxe de novas accións de mellora	147
VIII.6.1	Centro. Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía	147
VIII.6.2	Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	153
VIII.6.3	Grao en Enxeñaría da Enerxía	162
VIII.6.4	Máster Universitario en Enxeñaría de Minas	165

Preliminares

I. Aspectos introductorios

I.1 Presentación

O obxecto deste informe é a realización da revisión pola dirección do sistema de garantía de calidade do centro e as súas titulacións de forma que, no marco da súa mellora continua, garántase a súa conveniencia, adecuación e eficacia. O presente documento recolle a información máis relevante, en termos cualitativos e/ou cuantitativos, dos resultados no curso académico 2017/2018. Os títulos adscritos ao centro son os seguintes:

- Grao en Enxeñaría da Enerxía
- Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
- Máster Universitario en Enxeñaría de Minas
- Máster Universitario en Xeoinformática

No presente informe non se recolle ningún dato referido ao Máster Universitario en Xeoinformática xa que esta titulación se impartiu por última vez no curso 2018/19 e está formalmente en proceso de extinción. O título foi autorizado para a súa impartición no curso 2015/16 como título interuniversitario entre a Universidade de A Coruña e a Universidade de Vigo (DOGA nº 113, de 17 de xuño de 2015); posteriormente autorizouse a modificación do título, incorporándose a Universidade de Santiago de Compostela. Impartiuse por última vez no curso 2018/19, solicitándose posteriormente a extinción da titulación. Considérase, polo tanto, que non procede a realización da análise correspondente á devandita titulación.

As valoracións contidas neste informe anual conteñen información relevante a ter en conta para o informe de seguimento/acreditación dos títulos adscritos ao centro así como para o establecemento dos plans anuais de mellora do centro.

Cabe sinalar que tamén se tivo en conta o contido do “Informe para a revisión interna do seguimento de centros e de titulacións oficiais de grao e mestrado” elaborado pola Área de Calidade para o IRPD do curso 2017/18.

I.2 Informe inicial

I.2.1 Estado de situación xeral do sistema de garantía / xestión de calidade

A documentación do SGIC da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía (dispoñible en <http://minasyenergia.uvigo.es/gl/calidade>) estrutúrase en:

- Manual de calidade.
- Anexos ao manual: Listaxe de procedementos en vigor, listaxe de distribución da documentación de calidade, glosario, política e obxectivos de calidade do centro, relación de titulacións oficiais do centro.
- Política e obxectivos de calidade.
- Procedementos estratéxicos, clave e de soporte.
- Evidencias de actividades en materia de calidade.
- Resultados de medición.
- Plans de mellora.

I.2.2 Evolución do SGIC

De acordo cos Reais Decretos 1393/2007 e 861/2010, polos que se establece a ordenación dos ensinos universitarios oficiais, esíxese para a verificación e acreditación dun título a incorporación dun sistema de garantía interno para a avaliación, seguimento e mellora da calidade da oferta formativa do mesmo.


Co obxectivo de cumprir con este requisito a Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía estableceu o seu Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC) en colaboración coa Área de Calidade da Universidade de Vigo co obxecto de favorecer a mellora continua das titulacións impartidas e garantir un nivel de calidade que facilite a acreditación e o mantemento das mesmas.

O centro participou nas dúas fases do Programa FIDES-AUDIT da ACSUG cuxo obxectivo é guiar aos centros no seu labor de integración de todas as actividades relacionadas coa garantía de calidade dos ensinos, que ata o momento viñan desenvolvendo, e favorecer o proceso de verificación e acreditación das titulacións:


- Certificación do Deseño do Sistema de Garantía Interna de Calidade. A Escola participou na primeira convocatoria 2007/2008 do Programa FIDES-AUDIT: FASE DE CERTIFICACION DO DESEÑO DOS SGIC da ACSUG para “deseñar” un Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC) dentro do Programa FIDES/AUDIT. Para iso, e en colaboración coa Área de Calidade da Universidade e a Comisión de Garantía Interna de Calidade da Escola, elaborouse unha proposta documental do SGIC que incluíu o Manual de Calidade e unha serie de procedementos encadrados en estratéxicos, clave, de apoio e medición que foi presentada para a súa avaliación por parte da ACSUG. Dita proposta recibiu un “Informe Favorable” por parte da axencia con data de 27-07-2009.
- Certificación da Implantación do SGIC: A Escola participou na primeira convocatoria 2013/2014 do Programa FIDES-AUDIT: FASE DE IMPLANTACION DO SGIC da ACSUG para avaliar a implantación do Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC) do centro dentro do Programa FIDES-AUDIT. Tras a visita dun equipo auditor externo recibiu a certificación por parte da axencia o 07-10-2014, facendo constar que o SGIC da Escola fora implantado de acordo ás directrices establecidas polo programa FIDES-AUDIT. A validez do mesmo será ata a mesma data do ano 2020, debendo ser revisado en 2017. O 15 de novembro de 2017 presentouse a ACSUG a documentación para a realización do preceptivo seguimento da certificación do Sistema de Garantía de Calidade, elaborada conxuntamente pola Comisión de Garantía Interna de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía e a Área de Calidade da UVigo. Con data 30 de xaneiro de 2018 recibíuse Informe de Seguimento do procedemento por parte de ACSUG. Con data 5 de marzo de 2018 recibíuse o informe favorable, coa indicación de que todas as accións incluídas no plan de melloras teñen que ser implantadas.

A adecuación ás novas normativas e á realidade das titulacións no contexto actual, xunto ás esixencias e recomendacións dos programas de seguimento de títulos e de acreditación, fixeron que o propio sistema fose evolucionando tendendo á simplificación e a unha mellor adecuación derivada da implantación dos procedementos inicialmente deseñados. O SGIC inicial, aprobado en 2008, estaba formado polo Manual de Calidade e un conxunto de 26 procedementos. En xullo de 2013 apróbase no centro o primeiro bloque de novos procedementos que substitúen aos iniciais tanto da área de procesos docentes como da área de procesos de xestión. En febreiro de 2015 apróbase un segundo bloque de novos procedementos da área de procesos de planificación estratéxica e en outubro do mesmo ano apróbase o novo Manual de Calidade. En abril de 2016 apróbase un terceiro bloque de novos procedementos clave correspondentes á xestión académica e dos programas formativos. En outubro de 2017 térmase a revisión e actualización dos procedementos ligados aos procesos de xestión do persoal. Consecuencia desta revisión, se actualiza o procedemento de planificación e desenvolvemento do ensino e elimínase o procedemento de política de PDI e PAS, por estar os seus contidos tratados nos anteriormente mencionados. Ao longo do ano 2019 abórdase a revisión e simplificación dos procesos ligados á xestión de servizos; o novo procedemento de xestión dos recursos materiais e dos servizos, que substitúe aos dous procedementos existentes, é aprobado no mes de decembro. No ano 2019 iníciase tamén a revisión e actualización do procedemento de orientación ao estudante, co obxectivo da incorporación dun módulo relativo á atención das necesidades específicas de apoio educativo do alumnado; agárdase rematar esta revisión ao longo do ano 2020.

Detállanse a continuación os procedementos que actualmente están en vigor:



MAPA DE PROCESOS SGIC CENTROS - 2º NIVEL
Proceso CLAVE
Proceso de 1º Nivel relacionado: **DOCENCIA (DO)**



I.2.3 Resultados de avaliacións internas e externas

Todas as titulacións que se imparten na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía intégranse no SGIC do centro e participan, polo tanto, nos programas de Verificación, Modificación, Acreditación e Seguimento como en diversos programas de avaliación institucional promovidos tanto pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) como pola Universidade de Vigo.

Os resultados das titulacións do centro son os seguintes:

GRAO EN ENXEÑARÍA DA ENERXÍA								
	VERIFICACIÓN	SEGUIMENTO				MODIFICACIÓN	ACREDITACIÓN	SEGUIMENTO
AXENCIA	ANECA	ACSUG	UVIGO	ACSUG	UVIGO	ACSUG	ACSUG	UVIGO
AVALIACIÓN	FAVORABLE	NON CONFORME	CONFORME	CONFORME	CONFORME	FAVORABLE	FAVORABLE	CONFORME
DATA	30/06/2010	2010/2011	2011/2012	2012/2013	2013/2014	11/06/2014	24/05/2016	11/09/2017

GRAO EN ENXEÑARÍA DOS RECURSOS MINEIROS E ENERXÉTICOS								
	VERIFICACIÓN	SEGUIMENTO				MODIFICACIÓN	ACREDITACIÓN	SEGUIMENTO
AXENCIA	ANECA	ACSUG	UVIGO	ACSUG	UVIGO	ACSUG	ACSUG	UVIGO
AVALIACIÓN	FAVORABLE	NON CONFORME	CONFORME	CONFORME	CONFORME	FAVORABLE	FAVORABLE	CONFORME
DATA	30/06/2010	2010/2011	2011/2012	2012/2013	2013/2014	11/06/2014	24/05/2016	11/09/2017

	MÁSTER EN ENXEÑARÍA DE MINAS			MÁSTER EN XEOINFORMÁTICA		
	VERIFICACIÓN	SEGUIMENTO	ACREDITACIÓN	VERIFICACIÓN	SEGUIMENTO	SEGUIMENTO
AXENCIA	ACSUG	ACSUG	ACSUG	ACSUG	UVIGO	ACSUG
AVALIACIÓN	FAVORABLE	CONFORME	FAVORABLE	FAVORABLE	CONFORME	SEN INFORME
DATA	11/06/2014	28/11/2017	03/09/2018	23/03/2015	11/09/2017	DEFINITIVO

I.2.4 Reflexión e valoración

Os resultados de seguimento e acreditación dos graos e titulacións de máster universitario impartidos no centro son conforme/favorable. A valoración é positiva.

Centro. Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía

II. Resultados acadados

II.1 Rexistro de resultados do panel de indicadores do SGIC

Centro			Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía			
Panel de Indicadores			Existe meta de calidade asociada?	Resultado Curso 18-19	Resultado Curso 17-18	Resultado Curso 16-17
Código SGC	Código ACSUG	Descrición				
I01-MC E14 Certificación da implantación dos sistemas de calidade			Renovación	SGC certificado (FIDES-AUDIT), 07/10/2014, ACSUG		
I05-MC	I4	Grao satisfacción PAS	Non hai meta	4.67 ¹	Sen datos	Sen datos
I017-PE	I7	Porcentaxe de PAS en formación ²	Si: >80%	65.61%	78.75%	70.67%
I01-DO	E2	Seguimento das titulacións	100%	Non procede	Non procede ³	GEE: Conforme B (UVigo) GERME: Conforme B (UVigo) MUEM: Conforme (ACSUG)
I9		% de profesorado do título avaliado polo programa DOCENTIA (quinquenal)	Non hai meta	11/12-15/16 Resolución pendente	10/11-14/15 3 (1.53% ⁴)	O programa non estaba operativo
I02-DO	E2	Acreditación das titulacións	100%	Non procede	MUEM proceso de acreditación 2017/18. Informe favorable (03/09/2018)	Non procede ⁵

¹ O valor correspondente aos graos foi 4.50 e aos títulos de máster 5.00 e a participación global do centro foi do 16.67%. Os últimos datos dispoñibles para realizar comparativa corresponden á enquisa realizada no 2015/16: a valoración global foi de 3.37 sobre 5 (graos: 3.22 e títulos de máster: 3.51). Cabe sinalar que a valoración de referencia da UVIGO no curso 2018/19 é 3.88 e a participación 22.73%.

² Considérase oportuno sinalar que o centro non ten directamente competencias en relación ao desenvolvemento da formación do PAS

³ Non procede o seguimento externo da titulación e non se activou institucionalmente o seguimento interno

⁴ O dato corresponde aos resultados da I Convocatoria do Programa DOCENTIA Quinquenal da Universidade de Vigo (avaliación do período do curso 10/11 ao 14/15) que foron publicados no curso 2017/18. A porcentaxe indica a participación do profesorado do centro respecto ao total de profesorado avaliado na universidade.

⁵ Considérase oportuno sinalar que o proceso de acreditación dos Graos tivo lugar no curso 2015/16: Informe favorable 24/05/2016.

II.2 Datos relativos as QSP recibidas

Preséntanse a continuación os datos relativos a queixas, suxestións e parabéns recibidas a través do sistema QSP

Resumo dos últimos 3 cursos	Resultado Curso 18/19	Resultado Curso 17/18	Resultado Curso 16/17
INDICADORES			
Tempo medio resposta	8	11	13
% respondidas en prazo	92%	63%	63%
Pendente de resposta	0	0	0
Tempo de resposta			
De 1 a 5 días	5	2	4
De 6 a 10 días	4	5	7
De 11 a 15 días	2	3	1
Máis de 15 días	1	6	7
Total computable	12	16	19
Tipo de usuario			
Estudante de grao ou 1º e 2º ciclo	8	10	14
Estudante de máster		3	4
Persoal de administración e servizos (PAS)	1	1	
Persoal docente e investigador (PDI)	3	2	1
Total computable	12	16	19
Clasificación interna			
Computable	12	16	19
Demanda		1	
Queixa	11	11	12
Suxestión	1	4	7
Non computable		2	3
Non clasificable		1	1
Solicitud		1	2
Total xeral	12	18	22
Motivo			
Instalacións	6	3	3
Persoas		6	8
Prestacións	4	3	5
Procesos	2	4	3
Total computable	12	16	19
Etiquetas de fila			
Correo electrónico	5	8	10
Correo postal		1	
Non desexo resposta	7	7	9
Total computable	12	16	19

Unidade que responde			
E de enxeñaría de minas e enerxía (docencia)	8	15	16
De 1 a 5 días	4	1	3
De 6 a 10 días	1	5	5
De 11 a 15 días	2	3	1
Máis de 15 días	1	6	7
E de enxeñaría de minas e enerxía (administración)	4	1	3
De 1 a 5 días	1	1	1
De 6 a 10 días	3		2
Total computable	12	16	19
Unidades clasificadas			
E de enxeñaría de minas e enerxía (docencia)	8	15	16
Demanda		1	
Queixa	7	11	9
Suxestión	1	3	7
E de enxeñaría de minas e enerxía (administración)	4	1	3
Queixa	4		3
Suxestión		1	
Total computable	12	16	19

	Data entrada	Tipo	Colectivo	Descrición	Aceptada
1	04/09/2018	Queixa	Estudante de grao	Web non actualizada: nome antigo do centro no documento da normativa para o programa de Mobilidade Erasmus+	Si
2	04/09/2018	Queixa	Estudante de grao	Web non actualizada: nome antigo do centro no apartado prácticas de empresa	Si
3	10/09/2018	Queixa	Estudante de grao	Web non actualizada: nome antigo do centro no Manual de Calidade	Si
4	23/09/2018	Queixa	Estudante de grao	Pouca información sobre a baixa dunha profesora: substitución, posible perda de clases...	Si
5	28/02/2019	Queixa	Estudante de grao	Web non actualizada: nome antigo do centro no documento de prácticas externas	Si
6	04/04/2019	Suxestión	Estudante de grao	Escasa participación na I Olimpíada de Minas e Enerxía. Para a segunda edición, mellorar a organización previa e aumentar a publicidade para acadar unha maior participación	Si
7	05/06/2019	Queixa	Estudante de grao	Escasa información sobre a modificación do Grao EE de cara ao curso 20/21. Suxestión de manter a materia Termodinámica, de non incluír Tecnoloxía de combustibles como obrigatoria. Parabéns pola iniciativa de modificación da titulación e pola inclusión de materias de electrónica e automática como obrigatorias	Si
8	20/08/2019	Queixa	Estudante de grao	Imposibilidade de contactar coa delegación de alumnado nos meses de xullo e agosto (por e-mail e teléfono)	Si
9	07/11/2018	Queixa	PAS	Retraso na apertura do comedor	Si
10	12/11/2018	Queixa	PDI	Deficiencias no servizo de limpeza na EME: lavabos, inodoros, laboratorios, algún despacho e algunha aula. Dúas queixas previas por e-mail á administradora (xuño e setembro).	Si
11	12/11/2018	Queixa	PDI	Goteiras importantes no corredor de despachos da planta 1 (diante do D18)	Si
12	06/06/2019	Queixa	PDI	Goteiras importantes no corredor de despachos da planta 1 (diante do D18)	Si

II.3 Estado de situación dos rexistros de calidade do sistema

Preséntase na seguinte táboa a relación de rexistros de calidade do SGIC do centro.

Rexistro	Procedemento	Estado do rexistro	Data límite de entrega	Observacións	Documentos Adxuntos
R1-DE01 P1 - Plan estratéxico do centro	DE-01 P1 - Planificación estratéxica	Completado		NON PROCEDE. Trátase dun procedemento que se atopa en revisión. De cara ao curso 2019-2020 estase a pensar na posibilidade de deseñar e implantar unhas accións estratéxicas de centro.	0
R1-DE02 P1 - Panel de indicadores	DE-02 P1 - Seguimento e Medición	Completado	30/04/2019	NON PROCEDE; non hai ningunha proposta de indicador propio á incorporar ao panel de indicadores comúns.	0
R1-DE03 P1 - Informe de revisión do sistema pola dirección	DE-03 P1 - Revisión do sistema pola dirección	Completado	23/02/2019	Aprobado en Comisión de Calidade o 31/07/2019. Aprobado en Xunta de Escola o 02/10/2019	1
R1-MC05 P1 - Proposta de Plan anual de avaliación das usuarias e usuarios (PAESU)	MC-05 P1 - Satisfaccións das usuarias e usuarios	Completado	03/05/2019	NON PROCEDE; non hai postas en marcha actividades específicas do centro para medir a satisfacción dos usuarios e usuarias	0
R2-MC05 P1 - Plan anual de avaliación das usuarias e usuarios	MC-05 P1 - Satisfaccións das usuarias e usuarios	Completado	03/05/2019	NON PROCEDE; non hai postas en marcha actividades específicas do centro para medir a satisfacción dos usuarios e usuarias	0
R3-MC05 P1 - Ficha técnica do deseño da actividade de avaliación	MC-05 P1 - Satisfaccións das usuarias e usuarios	Completado	28/06/2019	NON PROCEDE; non hai postas en marcha actividades específicas do centro para medir a satisfacción dos usuarios e usuarias	0
R4-MC05 P1 - Informes de resultados de avaliación	MC-05 P1 - Satisfaccións das usuarias e usuarios	Completado	28/06/2019	NON PROCEDE; non hai postas en marcha actividades específicas do centro para medir a satisfacción dos usuarios e usuarias	0
R5-MC05 P1 - Informe de seguimento do PAESU	MC-05 P1 - Satisfaccións das usuarias e usuarios	Completado	28/06/2019	NON PROCEDE; non hai postas en marcha actividades específicas do centro para medir a satisfacción dos usuarios e usuarias	0
R1-DO0201 P1 - PDA	DO-0201 P1 - Planificación e desenvolvemento da ensinanza	Completado	15/07/2019	PDA das titulacións impartidas no centro corresponde ao curso 2018/2019	4
R4-DO0201 P1 - Procedemento para o seguimento e control da docencia	DO-0201 P1 - Planificación e desenvolvemento da ensinanza	Completado	01/07/2019	Aprobado en Comisión de Calidade o 23/07/2019. Aprobado en Xunta de Escola o 23/07/2019	1

R1- DO0202 P1 - Plan de Promoción do Centro	DO-0202 P1 - Promoción das titulacións	Completado	30/04/2019	Informe de Seguimento Anual do Plan de Promoción 2018/2019 e Plan de Promoción e Captación para o curso 2019/2020. Aprobados en Comisión de Calidade e Xunta de Escola o 08/07/2019	<u>2</u>
R1- DO0203 P1 - Plan de acción tutorial	DO-0203 P1 - Orientación ao estudantado	Completado	30/09/2019	Na Comisión de Calidade do 19/11/2019 valorouse a necesidade da modificación do PAT do centro para actualizalo e adaptalo á tendencia dos últimos dous cursos, nos que se foron deixando de levar a cabo algunhas das accións planificadas por non ter participación nin utilidade efectiva. Non obstante, como a Área de Calidade da UVIGO está desenvolvendo un novo procedemento DO0203 Orientación ao estudantado, que incluíra un Modelo guía para o deseño do PAT- ANEAE, decidiuse manter provisionalmente o PAT vixente e aprazar a súa modificación ata que o novo procedemento sexa aprobado.	<u>0</u>
R2- DO0203 P1 - Informe final de avaliación do PAT	DO-0203 P1 - Orientación ao estudantado	Completado	30/09/2019	Informe do PAT da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía correspondente ao curso 2018-2019 (aprobado na Comisión de Calidade do 19/12/2019)	<u>1</u>
R1- DO0301 P1 - Plan operativo de información pública	DO-0301 P1 - Información pública e rendemento de contas	Completado	31/03/2019	NON PROCEDE. Segue vixente o documento marco da Escola, aprobado en CGIC, con data 15/11/2017, e en Xunta de Escola, con data 13/12/2017.	<u>0</u>
R2- PE01 P1 - Identificación das necesidades de formación do PAS do centro	PE-01 P1 - Xestión do PAS	Completado	31/10/2018	Achégase documento asinado dixitalmente pola administradora do centro; aprobado na CGIC do 29/05/2019 e na Xunta de Escola do 30/05/2019.	<u>1</u>
R1- PE01 P1 - Identificación das necesidades do PAS do centro	PE-01 P1 - Xestión do PAS	Completado	31/10/2018	Achégase documento asinado dixitalmente pola administradora do centro; aprobado na CGIC do 29/05/2019 e na Xunta de Escola do 30/05/2019.	<u>1</u>

R2- PE02 P1 - Informe de responsables académicos	PE 02 P1 - Xestión do persoal docente e investigador-PDI	Completado	30/01/2019	NON PROCEDE. Ao remate do ano 2019 aínda non se coñecen os resultados do Docencia quinquenal do período 2011/2012 a 2015/2016.	<u>0</u>
R3- PE02 P1 - Listaxe de accións formativas derivadas de necesidades detectadas	PE 02 P1 - Xestión do persoal docente e investigador-PDI	Completado	15/11/2018	NON PROCEDE	<u>0</u>
R4- PE02 P1 - Ficha Programa/actividade de formación	PE 02 P1 - Xestión do persoal docente e investigador-PDI	Completado	15/11/2018	NON PROCEDE	0
IT01-PA08 - Plan de actuación de servizos permanentes do centro	PA08 - Xestións dos servizos	Completado	30/04/2019	Súbese o mesmo documento adxunto para este rexistro (IT01-PA08) e para o IT02-PA08, xa que foi un documento elaborado en conxunto pola Administradora do Ámbito. Aprobado en CC o 08/07/2019	1
IT02-PA08 - Informe de resultado dos servizos contratados	PA08 - Xestións dos servizos	Completado	30/04/2019	Súbese o mesmo documento adxunto para este rexistro (IT02-PA08) e para o IT01-PA08, xa que foi un documento elaborado en conxunto pola Administradora do Ámbito. Aprobado en CC o 08/07/2019	1
IT01-PA07 - Criterios de selección de recursos materiais e provedores	PA07 - Xestións dos recursos materiais	Completado	30/04/2019	Mantense vixente o documento aprobado o 4 de xuño de 2018 cos criterios de selección dos recursos materiais e provedores	0
IT02-PA07 - Ficha de solicitude	PA07 - Xestións dos recursos materiais	Completado	30/04/2019	Aprobado en Comisión de Calidade o 23/07/2019. Aprobado en Xunta de Escola o 23/07/2019	1
Acta da comisión de calidade - Acta da comisión de calidade	Actas - Actas da comisión de calidade	Completado		Actas da Comisión de Calidade do 2018/2019: 18 de outubro de 2018 29 de maio de 2019 08 de xullo de 2019 23 de xullo de 2019 31 de xullo de 2019	5
Doc - Documentación Complementaria	Doc Complementaria - Documentación Complementaria	Completado		Non hai	<u>0</u>

II.4 Outros datos

II.4.1 Situación relativa á inserción laboral das persoas egresadas do centro

En relación aos datos dispoñibles de inserción laboral, no IRPD do 2017/18 incluíuse a información recollida polas persoas coordinadoras das titulacións en relación as persoas egresadas do centro que remataron os seus estudos no curso 2016-17 e un informe máis amplo, elaborado polo centro, no que se indagou sobre a inserción laboral de todas as persoas egresadas no centro desde o seu comezo.

Entre setembro e novembro de 2019 realizouse a recollida de datos de inserción laboral correspondente ao desenvolvemento do proxecto *Ingreso, rendemento académico e egreso das mulleres nos graos de enxeñaría da Universidade de Vigo*⁶, proxecto financiado pola Deputación de Pontevedra a través da Cátedra Feminismos 4.0. O proxecto ten dous obxectivos:

1) Recompilar e analizar os datos desagregados por xénero relativos á matrícula, egreso e rendemento académico das titulacións de enxeñaría adscritas ós campus da provincia de Pontevedra na Universidade de Vigo. Dentro destas titulacións figuran os dous graos e a titulación do máster adscritos ao centro.

2) Realizar un estudo comparativo entre xéneros sobre a situación laboral actual das persoas egresadas destas titulacións, mediante a realización dunha enquisa elaborada expresamente para acadar información sobre as dificultades que as mulleres enxeñeiras se poden atopar na busca de emprego, no desenvolvemento da súa profesión e na promoción.

Aínda que actualmente se está a traballar na análise de datos recollidos nas enquisas realizadas, pódense adiantar algúns resultados preliminares deste estudo.

Esta análise realizouse a partires da información facilitada polas persoas tituladas da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía que responderon a unha enquisa realizada no marco do devandito proxecto. A enquisa achegouse en setembro de 2019 a todas as persoas tituladas nos dous graos adscritos actualmente ao centro (*Grao en Enxeñaría de Enerxía*, *Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos* e *Máster en Enxeñaría de Minas*, implantados no curso académico 2010-2011) e ás persoas tituladas nos estudos superiores de *Enxeñaría de Minas* (titulación LRU, implantados en 1992 e extintos en 2009).


Gran parte da información recompilada a partires da devandita enquisa resulta útil, a falta doutras fontes de información, para coñecer o grao de empregabilidade e condicións laborais das persoas egresadas. Hai que ter en conta, con todo, que esta información retrata soamente unha parte limitada do conxunto de persoas egresadas: as persoas tituladas que responderon a enquisa. Para contextualizar este aspecto, se indica na táboa adxunta o número de persoas matriculadas e egresadas en cada un dos tres títulos considerados⁷ e o número de persoas egresadas de cada título que responderon á enquisa.

⁶ Trátase dun proxecto financiado pola *Unidade de Igualdade* da Universidade de Vigo que se desenvolveu durante o ano 2019 e consistiu no estudo desagregado por xénero dos datos de ingreso, egreso e diferentes taxas académicas (avaliación, éxito, rendemento, graduación), duración de estudos, nota de ingreso e egreso, etc.) dos estudos de enxeñaría dos campus de Pontevedra e Vigo (32 en total, incluíndo graos, titulacións de máster e titulacións LRU). Unha segunda parte do estudo se baseouse nas respostas a unha enquisa enviada a todas as persoas egresadas dos títulos considerados das que se dispoñía de contacto, na que se recompilaba información sobre o grao de empregabilidade, modalidade de contrato, remuneración económica, área de emprego, cargo, ambiente laboral, grao de satisfacción e posibles situacións de discriminación de xénero.


⁷ Os datos de matrícula e egreso remóntanse ao primeiro ano do que existen datos para ambos índices nas dúas fontes de información utilizadas: UNIDATA e Portal de Transparencia da UVIGO - UVIGO EN CIFRAS.

Titulación	Persoas egresadas a 31 de decembro de 2018	Poboación da enquisa
Enxeñaría de Minas (1992-2010)	757	97
Grao Enxeñaría da Enerxía (2010-2018)	192	49
Grao Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (2010-2018)	59	18

O número de persoas que constitúe a poboación que respondeu á enquisa é de 164, a maioría (59%) titulada nos estudos superiores de Enxeñaría de Minas. Obtéñense claramente dous grupos de idade diferenciada: o grupo de persoas de menos de 30 anos é o maioritario (52%) e constitúe a poboación egresada dos estudos de grao; a poboación de maior idade (maior de 30 anos) correspóndese ás persoas egresadas dos estudos de Enxeñaría de Minas.



Analizando o grao de participación por xénero compróbase que o grao de participación é similar entre homes e mulleres (quizáis lixeiramente algo máis elevado nos homes). Con todo, tendo en conta que os estudos de Enxeñaría de Minas están masculinizados (a proporción de homes | mulleres nos últimos 10 anos é de 77% | 23%), pode confirmarse que a resposta das mulleres tituladas en estudos relacionados coa minería e a enerxía foi maior que a dos homes.



Os datos acerca da situación laboral actual das persoas enquisadas son moi positivos: o 83% das persoas que responderon a enquisa están en activo e o 71% delas, ademais, están traballando na área de coñecemento dos estudos de enxeñaría que realizaron. O 95% das persoas que están en activo traballan a tempo completo. Esta


situación pode contribuír a que o 89% das persoas enquisadas que están en activo se atopan satisfeitas co seu traballo; cabe destacar que o 34% destas persoas valoran o seu grao de satisfacción persoal entre 9 e 10.

A meirande parte das persoas enquisadas en activo traballan na empresa privada e só o 5% traballan por conta propia. Cabe sinalar que o 77% das persoas que conseguiron empregarse no ámbito dos seus estudos acadárono entre 1 e 6 meses despois de titularse.


A continuación, analízanse os datos obtidos para a poboación que respondeu á enquisa e que se graduou dende 2014 (últimos 5 anos).

Neste colectivo, o tramo de idade máis representativo (91%) é de menos de 30 anos e respondeu unha menor porcentaxe de mulleres (33%) que no caso da poboación completa. Este último dato é chocante xa que contradí a proporción homes | mulleres correspondente a este período de tempo: dende 2014, as mulleres constitúen o 27% do alumnado fronte ao 23% que se rexistra nos datos globais dende 1992.


Respecto á información relativa á inserción e condicións laborais, obtéñense datos non tan favorables para este colectivo. Así, o número de persoas que di estar en activo é menor (63%) que a porcentaxe correspondente a toda a poboación enquisada (81%). Compróbase tamén que a porcentaxe de persoas que din estar traballando ou ter traballado no ámbito dos seus estudos universitarios é menor (64%) que a porcentaxe obtida considerando a poboación global (82%).



A pesar do anterior, mantense moi elevada a taxa de persoas que traballan a tempo completo (94%); igualmente, o tempo transcorrido para encontrar o primeiro emprego na área dos estudos mantense maioritariamente entre 1 e 6 meses. Resulta chocante o feito de que o traballo por conta propia non está representado no colectivo de persoas graduadas dende 2014 que responderon a enquisa. O grao de satisfacción no posto de traballo mantense similar, se ben se detecta un certo aumento nos casos de satisfacción menor de 5.



Outra análise se centra na poboación titulada no Máster en Enxeñaría de Minas. Responderon a enquisa 20 persoas (12 homes e 8 mulleres), todas elas menores de 30 anos. O resultado da análise da situación laboral destas persoas é moi positivo: o 85% das persoas (17 de 20) está traballando na actualidade e todas a tempo completo; desas 17 persoas, 16 conseguiron emprego no ámbito dos seus estudos: 12 persoas na empresa privada e 3 nun organismo público. O tempo transcurrido dende a finalización dos estudos ata a incorporación ao mercado laboral foi moi curto (1 a 6 meses) nun 87% dos casos e, en xeral, o grao de satisfacción máis común é entre 5-8 (60%).



Da análise provisional dos datos recollidos, xunto coa información dos estudos de inserción laboral previos, pódese destacar:

En relación ás persoas egresadas do centro (titulacións LRU e titulacións adaptadas ao EEES):

- Confírmase os resultados relativos á porcentaxe de persoas egresadas que están en activo 83%, das cales un 71% traballan no ámbito dos estudos realizados.
- Un 77% das persoas egresadas conseguiron empregarse no seu ámbito de estudos entre 1 e 6 meses despois de titularse.
- Un dos datos que se recolle no último informe realizado corresponde á dedicación: o 95% das persoas que están en activo traballan a tempo completo.
- En canto ao grao de satisfacción, só un 11% valóralo con menos de 4 puntos e o 34% valóralo entre 9 e 10 puntos.

En relación ás persoas egresadas das titulacións do Grao en Enxeñaría da Enerxía e o Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos cabe sinalar:

- A porcentaxe de persoas que están traballando é do 63% e a porcentaxe de persoas que están traballando no ámbito dos seus estudos é do 64%. Estas cifras son inferiores en comparación cos resultados obtidos para a poboación global, incluíndo as titulacións LRU.
- Mantense a porcentaxe de persoas egresadas que traballan a tempo completo (94%).
- Mantense tamén o tempo transcurrido para acceder ao primeiro emprego no ámbito relacionado cos seus estudos, de 1 a 6 meses.

En relación ás persoas egresadas do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas cabe sinalar:

- O 85% das persoas enquisadas está traballando na actualidade, todas elas a tempo completo, e destas o 95% está traballando nun ámbito relacionado cos estudos do máster.
- O tempo transcurrido dende a finalización dos estudos ata a incorporación ao mercado laboral foi moi curto (1 a 6 meses) nun 87% dos casos.

— O grao de satisfacción é entre 5 e 8 para o 60% e entre 9 e 10 para o 20%.

Finalmente cabe sinalar que a análise detallada dos datos recollidos na enquisa aínda está pendente de tratamento de datos e a análise de forma específica para cada unha das titulacións do centro, dado que os datos se recolleron a finais de 2019.

II.4.2 Noticias de prensa e noticias relacionadas coa actividade académica, de investigación, divulgación e/ou transferencia do centro

A continuación inclúense as noticias de prensa relacionadas coa actividade do persoal docente e investigador, alumnado e persoas egresadas do centro.

Data	Medio	Título (castelán ou galego)
25/09/2018	Faro de Vigo	Minas recupera su "mes cultural" para honrar a Santa Bárbara
07/10/2018	Faro de Vigo	¿Y estudiar eso para qué vale?
11/10/2018	DUVI	Un experimento vigués con pompas de xabón triunfa na final nacional de Ciencia en Acción
18/10/2018	Atlántico	El dieselgate motivó decisiones políticas que no se han valorado bien técnicamente
24/10/2018	DUVI	Begoña Cid, Eduardo Liz e Frank Hilker gañan o XVI Premio Bellman en Biomatemática
29/10/2018	DUVI	A Universidade participa na primeira iniciativa internacional de conservación e restauración da arte urbana
21/10/2018	DUVI	Unha nova forma de gozar de Santa Bárbara
14/11/2018	GCIENCIA	A Sociedade Internacional de Mecánica de Rochas recoñece a Javier Arzúa, da UVigo
22/11/2018	DUVI	O esforzo, a solidariedade e a constancia triunfan na Gala do Deporte Universitario
25/11/2018	El Atlántico	Carlota Sánchez: "Mi familia siempre me animó a hacer lo que quisiera; y no me planteo la vida de otra forma"
02/12/2018	Faro de Vigo	Os premios Santa Bárbara outorgados pola Cámara Mineira de Galicia
02/12/2018	Faro de Vigo	A colección de minerais de Manuel de Sas está xa no "mellor destino que podía ter"
04/12/2018	DUVI	La UVigo, en el debate estatal de universitarios
06/12/2018	DUVI	Reparto de premios no peche de varias semanas de celebración de Santa Bárbara
06/12/2018	Faro de Vigo	Un ingeniero vigués desarrolla un método para depurar agua con microalgas y obtener biodiésel
21/12/2018	Faro de Vigo	La UVigo afina la simulación energética
09/01/2019	RADIO COPE	El arte urbano en el punto de mira de la investigación
22/01/2019	DUVI	Un sistema robotizado mellora a calidade e reduce custes no control de obras de edificación
08/02/2019	Faro de Vigo	Investigadores de la UVigo participan en un proyecto europeo para proteger el arte urbano
12/02/2019	DUVI	150 estudantes da provincia de Pontevedra miden os seus coñecementos xeolóxicos
12/02/2019	DUVI	Unha xornada para ir encamiñando o futuro académico
14/02/2019	Faro de Vigo	Los universitarios captan a futuros colegas
14/02/2019	Atlántico	650 escolares acuden a la Feria de Orientación del Campus de Vigo
19/02/2019	DUVI	A EE de Minas e Enerxía organiza un concurso de fotografía para visibilizar as mulleres nas profesións técnicas
19/02/2019	DUVI	A Universidade participa na creación dun innovador dispositivo de xeolocalización de contedores
20/02/2019	La Voz de Galicia	Minas, energía y un mundo laboral
23/02/2019	DUVI	Tituladas pola Universidade e agora formadas para "inspirar" ás científicas e tecnólogas do futuro
26/02/2019	DUVI	Na procura dunha metodoloxía xeoespacial de baixo custo para unha xestión máis sostible das áreas mariñas
27/02/2019	DUVI	A Universidade proxéctase en Edugal coa súa maior representación nesta feira
28/02/2019	Faro de Vigo	Edugal abre sus puertas como un salón "imprescindible" en la oferta educativa
06/03/2019	DUVI	Imaxes que rachan cos estereotipos de xénero na enxeñaría de minas e da enerxía
07/03/2019	DUVI	A Universidade participa nun proxecto que consegue reducir o impacto ambiental das caldeiras domésticas de biomasa
08/03/2019	COPE radio	Día Internacional de las mujeres. La directora de la EEME Elena Alonso realiza un análisis de la participación de la mujer en las carreras técnicas

15/03/2019	DUVI	A directora xeral de Investigación e Innovación defende en Vigo a necesidade de potenciar o papel das OTRIs
20/03/2019	DUVI	O concurso 'Eme_Pakuxa' busca mellorar as técnicas de improvisación oral da comunidade universitaria
20/03/2019	Atlántico Diario	Minas e Enerxía organiza un concurso para mellorar a improvisación oral
21/03/2019	DUVI	A Olimpíada de Minas reúne no campus 150 estudantes
21/03/2019	GCiencia	Crean na UVigo un dispositivo que captura e almacena CO2
22/03/2019	Faro de Vigo	Un dispositivo permite capturar y almacenar CO2
01/04/2019	DUVI	Os indicios de ocupación prehistórica afloran tralas pinturas rupestres de Vilardevós
03/04/2019	DUVI	20 diapositivas, 20 segundos e unha oportunidade para destacar na improvisación oral
26/03/2019	La Nueva Crónica	Sesenta alumnos de ingeniería estudian tecnología en túneles en la Mina Escuela
26/04/2019	DUVI	Vigo, representada no Cartel de Minas que se celebra en Albi
29/04/2019	DUVI	Ester Navarrete e Borja Jerónimo García reinan na HappyGoRunning-Cidade Universitaria
04/05/2019	Faro de Vigo	Guláns celebra la Feira de Minerías e Fósiles
08/05/2019	Faro de VIGO	La Universidad se suma a las celebraciones del Geolodía con una subida a Santa Tegra
13/05/2019	DUVI	Preto de 150 persoas participaron en Santa Trega no Geolodía 19
27/05/2019	La Voz de Galicia	El reto del científico es usar el conocimiento para resolver problemas
31/05/2019	DUVI	A Universidade abrirá as súas portas ao alumnado de ensino medio e ás súas familias do 18 ao 20 de xuño
18/06/2019	Faro de VIGO	Minas y Energía "ficha" a futuros alumnos
18/06/2019	Faro de VIGO	Un método de limpieza de granito mediante láser aplicado con éxito en uno de los templos de la Acrópolis de Atenas
18/06/2019	Faro de VIGO	Innovación junto con empresas gallegas para crear un sistema de refrigeración más eficiente, limpio e inocuo
19/06/2019	DUVI	Buscando mozas e mozos con vocación mineira e enerxética
20/06/2019	DUVI	O futuro decídese no campus
01/07/2019	DUVI	Catro novas promocións de tituladas e tituladas abandonan as aulas da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía
11/07/2019	DUVI	Nove días en Londres, Boston e Nova York co programa 'Movers by FUE' que recoñece o mellor alumnado en prácticas
31/07/2019	Faro de Vigo	Reganosa busca una decena de ingenieros recién titulados
29/08/2019	La Voz de Galicia	¿Qué estudio para encontrar trabajo? La FP tiene hoy una mayor inserción

III. Análise de resultados das titulacións do centro. Seguimento das titulacións

III.1 Criterio 1. Organización e desenvolvemento

Estándar: o programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizouse conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do alumnado

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

✓ Panel de indicadores do SGIC. Centro

"I01-DO Seguimento das titulacións". Os resultados de seguimento dos graos e titulacións de máster impartidos no centro son todos conforme/favorable.

"I02-DO Acreditación das titulacións". Os graos en Enxeñaría da Enerxía e en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos recibiron informe favorable de renovación da acreditación con data 24 de maio de 2016. No curso 2017/18 o Máster Universitario en Enxeñaría de Minas someteuse ao proceso de renovación da acreditación e obtivo informe favorable con data 3 de setembro de 2018.

Aínda que se recibiron informes favorables en todas as titulacións do centro considérase oportuno sinalar que nos devanditos informes sinalábase a conveniencia de levar a cabo algunhas accións que poderían supoñer modificación das titulacións. Por este motivo no IRPD do 2017/18 declarouse como acción de mellora revisar con detalle o contido dos informes, xunto coas evidencias do SGIC rexistradas desde a renovación da acreditación para os graos e valorar se procedía habilitar o procedemento de modificación das titulacións. Esta acción de mellora realizouse e procedeuse a recoller e revisar información das seguintes fontes:

- Recollida de información: persoas egresadas, entes empregadores e alumnado (por cada titulación e a través de mail ou enquisas). Preguntouse que aspectos se identificaban como puntos fortes e débiles e que suxestións propoñían para mellorar as titulacións.
- Revisión da información recollida nos informes do PAT
- Revisión dos resultados das enquisas de satisfacción das titulacións (alumnado, persoas egresadas, profesorado).
- Revisión do contido das evidencias do SGIC relativas ao desenvolvemento das titulacións
- Revisión do programa Selo EURACE e condicións para a súa obtención

Unha vez revisada a información completa, identificáronse os obxectivos do proceso de modificación para as titulacións do centro:

- Integrar os resultados da análise de datos dispoñibles (informes SGIC, información empresas, persoas egresadas, alumnado, PDI)
- Facer un plantexamento da formación integral Grao-Máster e axustar e reorganizar contidos nos plans de estudos
- Revisar o acceso das persoas egresadas do Grao en EE ao Máster en Enxeñaría Industrial
- Obter o Selo EURACE para as tres titulacións (dúas de grao e a titulación do máster) no futuro

Como resultado desta análise planificouse o proceso de modificación das titulacións do centro, grao e máster, proceso que se levou a cabo ao longo do curso 2018/19 para as titulacións de grao e que está previsto finalizar dous anos máis tarde para a titulación de máster. Polo tanto a acción de mellora completouse para as titulacións de grao e implantáronse os títulos modificados no curso 2020/21. No caso da titulación do máster, planificouse realizar a modificación da titulación ao longo do ano 2020/21, polo que se declara de forma específica a acción de mellora para esta titulación.

Cabe sinalar que o proceso de modificación dos graos comezou e desenvolveuse na maior parte no curso 2018/19, pero os prazos do proceso completo, no que participan o centro, servizos e unidades centrais da Universidade (Área de Calidade, Área de Estudos de Grao, Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado), Consellería de Educación, Universidades e FP, ACSUG e o Ministerio de Educación, remata no curso 2019/20. Todas as evidencias relativas a este proceso figuran nas correspondentes actas da Comisión de Calidade e Xunta de Escola do curso 2018/19 e no rexistro do SGIC *"R1 DO0101 P1 Acta de Comisión de Calidade sobre a modificación dunha titulación"* (de cada unha das titulacións de grao).

Por outra banda, e en coherencia co compromiso do centro na construción de valores igualitarios, un dos obxectivos a nivel de centro, e polo tanto aplicable a todas as titulacións é aumentar o número de mulleres na matrícula de novo ingreso. Cabe sinalar que a media de porcentaxe de mulleres matriculadas no ámbito da enxeñaría en Europa é do 23%, e a porcentaxe de matrícula de novo ingreso no grao de Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos é de 20% e no Grao en Enxeñaría da Enerxía 32% (datos do curso 2018/19). Considérase axeitado formular unha acción de mellora co obxectivo de incrementar a captación de mulleres para a titulación, que teña como obxectivo incentivar vocacións en nenas e mozas no ámbito da enxeñaría

A avaliación e análise de resultados do resto do epígrafe deste criterio inclúense desagregados por titulacións.

Puntos débiles detectados: Solape de contidos e competencias entre nivel de grao e máster nas titulacións do centro Baixa porcentaxe de mulleres nas titulacións (nos dous graos e no máster)	Accións de mellora a implantar: Habilitar o procedemento de modificación da titulación do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas e facer un deseño integral Implementar accións de captación de mulleres para todas as titulacións do centro
Evidencias nas que basea a valoración: E1: Memorias vixentes das titulacións E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora E3: Perfil de ingreso do alumnado (grao) E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico) E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.). QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza	
Indicadores nos que se basea a valoración: I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescripción I2: No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...) I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza. I01-AC: Nota media de acceso e I01(2)-AC: Nota mínima de acceso I02-AC: Ocupación, I03-AC: Preferencia, I03(2)-AC: Adecuación	

III.2 Criterio 2. Información e transparencia

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e se atopa dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de interese).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración

O informe de queixas, suxestións e parabéns recolle as QSP relacionadas co centro. Ao longo do curso 2018/19 presentáronse 12 QSP. Todas foron aceptadas e atendidas. Preséntanse a continuación os gráficos que resumen os resultados recollidos nas QSP recibidas durante o curso 2018/19.



Rexistrouse un descenso significativo no número de QSP recibidos (de 22 no curso 2016-17 e 17 no 2017-18 a 12 no 2018-19). En canto á súa distribución por tipo, o 67% están rexistradas como relativas á docencia aínda que os contidos dalgunha delas non se axustan especificamente a este ítem (Delegación de Alumnado, participación en eventos, web...). Tamén se rexistraron como relativas á administración unhas queixas sobre infraestruturas do centro.

Considérase oportuno sinalar que na actualidade, o SGIC do centro non recolle nin ten coñecemento das QSP que se reciben relativas aos servizos académicos, administrativos e de infraestruturas do centro (infraestruturas compartidas con outros centros), dado que se trata de aspectos que non dependen unicamente do centro. No IRPD 2017/18 declarouse algunha acción de mellora para establecer unha sistemática de acceso á información das devanditas QSP. A acción de mellora levouse a cabo, solicitándose información á Área de Calidade sobre se procede ou non recoller dita información, valorala e incorporala ao rexistro de evidencias do SGIC do centro (procedemento PA08 Xestión dos Servizos ou o novo procedemento IA01 Xestión dos recursos materiais e dos servizos, que o substitúe dende a súa aprobación en decembro de 2019). Na revisión da acción de mellora recóllese a información proporcionada pola Área de Calidade.

		2018-2019		2017-2018		2016-2017	
Clasificación	Suxestión	1	8%	4	24%	7	32%
	Demanda	0	0%	1	6%	0	0%
	Queixa	11	92%	11	65%	12	55%
	Total computables	12	100%	16	94%	19	86%
	Solicitudes	0	0%	1	6%	2	9%
	Non clasificable	0	0%	0	0%	1	4%
	Total	12	100%	17	100%	22	100%
Tipo de reclamación	Docencia	8	67%	16	94%	17	77%
	Administración	4	33%	1	6%	5	23%
	Infraestruturas	0	0%	0	0%	0	0%
	Outros	0	0%	0	0%	0	0%
	Total	12	100%	17	100%	22	100%

Cabe destacar a pronta resposta dada as QSPs mellorando o tempo medio de resposta dos cursos anteriores (do 63% ao 92% de QSP respondidas en prazo)

QSP - Últimos 3 cursos	Resultado curso 18/19	Resultado curso 17/18	Resultado curso 16/17
Tempo medio resposta	8	11	13
% respondidas en prazo	92%	63%	63%
Pendente de resposta	0	0	0

A valoración que se fai é positiva xa que indica que o alumnado e profesorado coñece as canles de QSP, que todas elas son recibidas en tempo e que son atendidas dentro dos prazos establecidos nun 92%.

No relativo á visibilización das actividades do centro, cabe sinalar que o número de noticias en prensa escrita e radio aumentou desde o curso 2017/18 de 31 a 58, feito que se valora positivamente.

En relación á información na páxina Web, cabe sinalar que se identificou a necesidade de reestruturar a información na web, para dar cabida a información sobre actividades novas que se están a desenvolver no centro, principalmente as relativas ás actividades de divulgación e difusión e actividades dirixidas de forma específica para os centros de ensino secundario e bacharelato. Declárase por tanto unha acción de mellora co obxectivo de dispoñer dunha páxina web mellor estruturada e que permita un acceso sinxelo aos contidos para este colectivo. Tamén se inclúe dentro desta acción de mellora habilitar espazos específicos para igualdade e actividade de persoas egresadas do centro.

Redes sociais

En relación á actividade en Redes Sociais durante o curso 2018-2019, incrementouse a actividade, o que conleva unha maior interacción cos seguidores. As redes sociais empregadas son Instagram, Facebook, Twitter e LinkedIn. Ademais tamén se emprega a canle Youtube da Escola.

É importante indicar que se realizou un cambio respecto á estratexia publicitaria de anos anteriores; pasouse de seguir a perfís con gran cantidade de seguidores (personaxes públicos ou *instagramers* da zona de Vigo, Galicia, etc.) cunha gran interacción coa mocidade pero sen unha relación directa co noso sector, a colexios, bibliotecas, institutos e centros de formación profesional. Isto permitiu chegar mellor ao noso público obxectivo: estudantado e/ou centros de formación profesional que necesiten información sobre titulacións de enxeñaría.

Respecto a Facebook, durante o curso 2018-2019, incrementouse o número de seguidores en algo máis de 100. Os *posts* do centro foron visualizados por 352 persoas de media, obtendo ao redor de 11 reaccións por *post*. Os *posts* relacionados coa vida cotiá na Escola ou coa celebración de concursos, preparación de feiras de orientación universitaria, etc. foron os máis visualizados.

Con respecto ao curso 2017-2018, crece un 10% a base de seguidores e os contidos que mellor funcionan son os relacionados coa Escola, noticias acerca de recursos naturais e enerxías renovables e ofertas de traballo.

Instagram foi a rede social que mellores resultados tivo no 2018-2019, pechando o curso 2018-2019 con un incremento do 40% de seguidores con respecto ao curso anterior.

Con respecto a LinkedIn, rede empregada co obxectivo de manter contacto coas persoas egresadas, experimentouse un aumento de 100 seguidores, o que supón un incremento de 30% con respecto ao curso 2017-2018. Os datos de recomendacións e interacción, nesta última a media é case o dobre que no período anterior e máis estable.

En Twitter, a actividade centrouse en encher as noticias e eventos da Escola e produciuse un incremento de 50 seguidores.

Como conclusión xeral, o resultado das redes sociais foi adecuado xa que conseguiu incrementarse a interacción co público obxectivo tal e como o confirman os incrementos de seguidores en todas as redes sociais. Durante este curso, fíxose unha aposta por manter a publicación de noticias máis formais provenientes de xornais e páxinas web relacionadas con enerxía, materiais e medio ambiente, pero ademais publicáronse vídeo de contido máis distendido e sobre a vida diaria na Escola e déuselle protagonismo aos nosos estudantes publicando noticias e *posts* relacionadas con eles, como premios, investigación, etc.

A avaliación e análise de resultados do resto do epígrafe deste criterio inclúense desagregados por titulacións.

Puntos febles detectados:

Dificultade para incluír contidos sobre novas actividades do centro, de forma específica a relativas a actividades de divulgación, difusión para centros de ESO, bacharelato e FP e igualdade

Accións de mellora a implantar:

Revisar a estrutura de contidos da páxina web do centro

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II)

R1- DO0301P1: Plan operativo de información pública

QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.

III.3 Criterio 3. Sistema de Garantía de Calidade

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen la valoración

I01-MC Certificación da Implantación do Sistema de Garantía de Calidade (CISGC). A escola participou na primeira convocatoria 2013/2014 do Programa FIDES-AUDIT para avaliar a implantación do Sistema de Garantía Interna da Calidade (SGIC) do centro, recibindo a certificación por parte da axencia o 07/10/2014.

O 15 de novembro de 2017 presentouse a ACSUG a documentación para a realización do preceptivo seguimento da certificación do Sistema de Garantía de Calidade, elaborada conxuntamente pola Comisión de Garantía Interna de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía e a Área de Calidade da UVigo. O 5 de marzo de 2018 recibíuse o Informe favorable, coa indicación de que todas as accións incluídas no plan de melloras teñen que ser implantadas.

O 17 xullo de 2018 foi aprobado na Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA) o Procedemento de Acreditación Institucional de Centros de ACSUG. Este novo procedemento implica que os Centros que cumpran os requisitos establecidos na Resolución de 7 de marzo de 2018, poderán solicitar a acreditación institucional do centro, o que suporá unha simplificación do procedemento de renovación dos títulos, xa que os centros que estean en disposición de obter esta acreditación institucional, renovarán a acreditación de todos os seus graos e titulacións de máster oficiais de xeito automático, sen necesidade de someterse ao procedemento convencional establecido no Real Decreto 1393/2007. O centro cumpre os requisitos para solicitar a acreditación institucional, polo que procederase a solicitar a acreditación institucional no momento no que se habilite formalmente o procedemento de solicitude. O 26 de setembro de 2018 abriuse o prazo para solicitar a Acreditación Institucional á ACSUG e a resolución coa aprobación da Acreditación Institucional da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía foi publicada o 28 de xaneiro de 2019.

Cabe sinalar que a última actualización do documento "*Política e Obxectivos de Calidade do centro*" foi realizada o 16 de decembro de 2016 e é aplicable aos cursos 2017/18 e posteriores. Non obstante, considérase necesario realizar unha revisión e actualización dos obxectivos de calidade do centro con dous obxectivos: actualizar os valores obxectivo de algúns indicadores e incluír indicadores novos que se consideran relevantes: (i) grao de satisfacción de empregadores/as, (ii) participación do alumnado nas enquisas de avaliación docente, (iii) grao de satisfacción do alumnado coa actividade docente do profesorado, (iv) grao de satisfacción coas prácticas externas, (v) grao de satisfacción co TFM, entre outras. Declárase por tanto unha acción de mellora con este obxectivo.

A avaliación e análise de resultados do resto do epígrafe deste criterio inclúense desagregados por titulacións e, de forma específica, seguindo as recomendación do "*Informe para a revisión interna do seguimento de centros e de titulacións oficiais de grao e mestrado*" do IRPD do 2017/18, inclúese para cada titulación a valoración dos resultados das enquisas de satisfacción para todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade.

Puntos febles detectados:

Identificouse a necesidade de revisar e actualizar a política e obxectivos de calidade do centro

Accións de mellora a implantar:

Actualización da Política e Obxectivos de Calidade do centro

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E5: Actas das reunións celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade

E10: Documentación do SGC (Política, obxectivos de calidade, manual e procedementos)

E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública)

E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade

I5: Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro

III.4 Criterio 4. Recursos humanos

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración

En relación aos resultados no programa DOCENTIA quinquenal cabe sinalar que os últimos datos dispoñibles corresponden aos resultados do curso 2017/18. No relativo ao profesorado avaliado polo programa DOCENTIA quinquenal a porcentaxe de 1.53% está calculada co número de profesores do centro que participou na convocatoria quinquenal da UVIGO sobre o total de participantes, e non se proporciona información desagregada por titulacións. Cabe sinalar que, aínda que a participación foi baixa, os resultados acadados no programa DOCENTIA foron de 67% moi favorable e 33% favorable, resultados que se valoran como moi bos.

O centro non dispón dos datos de resultados da II Convocatoria do programa DOCENTIA quinquenal que corresponderían ao curso 2018/19. Cabe sinalar, non obstante, que a porcentaxe de participación se calcula sobre o total do profesorado avaliado na Universidade, polo que efectivamente o feito de ter un cadro de profesorado pequeno no centro, en comparación con outros centros da Universidade, xustifica en parte a baixa porcentaxe. De feito, en base aos datos do *"Informe de Resultados Definitivos"* do Programa para a Universidade, as máximas porcentaxes de participación (superior ao 10%) corresponden á EE Industrial (12,24%), Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais (11,22%) e Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo (10,20%), que son precisamente os centros que teñen maior número de profesorado da Universidade. Considérase que este indicador I9 da ACSUG non é unha medida axeitada da participación do programa DOCENTIA e que, para complementalo, sería útil que no *"Informe de Resultados Definitivos"* do DOCENTIA quinquenal se proporcionasen outros tipos de porcentaxes (análises por titulación, "participación relativa": porcentaxe de profesorado avaliado do centro ou titulación sobre o número total de profesorado do mesmo...) que permitan unha análise máis exhaustiva dos datos. Tampouco parece axeitado que se inclúa este indicador a valorar por titulación, cando o dato se proporciona por centro.

Non obstante si se considera axeitado declarar unha acción de mellora para incentivar a participación no programa DOCENTIA por parte do profesorado do centro e trasladar aos responsables da xestión do programa DOCENTIA quinquenal na Universidade as suxestións anteriormente comentadas, para a súa valoración.

En relación á formación do PAS e tendo en conta o indicador *"I017-PE Porcentaxe de PAS en formación, I017(2)"*, se observa que este diminuíu lixeiramente desde o 78.75% ao 65.61%, valor inferior ao indicador obxectivo (80%). Cabe sinalar que a formación do PAS non depende directamente do centro, polo que non é posible declarar unha acción de mellora ao respecto. De feito, lémbrese que no IRPD do curso 2017/18 xa se declarou unha acción de mellora consistente en comunicar este feito á Área de Calidade, para que se valorase se é procedente manter no IRPD a valoración dun epígrafe sobre o que o centro non ten marxe de actuación ou se estude onde resulta máis axeitado realizar a valoración correspondente á formación do PAS.

A avaliación e análise de resultados do resto dos epígrafes deste criterio inclúense desagregados por titulacións (cualificación do PDI, resultados de investigación de carácter académico –sexenios–, evolución de indicadores de mobilidade, participación de profesorado en plans de formación, resultados das enquisas de avaliación docente e enquisas de satisfacción coa titulación).

Puntos febles detectados:

Baixa participación do profesorado no Programa DOCENTIA Quinquenal

Accións de mellora a implantar:

Incentivar a participación do profesorado do centro, das tres titulacións no programa

Evidencias nas que se baseou valoración:

E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve

E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.)

R2-PE02 P1: Informe para os responsables académicos (DOCENTIA)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente resultados da enquisa de satisfacción do PAS e PDI

I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas

I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas.

I8: Resultados das enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución

I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos

I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)

I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

I02-PE: Cualificación do PDI

I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico (sexenio)

I03(2)-PE: Profesorado por categoría

III.5 Criterio 5. Recursos materiais e servizos

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición do estudantado son os axeitados ás necesidades do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración

A avaliación e análise de resultados deste criterio inclúense desagregados por titulacións

III.6 Criterio 6. Resultados de aprendizaxe

Estándar: Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración

A avaliación e análise de resultados deste criterio inclúense desagregados por titulacións.

III.7 Criterio 7. Resultados de satisfacción e rendemento

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados adecúanse ás previsións e características do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración

A avaliación e análise de resultados deste criterio inclúense desagregados por titulacións.

IV. Estado de situación das accións de mellora propostas en informes anteriores

Procedeuse a revisar todas as accións de mellora que estaban declaradas en plans de mellora previos, contidos ben en informes de seguimento, ben nos Informes de Revisión pola Dirección. Dado que o formato de presentar e declarar as accións de mellora cambiou nos últimos anos (algunhas estaban declaradas por titulacións, outras por centro e outras estaban declaradas de forma diferente dúas veces), no IRPD do curso anterior procedeuse a recoller todas as accións de mellora, reenumeralas e actualizar o estado en que se atopan en relación ao desenvolvemento das mesmas.

Nº	Curso	Descrición da acción de mellora	Situación do desenvolvemento			
			Rematada	Proceso	Non iniciada ou non procede	Observacións
C01	2017/18	Revisar o contido dos informes de renovación da acreditación e evidencias do SGIC e valorar se procede ou non a modificación dos graos do centro.	X			Fíxose esta acción como punto de partida para a modificación das titulacións, que se levou a cabo ao longo do curso 2018/19
C02	2017/18	Tal como está deseñado o sistema de QSP na Universidade non existe unha sistemática que traslade ao centro o contido de QSP asociados aos servizos centrais (académicos, administrativos e infraestruturas, servizos compartidos con outros dous centros da Universidade). A acción de mellora implica Comunicar á Área de Calidade esta circunstancia e solicitar se valore si procede ou non recoller dita información, valorala e incorporala ao rexistro de evidencias do SGIC do centro.	X			Comunicouse aos servizos responsables esta circunstancia e recibíuse resposta (información detallada na plataforma)
C03	2017/18	Inclúese como epígrafe de valoración do centro a formación do PAS, cando se trata dun aspecto que non depende directamente do centro, polo que non é posible, de ser necesario, declarar ningunha acción de mellora. A acción de mellora implica comunicar á Área de Calidade esta circunstancia, para que se valore como e onde resulta máis axeitado realizar a valoración correspondente á formación do PAS	X			Comunicouse aos servizos responsables esta circunstancia e recibíuse resposta (información detallada na plataforma)
PM1	CISGC 2017/18 ⁸	Intensificar a integración da Comisión de Calidade como órgano de participación, debate e valoración das cuestións que lle competan	X			A Comisión de Calidade participa activamente, dinamizando a xestión da calidade do centro. Cabe sinalar a boa valoración da xestión da calidade por parte dos colectivos de interese e da información pública sobre a xestión da calidade na web do centro.
PM2	CISGC 2017/18	Redefinir e integrar no SGIC os procesos PE02, PA05, PA06 relacionados coa xestión do persoal (PDI e PAS)	X			Procedeuse a redefinir os procedementos e rexistrar as evidencias asociadas

⁸ Accións de mellora procedentes do proceso da Certificación da Implantación do Sistema de Garantía de Calidade. A información detallada e a xustificación do seu cumprimento está dispoñible na plataforma de xestión do SGIC do centro.

PM3	CISGC 2017/18	Correcta implantación do procedemento PA07 sobre xestión dos recursos materiais	X			Procedeuse a rexistrar as evidencias da implantación do procedemento
PM5	CISGC 2017/18	Redefinir e desenvolver obxectivos de calidade, conforme a unha estratexia de mellora continua	X			A actualización dos obxectivos de calidade realizouse trala recollida de datos e análise previo ao proceso de modificación das titulacións
PM6	CISGC 2017/18	Continuar habilitando medidas para aumentar a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción	X			Os datos de participación nas enquisas de satisfacción aumentaron
PM10	CISGC 2017/18	Usar unha aplicación informática de xestión do SGIC máis amigable e intuitiva	X			No curso 2017/18 púxose en marcha a nova plataforma de xestión documental do SGIC

V. Listaxe de accións de mellora propostas

Número	Punto débil detectado	Accións de mellora	Observacións
C04 ⁹	Necesidade de deseñar un proxecto formativo integral no ámbito da enxeñaría de minas e enerxía, desde o nivel de grao ata o nivel de máster	Habilitar o procedemento de modificación da titulación do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas	
C05	Dificultade para incluír contidos sobre novas actividades do centro, de forma específica as relativas a actividades de divulgación, difusión, igualdade e persoas egresadas do centro	Revisar a estrutura de contidos da páxina web do centro	
C06	Identificouse a necesidade de revisar e actualizar a política e obxectivos de calidade do centro (revisar valores meta e incluír valores obxectivo outros indicadores que non teñen definida meta)	Actualización da "Política e Obxectivos de Calidade do centro"	
C07	Baixa porcentaxe de mulleres nas titulacións do centro	Incentivar vocacións no ámbito STEM en nenas e mozas	
C08	Baixa participación do profesorado no programa DOCENTIA Quinquenal	Incentivar a participación do profesorado	

⁹ As accións de mellora declaradas a nivel de centro identifícanse co código C seguido dun número

Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos

II. Resultados acadados

II.1 Rexistro de resultados do panel de Indicadores do SGIC

Panel de indicadores			¿Existe meta de calidade asociada aos obxectivo de calidade do centro?	Resultado Curso 18-19	Resultado Curso 17-18	Resultado Curso 16-17
Código SGC	Código ACSUG	Descrición				
I02-MC	I4	Grao satisfacción estudiantado	Si: >3	3.92	3.18	3.21
I03-MC	I4	Grao satisfacción profesorado	Si: >3	4.30	Sen datos	4.17
I04-MC	I4	Grao satisfacción persoas tituladas	Si: >3	3.94	3.42	3.01
I06-MC	I4	Grao satisfacción empregadores/as		Sen datos	Sen datos	3.3
I01-AC		Nota media de acceso ¹⁰	Non hai meta	9.122 (Anexo I)	8.531	6.423
I01(2)-AC		Nota mínima de acceso	Si: >7	6.36	5.170	5.130
I02-AC		Ocupación	Si: 60%	16%	26%	38%
I03-AC		Preferencia	Si: 50%	14%	26%	34%
I03(2)-AC		Adecuación	Si: 50%	75%	92%	74%
I04-AC	I1	Matrícula de novo ingreso por preinscrición (evolución do estudiantado matriculado en cada curso a académico)	Si: 30	8	13	19
I03-DO	I8	Participación do alumnado nas enquisas de avaliación do profesorado (Enquisas de Avaliación Docente EAD)	Non hai meta	29.04% ¹¹	14.10%	43.23%
I04-DO	I8	Grao de satisfacción do estudiantado coa actividade docente do profesorado (EAD)	Non hai meta	4.49	3.89	3.95

¹⁰ Como hai colectivos de acceso con diferentes referencias de puntuación máxima, non ten sentido facer a media global. Por este motivo, tomouse como nota de referencia a media do acceso prioritario (a información completa recóllese no Anexo I).

¹¹ Considérase oportuno sinalar que a porcentaxe de participación do alumnado nas EAD para o Grao ERME está vinculado só ao profesorado que é específico dese grao, polo que non contempla a participación do alumnado do Grao ERME que realizou as EAD do profesorado das materias compartidas co Grao EE.

I05-DO		Grao de satisfacción do estudantado coa planificación e desenvolvemento do ensino	Si: >3	3.32	2.82	3.09
I06-DO		Grao de satisfacción do profesorado coa planificación e desenvolvemento do ensino	Si: >3	4.38	Sen datos	4.18
I07-DO		Grao de satisfacción das persoas tituladas coa planificación e desenvolvemento do ensino	Si: >3	3.62	3.15	2.98
I08-DO		Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas	Non hai meta	Sen datos	Sen datos	Sen datos
I09-DO	I3	Estudantes que participan en programas de mobilidade internacionais	Non hai meta	0	1	1
I09(2)-DO		Estudantes estranxeiros que participan en programas de mobilidade internacionais	Non hai meta	6	6	2
I010-DO		Duración media dos estudos	Si: ≤5	5.76 ¹²	5.32	5.11
I011-DO		Taxa de rendemento	Si: >50%	47.71%	45.95%	52.36%
I012-DO		Taxa de abandono	Si: <15%	52.63%	66.67%	44.44%
I013-DO		Taxa de eficiencia	Si: >80%	72.29%	76.48%	80.68%
I014-DO		Taxa de graduación	Si: >20%	13.89%	12.77%	20.51%
I015-DO		Taxa de éxito	Si: >80%	74.71%	67.67%	68.60%
I016-DO		Tempo medio para atopar emprego	Non hai meta	Sen datos	Sen datos	Sen datos
I017(2)-PE	I6	Profesorado en programas de formación ¹³ (sen profesorado de materias comúns)	Non hai meta	3	5	4
I02-PE		Cualificación do PDI ¹⁴ (doutores sobre total)	Si: mellorar datos actuais	64.71% (Anexo II)	64.52%	56.67%
I03-PE		Resultados de investigación de carácter académico (sexenios sobre sexenios potenciais) ¹⁵	Si: >60%	100.00% (Anexo III)	82.05%	83.33%
I03(2)-PE		Profesorado por categoría ¹⁶	Catedrático	2	2	2
			Titular	8	9	8
			Contratado Doutor	3	2	3

¹² Cabe sinalar que os datos de duración media dos estudos non están ben calculados no Portal de Transparencia porque fan a media dos valores obtidos por xénero sen ter en conta a porcentaxe real de cada xénero no colectivo. Os valores recollidos na táboa, para os tres cursos, foron calculados tendo en conta a porcentaxe real de cada xénero no colectivo.

¹³ Considérase oportuno sinalar que este indicador recolle só o profesorado da titulación que non imparte docencia nas materias comúns ao Grao EE. O mesmo problema identificouse en todos os indicadores relativos ao profesorado da titulación, polo que se indica en cada ítem no que se dea esta circunstancia.

¹⁴ Os datos non contemplan o profesorado das materias comúns ao Grao EE.

¹⁵ Os datos non contemplan o profesorado das materias comúns ao Grao EE.

¹⁶ Os datos non contemplan o profesorado das materias comúns ao Grao EE.

		Axudante Doutor	1	1	
		Asociado	11	13	12
		Contratado FPI	1	1	
		Contratado FPU			1
		Postdoutor Xunta mod. A	2	1	
		Contratado Predoutor UVigo	2		
		Non aplicable	4	2	4
		Totais	34	31	30
		Táboa desagregada	Anexo IV		

II.2 Rexistro de resultados dos indicadores específicos do seguimento establecido por ACSUG

Indicadores de Seguimento				Resultado 18-19	Resultado 17-18	Resultado 16-17
E3	I2	Perfil de ingreso do alumnado (grao)	Bacharelato	7	12	17
			Homolog. Bacharelato			2
			FP		1	1
			Grao en....	1		
			Maiores 25 Anos			
			Detalles: Anexo V /Total	8	13	20
I9		% de profesorado do título avaliado polo programa DOCENTIA (quinquenal)		11/12-15/16 Resolución pendente	10/11-14/15 3 (1.53% ¹⁷)	O programa non estaba operativo
I10		Nº e % de profesorado que participa en programas de mobilidade	Nº	0	1	0
			%	0.00%	3.23%	
I11		Distribución do alumnado por centro de prácticas	Nome da empresa /entidade	18/19	17/18	16/17
			ACLUXEGA	1		1
			AGRO SAN VICENTE			1
			CANTERAS RIOMIÑO S.A.			1
			CONCELLO DE BURELA			1
			CONCELLO DE REDONDELA		1	
			CORPORACIÓN NOROESTE, SA	1		
			EMENASA INDUSTRIA Y AUTOMATISMO, S.A.			1
			ENDESA GENERACIÓN S.A.			1
			ENMACOSA CONSULTORÍA TÉCNICA, S.A.		1	
			ESMIN	1	1	
			FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓGICO DO GRANITO	1		1
			INSTITUTO TECNOLÓGICO DE GALICIA (ITG)			1
			MAGALLANES RENOVABLES	1		
			NAVANTIA SA			1
			NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU	1		
			OHMIUM INGENIERÍA INDUSTRIAL, S.L.			1
			PEDRA INGENIERÍA, S.L.	2	1	
			REPSOL S.A.			1
			STRATEGIC MINERALS SPAIN SL	1		
			VOLADURAS MÍGUEZ, S.L.			1
			Total	9	4	12

¹⁷ Considérase oportuno sinalar que o dato corresponde á avaliación do programa DOCENTIA quinquenal do período 10/11 a 14/15 do profesorado do centro, non da titulación.

I14	Resultados de inserción laboral	Consultar datos no seguinte enlace https://secretaria.uvigo.gal/uv/Web/tranparencia/grupo/show/5/69			
I15	Media de alumnos por grupo de docencia	Tamaño grupos A	33	42	43
		Tamaño grupos B	13	16	16
		Tamaño grupos C	9	12	13
		<i>Media por materias</i> ¹⁸			

¹⁸ Os datos que se presentan calculáronse en función dos datos reais de matrícula (número total de alumnado por materia) e número de grupos do curso 2018/19, e corresponden ao tamaño medio de grupo por materia.

II.3 Resultados das enquisas de satisfacción das titulacións oficiais

As enquisas de satisfacción coa titulación dos diferentes colectivos poden consultarse na ligazón http://calidade.uvigo.es/calidade_gl/alumnado/enquisas_alumnado/ e na web da Universidade de Vigo, e se realizan nas seguintes condicións:

- As enquisas de satisfacción coa titulación dos estudantes realízanse todos os anos (nos graos ao alumnado de primeiro e terceiro curso e nas titulacións de máster só unha vez, ao alumnado do primeiro curso).
- As enquisas de satisfacción coa titulación do profesorado realízanse en cursos alternos, por iso é polo que se dispoñe de datos de satisfacción do profesorado dos cursos 2016/17 e 2018/19.
- Realízanse dúas enquisas de satisfacción a titulados: enquisa de satisfacción coa titulación (no curso seguinte ao de finalización dos estudos) e de inserción laboral (realízase desde ACSUG nos dous cursos seguintes ao de finalización dos estudos).
- As enquisas de satisfacción a empregadores/as realízanse anualmente. Cabe sinalar que non hai datos que correspondan a esta titulación.
- En canto á enquisa de satisfacción do PAS só se dispoñe dos resultados dos cursos 2018/19 e 2015/16 e van vinculados ao global do centro, desagregando soamente por tipo de ensinanza (grao ou máster); polo tanto non se dispoñe de datos desagregados por titulacións.

Tamén cabe sinalar que, aínda que o formato das enquisas non cambiou, si que cambiou o nivel de información pública dos resultados. Por iso é polo que a partir do curso 2014/15 dispónse de resultados por epígrafes (ítems) e sub-epígrafes (sub-ítems), polo que a información proporcionada é máis completa e permite precisar máis a análise.

	Resultados de participación	Satisfacción xeral curso 18-19	Ítems/ epígrafes mellor valorados	Ítems/ epígrafes peor valorados
Alumnado	55% (anterior 21%)	3,92 (anterior 3,18)	“As canles de participación na mellora da titulación (caixa de queixas, suxestións e parabéns, delegación de alumnos, participación nas comisións, comunicación cos responsables da titulación...)” (4,5)	“A orientación académica recibida no plan de acción tutorial” (2,75)
			“A atención do persoal de administración e servizos do centro” (4,67)	“A cantidade de prácticas realizadas nas materias da titulación” (2,5)
Profesorado ¹⁹	58,82% (anterior 66,67% no 16/17)	4,30 (anterior 4,17 no 16/17)	“A información dispoñible sobre o desenvolvemento do ensino e a avaliación das aprendizaxes (horarios, calendario das probas de avaliación, actividades, cambios ...)” (4,79)	“A orientación profesional e laboral ao estudiantado da titulación” (3,89). Cabe sinalar que é o único ítem con valoración inferior a 4.
			Outros 5 ítems teñen unha valoración de máis de 4,50 (preguntas 1, 5, 8, 15 e 23)	
Persoas tituladas	22% (anterior 13%)	3,94 (anterior 3,42)	“A utilidade das prácticas académicas externas, de ser o caso” (5)	“A orientación profesional e laboral” (2,5)
			Outros 7 ítems teñen unha valoración de 4,50 (preguntas 7, 8, 13, 14, 15, 17 e 18)	“A orientación académica para continuar os estudos” (3). Subiu de 2,5 a 3
Empregadores	Non hai datos			

¹⁹ Cabe sinalar que os datos non contemplan o profesorado das materias comúns ao Grao EE, erro que se recolleu no IRPD e que foi comunicado a Unidade de Estudos e Análise da UVIGO para súa corrección e que aínda está pendente de solucionar.

PAS	Dato que se recolle a nivel de centro, non por titulacións
-----	--

Se presentan a continuación os datos relativos aos resultados da satisfacción coa titulación para diferentes colectivos no curso 2018/19 e a comparativa cos resultados do ano anterior.

Enquisa	Organización e desenvolvemento	Información e transparencia	Sistema de garantía de calidade	Recursos humanos	Recursos materiais e servizos	Resultados de aprendizaxe
Alumnado	3,32 (2,82)	4,17 (3,15)	4,50 (3,00)	4,67 (3,45)	4,29 (3,65)	3,67 (3,27)
Persoas egresadas	3,62 (3,15)	4,25 (3,00)	4,00 (3,50)	3,50 (4,00)	4,25 (3,50)	4,50 (3,75)

Enquisa	Obxectivos e competencias	Planificación e desenvolvemento	Recursos humanos	Recursos materiais e servizos	Resultados	Orientación ao estudiantado	Xestión da calidade
Profesorado	4,40 (4,23 ²⁰)	4,38 (4,18)	4,05 (3,84)	4,32 (4,39)	4,10 (3,98)	4,13 (4,01)	4,32 (4,15)

²⁰ Os datos que encerra a paréntese son os da enquisa anterior, levada a cabo no curso 2016/2017. Os datos foron extraídos do Portal de Transparencia da UVIGO. Cabe sinalar que non se pode facer unha comparación precisa, dado que os datos do curso 2016/17 non están calculados tendo en conta a ponderación real por xénero e os datos do curso 2018/19 si están calculados correctamente.

II.4 Indicadores por materia

Panel de indicadores por materia

	Materia	Nº Créditos Matriculados	Nº Créditos Presentados	Nº Créditos Superados	IM01% Éxito	IM02 % Rendemento	IM03 % Avaliación
G310104	Matemáticas: Cálculo I	90,00	48,0	36,0	75,00%	53,33%	40,00%
G310204	Matemáticas: Cálculo II	108,00	54,0	42,0	77,78%	50,00%	38,89%
G310103	Matemáticas: Álgebra lineal	54,00	48,0	30,0	62,50%	88,89%	55,56%
G310102	Física: Física I	72,00	36,0	30,0	83,33%	50,00%	41,67%
G310202	Física: Física II	78,00	36,0	30,0	83,33%	46,15%	38,46%
G310105	Química	150,00	102,0	42,0	42,0	41,18%	68,00%
G310101	Expresión gráfica: Expresión gráfica	60,00	48,0	36,0	75,00%	80,00%	60,00%
G310203	Informática: Estadística	48,00	30,0	24,0	80,00%	62,50%	50,00%
G310201	Empresa: Dirección e xestión	72,00	36,0	30,0	83,33%	50,00%	41,67%
G310205	Xeoloxía: Xeoloxía	66,00	42,0	18,0	42,86%	63,64%	27,27%
G310405	Calor e frío	246,00	126,0	102,0	80,95%	51,22%	41,46%
G310302	Física: Sistemas térmicos	138,00	72,0	48,0	66,67%	52,17%	34,78%
G310303	Tecnoloxía de materiais	144,00	84,0	36,0	58,33%	42,86%	25,00%
G310304	Resistencia de materiais	150,00	84,0	60,0	56,00%	71,43%	40,00%
G310404	Mecánica de solos	90,00	60,0	30,0	66,67%	50,00%	33,33%
G310305	Mecánica de fluídos	96,00	60,0	30,0	62,50%	50,00%	31,25%
G310402	Tecnoloxía ambiental	36,00	24,0	18,0	66,67%	75,00%	50,00%
G310301	Electrotecnia	108,00	60,0	36,0	55,56%	60,00%	33,33%
G310401	Xeomática	54,00	42,0	30,0	77,78%	71,43%	55,56%
G310403	Seguridade e saúde	42,00	36,0	36,0	85,71%	100,00%	85,71%
G310623	Tratamento de superficies e soldadura	30,00	30,0	30,0	100,00%	100,00%	100,00%
G310613	Sondaxes, petróleo e gas	24,00	6,0	6,0	25,00%	100,00%	25,00%
G310521	Mineralurxia	24,00	24,0	18,0	100,00%	75,00%	75,00%
G310621	Plantas de fabricación de materiais de construción	30,00	30,0	30,0	100,00%	100,00%	100,00%
G310512	Prospección e avaliación de recursos	12,00	12,0	12,0	100,00%	100,00%	100,00%
G310614	Loxística e servizos mineiros	24,00	18,0	6,0	75,00%	33,33%	25,00%
G310612	Tecnoloxía de explotación de minas	12,00	12,0	12,0	100,00%	100,00%	100,00%
G310501	Explotación sostible de recursos mineiros I	96,00	66,0	36,0	68,75%	54,55%	37,50%

	Materia	Nº Créditos Matriculados	Nº Créditos Presentados	Nº Créditos Superados	IM01% Éxito	IM02 % Rendemento	IM03 % Avaliación
G310522	Tratamento e conformado de materiais	18,00	18,0	18,0	100,00%	100,00%	100,00%
G310511	Concentración de menas	24,00	12,0	6,0	50,00%	50,00%	25,00%
G310622	Ensaio e control de calidade de materiais	24,00	24,0	24,0	100,00%	100,00%	100,00%
G310601	Xestión de obras e replanteos	90,00	66,0	66,0	73,33%	100,00%	73,33%
G310611	Rochas industriais e ornamentais	24,00	24,0	12,0	100,00%	50,00%	50,00%
G310523	Instalacións e procesos de obtención de materiais metálicos	30,00	30,0	30,0	100,00%	100,00%	100,00%
G310802	Proxectos	42,00	42,0	42,0	100,00%	100,00%	100,00%
G310704	Obras subterráneas	162,00	90,0	66,0	55,56%	73,33%	40,74%
G310705	Construción e movemento de terras	84,00	42,0	42,0	50,00%	100,00%	50,00%
G310702	Voaduras	132,00	90,0	66,0	68,18%	73,33%	50,00%
G310703	Explotación sostible de recursos mineiros II	114,00	66,0	42,0	57,89%	63,64%	36,84%
G310701	SIX e ordenación do territorio	60,00	54,0	54,0	90,00%	100,00%	90,00%
G310804	Xeofísica, xeoquímica e xeotermia	60,00	36,0	24,0	60,00%	66,67%	40,00%
G310803	Tratamento de correntes e efluentes	72,00	48,0	48,0	66,67%	100,00%	66,67%
G310991	Traballo de Fin de Grao	504,00	252,0	252,0	50,00%	100,00%	50,00%
G310524	Tecnoloxía dos materiais plásticos	30,00	30,0	30,0	100,00%	100,00%	100,00%
G310531	Tecnoloxía eléctrica	90,00	66,0	48,0	73,33%	72,73%	53,33%
G310532	Operacións básicas e procesos de refinado, petroquímicos e carboquímicos	81,00	45,0	36,0	55,56%	80,00%	44,44%
G310533	Xeración e distribución de enerxía térmica convencional e renovable	126,00	108,0	72,0	85,71%	66,67%	57,14%
G310624	Degradación e reciclaxe de materiais	18,00	18,0	18,0	100,00%	100,00%	100,00%
G310631	Recursos, instalacións e centrais hidráulicas	66,00	42,0	12,0	63,64%	28,57%	18,18%
G310632	Enxeñaría nuclear	48,00	48,0	18,0	100,00%	37,50%	37,50%
G310633	Explosivos	42,00	30,0	30,0	71,43%	100,00%	71,43%
G310634	Control de calidade de materiais	42,00	36,0	36,0	85,71%	100,00%	85,71%

Informes de cualificación por materia

Materia				NP	SUSP	APROB	NOTB	SOBRS	MH	Apto por compensación
G310104	Matemáticas: Cálculo I	N	N	7	2	3	3			
G310204	Matemáticas: Cálculo II	N	N	9	2	5	1		1	
G310103	Matemáticas: Álgebra lineal	N	N	1	3	3	1	1		
G310102	Física: Física I	N	N	6	1	1	4			
G310202	Física: Física II	N	N	7	1	4		1		
G310105	Química	N	N	8	10	4	3			
G310101	Expresión gráfica: Expresión gráfica	N	N	2	2	4	2			
G310203	Informática: Estadística	N	N	3	1	3	1			
G310201	Empresa: Dirección e xestión	N	N	6	1	2	3			
G310205	Xeoloxía: Xeoloxía	N	N	4	4	2	1			
G310405	Calor e frío	N	N	20	4	14	3			
G310302	Física: Sistemas térmicos	N	N	11	4	7	1			
G310303	Tecnoloxía de materiais	N	N	10	8	5	1			
G310304	Resistencia de materiais	N	N	11	4	9	1			3
G310404	Mecánica de solos	N	N	5	5	4	1			
G310305	Mecánica de fluídos	N	N	6	5	5				
G310402	Tecnoloxía ambiental	N	N	2	1	2	1			
G310301	Electrotecnia	N	N	8	4	4	2			1
G310401	Xeomática	N	N	2	2	2	2	1		
G310403	Seguridade e saúde	N	N	1		1	5			
G310623	Tratamento de superficies e soldadura					3	2			
G310513	Mecánica de rochas	N	N	3						
G310613	Sondaxes, petróleo e gas	N	N	3			1			
G310521	Mineralurxia	N	N		1		3			
G310621	Plantas de fabricación de materiais de construción					2	2	1		
G310512	Prospección e avaliación de recursos	N	N			2				
G310614	Loxística e servizos mineiros	N	N	1	2	1				
G310612	Tecnoloxía de explotación de minas	N	N				2			
G310501	Explotación sostible de recursos mineiros I	N	N	5	5	2	3	1		
G310522	Tratamento e conformado de materiais					1	2			
G310511	Concentración de menas	N	N	2	1		1			
G310622	Ensaio e control de calidade de materiais	N	N			1	3			

G310601	Xestión de obras e replanteos	N	N	4		1	9	1		
G310611	Rochas industriais e ornamentais	N	N		2	1	1			
G310523	Instalacións e procesos de obtención de materiais metálicos	N	N			4	1			
G310802	Proxectos	N	N	2		2	5			
G310704	Obras subterráneas	N	N	12	4	6	5			
G310705	Construción e movemento de terras	N	N	7		3	4			
G310702	Voaduras	N	N	7	4	8	3			
G310703	Explotación sostible de recursos mineiros II	N	N	8	4	3	4			
G310701	SIX e ordenación do territorio	N	N	1			4	4	1	
G310804	Xeofísica, xeoquímica e xeotermia	N	N	4	2	4				
G310803	Tratamento de correntes e efluentes	N	N	5		5	2	1		
G310991	Traballo de Fin de Grao	S	N	21		6	13	1	1	
G310524	Tecnoloxía dos materiais plásticos					3	1	1		
G310531	Tecnoloxía eléctrica	N	N	4	3	5	3			
G310532	Operacións básicas e procesos de refinado, petroquímicos e carboquímicos	N	N	4	1	1	3			
G310533	Xeración e distribución de enerxía térmica convencional e renovable	N	N	2	4	8				2
G310624	Degradación e reciclaxe de materiais	N	N			2	1			
G310631	Recursos, instalacións e centrais hidráulicas	N	N	4	5	1	1			
G310632	Enxeñaría nuclear	N	N		5	2	1			
G310633	Explosivos	N	N	2		4	1			
G310634	Control de calidade de materiais	N	N	3		2	4			

TFGs defendidos no curso 2018/2019

#	Título traballo	Cualificación	Nota	Idioma	Data
1	Análise de medidas de propagación de ondas en mostras de gneis	Notable	7,0	Castelán	08/10/2018
2	Xestión de residuos mineiros dunha explotación de pizarra situada na zona do Barco de Valdeorras	Notable	7,8	Castelán	08/10/2018
3	Aproveitamento e restauración da mina de granito do Concello de Meis (Pontevedra)	Aprobado	6,0	Castelán	12/02/2019
4	Avaliación dos cambios físicos de pinturas ao temple expostas a atmosferas ricas en SO ₂	Sobresaliente	9,0	Castelán	12/02/2019
5	Estudo de biodegradabilidade do PET e do HDPE usando unha corrente residual rica en biosurfactantes	Notable	8,2	Castelán	12/02/2019
6	Plan de restauración medioambiental da Canteira de Corvos	Aprobado	6,0	Castelán	12/02/2019
7	Proxecto de explotación e aproveitamento de areas na antiga Lagoa de Antela	Notable	7,5	Castelán	12/02/2019
8	Proxecto de mellora da eficiencia enerxética en iluminación da asociación veciñal Monte da Mina	Notable	7,0	Castelán	12/02/2019
9	Proxecto tipo de voadura para unha canteira de granito situada no municipio de Santa Comba.	Notable	8,3	Castelán	12/02/2019
10	Avaliación do comportamento da sinal GPS en canóns urbanos	Notable	8,0	Castelán	19/06/2019
11	Caracterización química e mineralóxica de pinturas ó temple sometidas a unha atmosfera rica en SO ₂	Matrícula de Honra	9,5	Castelán	19/06/2019
12	Comparativa entre a clasificación do uso do terreo mediante LiDAR multiespectral e imaxe satelital en Tobermory (Ontario, Canadá).	Notable	8,5	Castelán	19/06/2019
13	Economía circular nunha canteira de gabros. Permiso de investigación e estudo de xestión de RCD's.	Aprobado	6,6	Galego	19/06/2019
14	Influencia da lonxitude de onda (UV e IV) na limpeza de graffiti en rocha calcaria con láser Nd:YAG.	Notable	8,8	Galego	19/06/2019
15	Proxecto tipo de voadura nunha canteira ubicada en Cans	Notable	7,5	Castelán	19/06/2019
16	Control de movementos de terras en infraestruturas civís a partir de datos LiDAR	Notable	8,2	Galego	17/07/2019
17	Envellecemento acelerado por radiación solar de pinturas acrílicas aplicadas sobre formigón e ladrillo: efecto da aplicación dun protector	Notable	8,2	Castelán	17/07/2019
18	Estudo de impacto ambiental dunha canteira de granito en Tomiño	Aprobado	5,6	Castelán	17/07/2019
19	Proxecto de explotación e restauración da canteira "As Portelas nº23"	Notable	8,6	Castelán	17/07/2019
20	Seguimento temporal de actividades mineiras a ceo aberto a partir de nubes de puntos	Aprobado	6,8	Castelán	17/07/2019
21	Sistema de información xeográfico para o inventario de infraestruturas danadas en episodios de clima extremo na rexión de Galicia.	Aprobado	5,0	Galego	17/07/2019
TOTAL	21	MEDIA	7,5		

II.5 Datos relativos a QSP recibidas

A valoración dos resultados do sistema QSP inclúese na valoración de epígrafes correspondentes ao centro, dado que non se identifican QSP de forma específica para a titulación.

II.6 Estado de situación dos rexistros de calidade do sistema do Grao en Recursos Mineiros e Enerxéticos

Rexistro	Procedemento	Estado do rexistro	Data para facer público	Data límite de entrega	Observacións	Documentos Adxuntos
R1-DO0101 P1 - Acta da Comisión de calidade sobre a modificación dunha titulación	DO-0101 P1 - Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións oficiais	Completado		28/02/2019	Acta da Comisión de Calidade do 29/05/2019 (confirmación da declaración de interese do centro e aprobación das memorias provisionais). Acta da Comisión de Calidade do 08/07/2019 (aprobación do informe de respostas ás alegacións e memorias definitivas).	2
R2-DO0101 P1 - Acta da Comisión de calidade sobre a acreditación dunha titulación	DO-0101 P1 - Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións oficiais	Completado		15/11/2018	NON PROCEDE	0
R1-DO0102 P1 - Informe anual de seguimento da titulación	DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións	Completado		22/02/2019	NON PROCEDE	0
R2-DO0102 P1 - Informe anual de avaliación da titulación	DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións	Completado		30/09/2019	NON PROCEDE	0
R3-DO0102 P1 - Informes de revisión interna	DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións	Completado		30/09/2019	Achégase o Informe Final para a Revisión Interna do Seguimento de centros e de titulacións oficiais de grao e mestrado, emitido pola Área de Calidade da UVIGO con data 16/12/2019 para a Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía e as súas titulacións na convocatoria 2018/19 (curso avaliado: 2017-2018). Este rexistro foi aprobado na Comisión de Calidade do 18/12/2019.	1
R1-DO0103 P1 - Resolución de extinción dunha titulación	DO-0103 P1 - Suspensión e extinción dunha titulación	Completado		29/11/2018	NON PROCEDE	0
R2-DO0103 P1 - Orde de suspensión e de revogación dunha titulación publicada no DOG	DO-0103 P1 - Suspensión e extinción dunha titulación	Completado		29/11/2018	NON PROCEDE	0
R2-DO0201 P1 - POD	DO-0201 P1 - Planificación e desenvolvemento da ensinanza	Completado		15/07/2019	POD Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxético do curso 2018/2019	1
R3- DO0201 P1 - Informe de Coordinación	DO-0201 P1 - Planificación e desenvolvemento da ensinanza	Completado		30/09/2019	Informe de accións de coordinación do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	1

					correspondente ao curso 2018-19 (aprobado na Comisión de Calidade do 19/11/2019)	
R1- DO0204 P1 - Criterios de asignación das prácticas curriculares	DO-0204 P1 - Xestión das prácticas académicas externas	Completado		31/07/2019	NON PROCEDE. Na titulación non hai prácticas curriculares e na xestión das prácticas extracurriculares non intervéñ o centro	0
R1- PE02 P1 - Resultados de avaliación docente definitivos (anuais)	PE 02 P1 - Xestión do persoal docente e investigador-PDI	Completado		31/10/2019	Achéganse os documentos de EADs e Informes Docentia (anual) dispoñibles dende que se pechou o rexistro correspondente ao curso 2017-2018 (febreiro 2018): EAD 2017/2018 EAD 2018-2019 Informe Docentia Este rexistro foi aprobado na Comisión de Calidade do 18/12/2019. Na data de peche do SGIC 2018-2019 aínda non está dispoñible o Informe Docentia anual 2017-2018.	3

III. Análise de resultados. Seguimento da titulación

III.1 Criterio 1. Organización e desenvolvemento

Estándar: o programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizouse conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do alumnado

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración

"I01-AC Nota media de acceso". A nota media de acceso prioritario aumenta lixeiramente nos tres últimos cursos, de 6,423 a 9,122 no curso 2018/19, feito que se valora positivamente.

"I01(2)-AC Nota mínima de acceso". A nota mínima de acceso no 2018/19 non alcanza o valor obxectivo (superior a 7 puntos). Non obstante constátase unha tendencia positiva e mantida no tempo, aumentado o valor desde o curso 2016/2017 (5,13) ata o valor do curso 2018/2019 (6,36).

"I02-AC Ocupación". En relación á taxa de ocupación esta alcanza valores moi baixos (16 % para o curso 2018/2019) respecto ao valor obxectivo (60%). O mesmo análise pódese facer para os resultados dos indicadores relativos a "I03-AC Preferencia" (valor obxectivo 50% e valor para o curso 2018/2019 do 14%).

"I03(2)-AC Adecuación". En canto á taxa de adecuación, si se supera o valor obxectivo (50%), alcanzándose no curso 2018/19 o valor de 75%.

Pódese concluír que se identifica como punto débil máis destacable da titulación a baixa taxa de ocupación. En relación a este punto o centro leva anos facendo unha importante labor de divulgación para dar a coñecer as titulacións que se imparten no centro, así como as súas saídas profesionais. Estas actividades contribúen a coñecer mellor a titulación, as súas posibilidades e polo tanto incentivar o interese por cursar estes estudos. A relación de actividades de divulgación e difusión están recollidas na evidencia "R1 DO-0202 P1 Plan de Promoción e Captación do Centro", revisada e aprobada de forma anual pola Comisión de Calidade e pola Xunta de Escola do Centro. Como se reflexa na evidencia o conxunto de actividades de difusión e captación é moi relevante. A modo de resumo, no 2018/2019 realizáronse 36 visitas a Institutos de Ensinanza Secundaria (IES), exposición itinerante en 13 IES, 22 Xornadas de Portas Abertas, 12 obradoiros de minerais, 5 actividades de Aulas Abertas á TecnoCiencia, o que supuxo a participación dun total de 3500 estudantes. A isto hai que sumar a participación en 8 feiras de divulgación e orientación e as convocatorias de concursos e premios específicos para estudiantado de ESO e bacharelato, así como a reactivación das RRSS da Escola. Non obstante, todas estas actividades aínda se consideran insuficientes, polo que o centro está permanentemente valorando activar novas actividades de difusión e captación de estudiantado.

No IRPD do ano anterior declarouse unha acción de mellora que tiña como obxectivo intensificar as actividades de promoción da titulación traballando directamente cos centros de ensino de ESO e FP. Cabe sinalar que a acción de mellora está realizándose. En particular ao longo do 2018/19 ofertáronse 4 proxectos STEMbach e un deles foi seleccionado para traballar durante o bienio 2019/21. Tamén se traballou de forma coordinada con profesorado de ESO e FP para deseñar novos concursos dirixidos de forma específica a estes colectivos e tendo en conta as competencias curriculares de materias de diferentes niveis de ensinos de ESO e FP. Considérase que é necesario seguir traballando no desenvolvemento desta acción de mellora.

Tamén se considera necesario visibilizar os ámbitos de traballo da titulación a través da participación do centro na oferta de formación ao profesorado de ESO. Neste sentido declárase unha nova acción de mellora que ten como obxectivo activar novas actividades de colaboración cos centros de ensinanza secundaria e bacharelato a través de actividades formativas ofertadas polo centro de forma específica para profesorado dos centros de ensino de ESO.

Por outra banda, outra das opcións que se valoran é aumentar a captación de mulleres na titulación. Cabe sinalar que a media de porcentaxe de mulleres matriculadas no ámbito da enxeñaría en Europa é do 23%, e a media de matrícula de novo ingreso no grao é de 20%. Cabe sinalar que a nivel de centro fórmase unha acción de mellora co obxectivo de incrementar a captación de mulleres para todas as titulacións do centro.

Cabe sinalar non obstante que a maior parte destas actividades teñen como colectivo obxectivo alumnado de ensino obrigatoria e bacharelato, polo que os resultados do plan de difusión e divulgación poderanse valorar a longo prazo, nuns dous ou tres anos.

En calquera caso, valórase como actividade prioritaria para o centro intensificar e manter todas as actividades relativas a captación de estudiantado.

"I09-DO Estudantes que participan en programas de mobilidade internacionais", "I09(2)-DO Estudantes estranxeiros". No curso 2018/19 non participou estudiantado da titulación en programas de mobilidade allea. No relativo á participación de estudiantado estranxeiro en programas de mobilidade internacional as cifras mantéñense respecto a cursos anteriores. O obxectivo da escola é incrementar a participación en programas de mobilidade nos próximos cursos. Neste sentido cabe sinalar que hai accións de mellora habilitadas co obxectivo de incrementar a participación tanto de alumnado como profesorado da titulación en mobilidade internacional. En relación á situación actual da acción de mellora cabe sinalar que desde o centro se promoveu a participación da escola no programa de mobilidade Erasmus+ KA107, aprobándose un proxecto de mobilidade con dúas universidades de Chile (Universidade Católica del Norte e

Universidade Federico Santa María), que implica mobilidade de dous alumnos e catro profesores do centro. Tamén se considera oportuno declarar na acción de mellora relativa á revisión dos obxectivos e política de calidade do centro unha meta obxectivo deste indicador.

"I03-DO Participación do alumnado nas enquisas de avaliación docente (EAD)". Cabe sinalar que o dato correspondente á porcentaxe de participación do alumnado nas EAD non se axusta á súa definición. Identificouse que esta porcentaxe (29,04%) correspóndese só á porcentaxe do estudantado que realizou as EAD do profesorado que imparte docencia só nas materias específicas do Grao ERME. Non inclúe as enquisas realizadas polo estudantado do profesorado que comparte docencia co Grao EE (un total de 114 ECTS de carácter obrigatorio e 38 ECTS de carácter optativo). Polo tanto, non é posible realizar unha análise precisa en base a estes datos. Neste sentido declarouse unha acción de mellora no IRPD do curso anterior que permita ao centro dispoñer de datos actualizados e que reflíctan correctamente esta porcentaxe de participación. A acción completouse, dado que se comunicou aos responsables da xestión da realización das EAD; con todo, o problema aínda non está solucionado polo que os datos dos que se dispón para o curso 2018/19 obtivéronse nas mesmas circunstancias. Cabe sinalar que as porcentaxes de participación corresponden, por tanto, aproximadamente á metade das materias da titulación. Non obstante, é salientable que a porcentaxe de participación aumentou de 14,10% a 20,04%, polo que se valora positivamente a tendencia que reflexan os datos de participación.

En paralelo, considérase axeitado definir un valor obxectivo, dado que actualmente non está declarado ningún valor obxectivo en relación á porcentaxe de participación do alumnado nas EAD e incluílo na acción de mellora relativa á actualización do documento *"Obxectivos e Política de Calidade do centro"*.

"I04-DO Grao de satisfacción do estudantado coa actividade docente do profesorado" (EAD). Os datos a disposición do centro en relación a este ítem non son estritamente correctos, polo que non procede valoración e análise moi precisos (polos mesmos motivos que os indicados para o ítem *"I03-DO"*). A valoración deste ítem aumentou de 3,89 puntos no 2017/18 a 4,48 puntos no 2018/2019, valoración que se considera moi boa. Hai que ter en conta que esta valoración corresponde ao profesorado das materias non comúns ao Grao de Enxeñaría da Enerxía (3º e 4º cursos). A valoración deste ítem para primeiro curso e segundo é 4,37 e 3,68 respectivamente. Os valores correspondentes a 1º, 3º e 4º considéranse moi bos. Cabe sinalar que os valores de referencia para nivel de grao son 3,91 para a Universidade de Vigo e 3,87 para o ámbito da enxeñaría na Universidade de Vigo.

I05-DO Grao de satisfacción do estudantado coa planificación e desenvolvemento do ensino". A valoración deste ítem no curso 2018/19 (3,32 puntos) supera por primeira vez o valor obxectivo (3 puntos), polo que se valora positivamente este resultado.

Respecto destes dous indicadores, cabe mencionar que o centro leva a cabo un seguimento continuo mediante o seu programa anual de MEET-PAT. O procedemento detallado así como o seu resumo anual recóllense nas evidencias *"R1-DO0203 P1"* e *"R2-DO0203 P1"*, respectivamente. A valoración destes indicadores xustifica continuar e intensificar o programa MEET-PAT. Estas puntuacións dos ítems *"I04-DO"* e *"I05-DO"*. A valoración destes ítems é positiva. Con todo, considérase oportuno definir un valor obxectivo en relación ao grao de satisfacción do alumnado coa actividade docente do profesorado (EAD), dado que actualmente non existe, acción de mellora que está declarada previamente no epígrafe SGIC a nivel de centro.

"I06-DO Grao de satisfacción do profesorado coa planificación e desenvolvemento do ensino". Cabe sinalar que se dispoñen dos datos correspondentes ao curso 2016/17 (4,18 puntos) e o curso 2018/19 (4,38 puntos), aumentando a valoración e superando o valor obxectivo (3 puntos), feito que xustifica unha valoración positiva do ítem.

"I07-DO Grao de satisfacción das persoas tituladas coa planificación e desenvolvemento do ensino". A valoración deste ítem para o curso 2018/19 (3,62) supera o valor obxectivo (3) polo que a valoración é positiva. Cabe sinalar ademais, que os datos correspondentes aos cursos 2016/17 (2,98), 2017/18 (3,15) e 2018/19 (3,63), sinalan unha tendencia positiva.

"I08 Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas". Cabe sinalar que no caso da titulación non se contemplan prácticas curriculares. A planificación das ensinanzas permite solicitar un recoñecemento de créditos de ata un máximo de 12 ECTS de carácter optativo por prácticas externas extracurriculares. Considérase oportuno sinalar que o centro non ten responsabilidade nin capacidade de actuación en relación á xestión das prácticas de carácter extracurricular e non hai habilitado formalmente ningún procedemento de recollida do grao de satisfacción polo que considérase necesario declarar unha acción de mellora.

I02-MC Grao de satisfacción do estudantado". Cabe sinalar que a evolución da valoración do ítem desde o curso 2016/17 (3,21) ata o curso 2018/19 (3,92) é positiva e constante. Cabe indicar que ademais que nos últimos tres cursos supérase a meta a alcanzar no centro (3 puntos) e que a valoración do ítem no 2018/19 é de 3,22 para o ámbito da enxeñaría e de 3,27 para a Universidade, polo que a valoración do ítem para a titulación supera ambos valores.

I03-MC Grao de satisfacción do profesorado". Cabe sinalar que a evolución da valoración do ítem desde o curso 2016/17 (4,17) ata o curso 2018/19 (4,30) é positiva e constante. Cabe indicar, ademais, que en ambos casos supérase a meta a alcanzar no centro (3 puntos) e que a valoración do ítem no 2018/19 é de 4,17 para o ámbito da enxeñaría e de 4,21 para a Universidade, polo que a valoración do ítem para a titulación supera ambos valores no curso 2018/19.

I04-MC Grao de satisfacción das persoas tituladas". A evolución da valoración do ítem desde o curso 2016/17 (3,01) ata o curso 2018/19 (3,94) é positiva e constante. Cabe indicar que ademais que en ambos casos supérase a meta a alcanzar no centro (3 puntos) e que a valoración do ítem no 2018/19 para o ámbito da enxeñaría é de 3,5 (non hai datos para a Universidade).

I06-MC Grao de satisfacción dos empregadores/as". No relativo a este ítem o último dato corresponde ao curso 2016/17 e non hai datos para o curso 2018/19. Neste sentido considérase axeitado declarar unha acción de mellora que teña como obxectivo recoller información representativa do grao de satisfacción dos empregadores/as.

Puntos débiles detectados

Baixa taxa de ocupación

Ausencia de información en relación ao grao de satisfacción coas prácticas externas

Accións de mellora a implantar

Oferta de formación para programa de formación de profesorado de ESO

Solicitar ao servizo responsable da xestión das PE extracurriculares que se habilite un procedemento de recollida da satisfacción

Limitada información sobre o grao de satisfacción dos/as empregadores/as	Recompilar a información dos/as empregadores/as e habilitar un foro de comunicación estable cos/as empregadores/a
Evidencias nas que basea a valoración: E1: Memoria vixente do título E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora E3: Perfil de ingreso do alumnado(gra) E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico) E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.). QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza	
Indicadores nos que se basea a valoración: I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescrición I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...) I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza. I01-AC: Nota media de acceso, I01(2)-AC: Nota mínima de acceso I02-AC: Ocupación, I03-AC: Preferencia, I03(2)-AC: Adecuación	

III.2 Criterio 2. Información e transparencia

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e se atopa dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de intereses).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Toda a información pública da titulación está dispoñible na páxina Web do centro. En relación á valoración por parte do alumnado de diferentes ítems relacionados co acceso á información pública cabe sinalar:

- “A accesibilidade da información sobre a titulación publicada na Web”: aumentou a 4,33 puntos (o curso pasado 3,33 puntos)
- “A utilidade da información sobre a titulación publicada na Web”: aumentou a 4,5 puntos (3,18 puntos o ano anterior)
- “A utilidade da información sobre a titulación transmitida por outros soportes (plataformas de teledocencia, taboleiros, pantallas audiovisuais...)”: aumentou a 4,0 puntos (3,18 puntos o ano anterior)
- “A información sobre as actividades extracurriculares (actividades culturais, deportivas, sociais...)”: aumentou a 3,8 puntos (curso anterior 2,92 puntos)

Cabe sinalar a valoración que fai o profesorado do ítem “A información dispoñible sobre o desenvolvemento do ensino e avaliación das aprendizaxes (horarios, calendarios das probas de avaliación, actividades, cambios...)” ten unha valoración de 4,79 .

Por outro lado, considérase oportuno sinalar, que, desde o punto de vista do funcionamento do centro, publícase na páxina web do centro o apartado de “Informe do/a Director/a” de todas as sesións de Xunta de Escola, ao obxecto de que todas as persoas da comunidade universitaria do centro estean debidamente informadas, con independencia de que formen parte ou non dos órganos colexiados do centro.

Polo tanto, tendo en conta as valoracións dos colectivos de interese do centro, considérase que a información pública que se ofrece na páxina Web é accesible e está actualizada e que a información está ben estruturada e que a Web dispón de toda a información que os diferentes colectivos demandan.

Si se identificou que hai certa información pública á que un colectivo de interese externo pode ter dificultade en acceder, en particular a información relativa a actividade das persoas egresadas, que se entende pode resultar un incentivo desde o punto de vista da captación de estudantado. Neste sentido declarase unha acción de mellora cuxo obxectivo sexa facilitar e visibilizar na web do centro as actividades das persoas egresadas da titulación.

A Web, con todo, non é a única canle de información relevante. A plataforma FAITIC <https://faitic.uvigo.es/index.php/es/> configúrase como un espazo moi importante no que respecta ao desenvolvemento e organización do ensino. Tamén se emprega esta plataforma como espazo de comunicación xeral cos estudantes.

Outras canles de comunicación relevantes co alumnado e o profesorado son os ligados ao desenvolvemento do PAT e o fluxo de achegas que se produce no marco das enquisas de satisfacción e as queixas, suxestións e parabéns (QSP). En relación ás queixas recibidas a través do sistema QSP no curso 2018/19 non se recibiron de forma específica para a titulación.

Puntos febles detectados:

Baixa visibilidade na web do centro da actividade profesional das persoas egresadas das titulacións

Accións de mellora a implantar:

Mellorar as canles de información pública sobre actividades profesionais das persoas egresadas da titulación

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E6: Páxina Web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II)

R1- DO0301P1: Plan operativo de información pública

QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa Web e/ou a información pública.

III.3 Criterio 3. Sistema de Garantía de Calidade

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen la valoración

Cabe sinalar que a Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, ten implantado o Sistema de Garantía Interno de Calidade, sistema que dispón de certificado FIDES-AUDIT, selo de calidade que pon de relevo a súa correcta implantación e a súa incidencia na mellora continua do centro e as súas titulacións.

Considérase oportuno destacar a implicación no desenvolvemento da titulación da Comisión de Calidade do centro, participando activamente na toma de decisións máis relevantes da titulación (como evidencia pódense consultar as actas da devandita Comisión).

Todas as evidencias de implantación do SGIC están dispoñibles nas correspondentes plataformas de recompilación de documentos. Algunhas evidencias tamén son de acceso público e pódense consultar na Web

<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/calidade/sgic/evidencias>.

En relación á valoración por parte do alumnado do epígrafe “*As canles de participación na mellora da titulación (caixa de queixas, suxestións e parabéns, delegación de alumnos, participación nas comisións, comunicación cos responsables da titulación)*” cabe sinalar que a valoración aumentou de 3 no 2017/18 a 4,5 no 2018/19, resultado que se valora moi positivamente.

En relación á valoración por parte do profesorado do epígrafe “*Xestión da calidade*” a valoración é 4,33, puntuación que se valora moi positivamente, aínda que mellorable.

En relación á valoración por parte do PAS, cabe sinalar que a valoración do epígrafe “*Coa información dispoñible sobre a xestión da calidade*” é de 4, a valoración do epígrafe “*As canles para realizar queixas, suxestións e parabéns*” é 4,67 e a valoración do ítem “*As vías de participación para a mellora da calidade*” é 4, polo que se considera que as valoracións son boas.

En relación aos resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro, estes valóranse nos respectivos criterios. Considérase oportuno revisar os valores obxectivo en función dos resultados da análise do desenvolvemento dos diferentes ítems relacionados co desenvolvemento da titulación.

Puntos febles detectados:

Valores obxectivo da política de calidade do centro non actualizados nalgúns ítems

Accións de mellora a implantar:

Revisar e actualizar valores obxectivo na política de calidade do centro (acción de mellora que se realiza a nivel de centro)

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E5: Actas das reunións celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade

E10: Documentación do SGC (Política, obxectivos de calidade, manual e procedementos)

E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública)

E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade

I5: Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro

III.4 Criterio 4. Recursos humanos

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración

"I02-PE Cualificación do PDI". Os datos a disposición do centro en relación a este ítem non son correctos, dado que só se contempla o profesorado das materias específicas da titulación no Portal de Transparencia, polo que a valoración e análise só afecta ao profesorado de 3º e 4º cursos. Este valor mantense nun valor entorno ao 64%, similar ao do curso anterior.

"I03-PE Resultados de investigación de carácter académico (sexenios)". No relativo aos resultados de investigación académico cabe sinalar que se acadou a valoración máxima (100%) deste indicador (I03-PE) de sexenios de investigación fronte a sexenios potenciais, o que se valor moi positivamente e xustifica a adecuación do profesorado á titulación. Non obstante, cabe sinalar que a valoración se corresponde coa valoración do profesorado das materias non comúns (basicamente 3º e 4º cursos).

"I04-DO Grao de satisfacción do estudantado coa actividade docente do profesorado" (EAD). A valoración deste ítem aumentou de 3,89 no 2017/18 a 4,48 no 2018/2019, valoración que se considera moi boa. Hai que ter en conta que esta valoración corresponde ao profesorado das materias non comúns ao Grao de Enxeñaría da Enerxía (3º e 4º cursos). A valoración deste ítem para primeiro curso e segundo é 4,37 e 3,68 respectivamente. Os valores correspondentes a 1º, 3º e 4º considéranse moi bos. Cabe sinalar que os valores de referencia para nivel de grao son 3,91 para a Universidade de Vigo e 3,87 para o ámbito da enxeñaría na Universidade de Vigo.

I05-DO Grao de satisfacción do estudantado coa planificación e desenvolvemento do ensino". A valoración deste ítem no curso 2018/19 (3,32 puntos) supera por primeira vez o valor obxectivo (3 puntos), polo que se valora positivamente este resultado.

"I10 Nº e % de profesorado que participa en programas de mobilidade" indica que non houbo participación de profesorado da titulación en programas de mobilidade. Non obstante, cabe sinalar que os datos non son correctos, dado que só se contabiliza o profesorado das materias non comúns ao Grao en Enxeñaría da Enerxía e tense constancia de que hai profesorado da titulación que participou en programas de mobilidade no 2018/19. En calquera caso, considérase que é necesario seguir traballando para aumentar o número de profesores que participan en programas de mobilidade. Neste sentido declarouse unha acción de mellora no IRPD do curso anterior unha acción de mellora que foi levada a cabo e que suporá mobilidade de 4 persoas do colectivo PDI (2 de mobilidade saínte e 2 de mobilidade entrante), coa "Universidad Federico Santa María" e a "Universidad Católica del Norte" (ambas de Chile) dentro dun programa específico do centro en unha acción Erasmus+ KA107. As estadias de mobilidade realizaranse ao longo do 2019/20, polo que os resultados recolleranse no IRPD do seguinte curso.

Considérase oportuno sinalar que no IRPD do curso anterior declarouse unha acción de mellora relativa a solicitude aos servizos competentes na Universidade para que se calculen e publiquen correctamente os indicadores correspondentes ao profesorado da titulación, dado que afecta a todos os indicadores de profesorado da titulación. A acción de mellora foi levada a cabo (realizar a solicitude), pero, aínda non está solucionado por parte dos servizos competentes da Universidade.

En relación ao profesorado tamén se considera oportuno sinalar que dous docentes con docencia en exclusiva na titulación recibiron premios, un deles por un proxecto de innovación docente: 1º premio *ex aequo* ao traballo *"Uno de los interferómetros más sencillos del mundo: nanotecnología de salón"* no concurso Ciencia en Acción, e outro pola actividade de investigación (XVI Premio Bellman en Biomatemática).

En relación ao persoal de administración e servizos, cabe indicar que a valoración que fai o alumnado nas enquisas de satisfacción coa titulación en relación á atención do PAS é de 4,67, que se considera moi boa valoración

En relación aos resultados de satisfacción coa titulación cabe indicar a valoración que fai o profesorado do epígrafe *"A coherencia dos criterios de asignación da docencia coa capacitación do persoal"*, que é 4,13 puntos.

Puntos febles detectados

Accións de mellora a implantar

Evidencias nas que se baseou valoración:

E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve

E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.)

R2-PE02 P1: Informe para os responsables académicos (DOCENTIA)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente resultados da enquisa de satisfacción do PAS e PDI

I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas

I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas.

I8: Resultados das enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución

I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos

I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)

I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

I02-PE: Cualificación do PDI

I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico(Sexenio)

I03(2)-PE: Profesorado por categoría

III.5 Criterio 5. Recursos materiais e servizos

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición do estudantado son os axeitados ás necesidades do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración

Entre os ítems mellor valorados polo alumnado nas enquisas de satisfacción da titulación figuran as aulas e o seu equipamento (4,2 puntos) e os espazos destinados a traballo autónomo (4,3 puntos) (salas de estudo, aulas de informática, biblioteca, etc.). O bloque relativo a recursos materiais ten unha valoración global de 4,3 puntos, o que se valora como axeitado.

O curso anterior se constatou certa limitación de dispoñibilidade de espazos docentes no centro de cara a garantir un horario máis compacto, feito que xustificou a baixa valoración por parte do alumnado dos horarios para o curso 2017/18. Este curso a valoración dos horarios aumentou de 2,55 puntos a 4,17, polo que se valora positivamente a execución da acción de mellora.

Cabe sinalar que o ítem “A *cantidade de prácticas realizadas nas materias da titulación*” recibe por parte do alumnado unha valoración baixa (2,5), polo que se considera axeitado declarar unha acción de mellora ao respecto. Cabe sinalar que a finais do curso o centro organizou por primeira vez a viaxe de estudos da titulación, unha viaxe de catro días de duración para que o alumnado puidera coñecer os procesos tecnolóxicos e instalacións do seu ámbito de traballo que non se encontran na comunidade autónoma de Galicia e, polo tanto, non se poden visitar nas saídas de campo que forman parte das actividades formativas de carácter práctico das materias. A valoración desta actividade, aínda que foi realizada no curso 2018/19, non se recolleu formalmente.

En canto ás actividades de orientación e acollida ao estudantado cabe sinalar que o centro activou o desenvolvemento do programa de Mentorización (MEET), concibido para os estudantes de novo ingreso da titulación, e que se desenvolve ao longo do primeiro curso da titulación. A descrición e valoración do desenvolvemento do programa de tutorización, que inclúe o MEET está dispoñible no correspondente rexistro “Informe Final de Avaliación do PAT do curso 2018/19”. En base aos resultados obtidos considérase adecuado continuar coa implantación do Programa de Mentorización.

En relación aos resultados das enquisas de satisfacción coa titulación cabe sinalar que o epígrafe “A *orientación académica recibida no plan de acción tutorial*” recibe unha baixa valoración (2,75 puntos). Considérase que a puntuación é claramente mellorable, polo que se seguirá especialmente a tendencia deste indicador. Cabe sinalar que o MEET está concibido de forma específica para o estudantado de primeiro curso, polo que considérase axeitado declarar unha acción de mellora específica en relación á orientación académica para o resto de cursos da titulación.

Puntos febles detectados:

Baixa valoración da cantidade de actividades formativas de carácter práctico na titulación

Baixa valoración do epígrafe “Orientación académica recibida no PAT”

Accións de mellora a implantar:

Aumentar a cantidade de prácticas realizadas na titulación

Intensificar as accións de orientación académica e laboral, especialmente para 2º, 3º e 4º cursos.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título

E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT

E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e extracurriculares.

E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título

E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia

E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos

I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas

I11: Nº de alumnado por centro de prácticas.

I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

III.6 Criterio 6. Resultados de aprendizaxe

Estándar: Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración

En relación á valoración por parte do alumnado de resultados da titulación cabe sinalar os resultados correspondentes aos seguintes ítems: (i) *"A formación adquirida (coñecementos e contidos)"*: aumentou de 3,27 no 2017/18 a 3,8 no 2018/19 e (ii) *"A capacidade para aplicar as habilidades e destrezas adquiridas"* tamén aumentou de 3,27 no 2017/18 a 3,5 no 2018/19. Considérase que ambos ítems teñen boa valoración e a tendencia é boa.

"I010 Duración media dos estudos". O valor deste ítem foi aumentando desde o ano 2016/17 de 5,11 a 5,76 no curso 2018/19, polo que considérase necesario declarar unha acción de mellora en relación ao mesmo co obxectivo de identificar os motivos do incremento na duración dos estudos e programas actividades específicas ao obxecto de axustar a duración dos estudos ao valor de referencia do centro para os estudos de grao (menor ou igual a 5 anos).

"I011 Taxa de rendemento". O valor da taxa de rendemento no curso 2018/19, aínda que non acadou o valor obxectivo (50%), aumentou desde o curso anterior e acércase ao mesmo (47,71%).

En relación ao *"I012 Taxa de abandono"*, aínda que o valor da taxa para o curso 2018/19 (52,63%) está lonxe do valor obxectivo (<15%), cabe sinalar que diminuíu dese o curso anterior desde o 66,67% ao valor actual, o que se valora positivamente, aínda que faise necesario traballar para diminuír este indicador ata o valor obxectivo. Cabe sinalar, non obstante, que o valor obxectivo posiblemente sexa demasiado exixente, dado que os valores de referencia no ámbito da enxeñaría a diferentes niveles (ámbito estatal, ámbito autonómico e Universidade de Vigo), datos dispoñibles na base de datos do Ministerio son: 22,13% (ámbito nacional), 26,91% (ámbito CCAA Galicia) e 31,21% (Universidade de Vigo). No relativo a este indicador, en calquera caso, considérase axeitado declarar unha acción de mellora, co obxectivo de reducir este valor de forma substancial.

En relación á taxa de graduación, indicador *"I014 Taxa de graduación"*, o valor obxectivo é superior ao 20%, e os valores obtidos nos últimos cursos mostran unha tendencia á baixada, desde o curso 2016/17, e no curso 2018/19 non se acadou o valor obxectivo, polo que se considera que o valor do indicador é claramente mellorable.

O valor do ítem *"I015 Taxa de éxito"* acadou no curso 2018/19 un valor de 74,71%. Aínda que non se acadou o valor obxectivo (>80%), aumentou o valor desde o curso anterior, de 67,67% ata o valor actual, polo que se valora positivamente a tendencia na evolución do indicador.

En relación aos resultados das materias, cabe sinalar que só dúas materias teñen un rendemento inferior á meta obxectivo (>50%) e en relación á taxa de éxito, identificáronse 6 materias que teñen unha taxa inferior ao valor obxectivo (>60%). Tómanse como valores obxectivo os sinalados para a titulación na memoria de verificación. En relación á valoración das taxas das materias, declarouse unha acción de mellora no IRPD do curso anterior que está en fase de desenvolvemento. Considérase necesarios seguir coa realización desta acción de mellora, para valorar si as materias que non acadan as taxas obxectivo o fan de forma puntual un ano ou se manteñen os valores ao longo do tempo. Tamén se propón, en calquera caso, traballar de forma específica con estas materias ao longo do curso 2019/20.

"I11 Distribución do alumnado por centro de prácticas". Amósase unha gran diversidade de empresas vinculadas ás titulacións ofertadas no centro. A valoración é moi positiva.

"I013-DO Taxa de eficiencia". Os valores da taxa de eficiencia para a titulación achéganse ao valor obxectivo, taxa superior ao 80%. Obsérvase unha lixeira baixada no curso 2018/19, con valores do 72,29%. O valor do indicador da titulación é lixeiramente inferior ao valor de referencia para as titulacións de grao do ámbito da enxeñaría na Universidade de Vigo (81%), polo que se considera que o valor do indicador, aínda que mellorable, é razoable.

"I14 Resultados de inserción laboral". Os últimos datos oficiais sobre a inserción laboral (Informe de ACSUG), aínda que son moi bos (100% ocupación) sostéñense sobre unha poboación moi pequena, polo que non se consideran representativos para poder extraer conclusións.

En relación á inserción laboral das persoas graduadas en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos caben sinalar os resultados do informe *"Estudo da Inserción Laboral dos egresados da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía 1992-2017"*, publicado en 2017 e realizado polo centro.

O informe realizouse sobre tres colectivos, correspondentes ás tres titulacións das que houbo persoas egresadas desde o comezo da impartición de estudos de enxeñaría de minas na Universidade de Vigo. En particular os colectivos consultados foron: (i) Enxeñeiros/as de Minas (titulación LRU) (19 promocións), (ii) Graduados/as en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (3 promocións) e (iii) Graduados/as en Enxeñaría da Enerxía (3 promocións). Entre os resultados deste informe cabe sinalar, en particular en relación á inserción laboral das persoas graduadas en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos: (i) malia que gran parte dos graduados no momento de realización da enquisa estaban cursando estudos de máster ou doutoramento, un 40% atopábase xa traballando e (ii) entre as persoas graduadas que no momento de realización da enquisa estaban traballando o 75% facíao en algo relacionado co seu titulación. Tamén cabe sinalar que dentro do colectivo que estaba traballando, o 85% tardou menos dun ano en atopar traballo.

Con posterioridade levouse a cabo outro informe de inserción laboral que proporciona datos actualizados en relación á inserción laboral das persoas egresadas dos graos do centro. En particular cabe sinalar a porcentaxe de persoas que están traballando é do 63% e que a porcentaxe das persoas que está traballando, un 64% están a facelo no seu ámbito de estudos. Tamén recolle o informe que o 94% das persoas que están a traballar o fan a tempo completo e que o tempo que transcorre para acceder ao primeiro emprego no ámbito relacionado cos estudos é entre 1 e 6 meses.

A comparativa de resultados entre ambos informes, separados por dous anos de diferenza, indican unha melloría nos resultados de inserción laboral. Non obstante, considérase axeitado continuar recollendo información e dispor de información actualizada en relación a inserción laboral das persoas egresadas da titulación

En relación aos indicadores das materias o centro non ten establecido un procedemento de avaliación dos resultados das materias.

Puntos débiles detectados	Accións de mellora a implantar
A duración media dos estudos mostra tendencia ao incremento desde o curso 2016/17	Axustar a duración media dos estudos ao valor obxectivo (menor ou igual a 5 anos)
Taxa de abandono elevada	Identificar as causas polas que a taxa de abandono é elevada e propor medidas de actuación para baixar o indicador. Valorar axuste do valor obxectivo
Evidencias nas que se se baseou a valoración: E4: Guías docentes das materias E24: Listaxe de traballos fin de grao/ fin de mestrado (título, titor e cualificación) E25/: Informes de cualificación por materia EA11: Informes de prácticas	
Indicadores nos que se baseou a valoración: Indicadores: I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese - Análise xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia)	

III.7 Criterio 7. Resultados de satisfacción e rendemento

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se Os resultados adecúanse ás previsións e características do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración

102-MC Grao de satisfacción do estudantado. Cabe sinalar que a evolución da valoración do ítem desde o curso 2016/17 (3,21) ata o curso 2018/19 (3,92) é positiva e constante. Cabe indicar que ademais que nos últimos tres cursos supérase a meta a alcanzar no centro (3 puntos) e que a valoración do ítem no 2018/19 é de 3,22 para o ámbito da enxeñaría e de 3,27 para a Universidade, polo que a valoración do ítem para a titulación supera ambos valores. A participación foi do 55% no 2018/19 (o ano anterior foi do 25%). A media da participación da UVIGO foi no 2018/19 de 29,15%.

103-MC Grao de satisfacción do profesorado. Cabe sinalar que a evolución da valoración do ítem desde o curso 2016/17 (4,17) ata o curso 2018/19 (4,30) é positiva e constante. Cabe indicar que ademais que en ambos casos supérase a meta a alcanzar no centro (3 puntos) e que a valoración do ítem no 2018/19 é de 4,17 para o ámbito da enxeñaría e de 4,21 para a Universidade, polo que a valoración do ítem para a titulación supera ambos valores no curso 2018/19. A porcentaxe de participación foi do 58,825, superior á media da participación da Universidade (52,68%).

104-MC Grao de satisfacción das persoas tituladas. A evolución da valoración do ítem desde o curso 2016/17 (3,01) ata o curso 2018/19 (3,94) é positiva e constante. Cabe indicar que ademais que en ambos casos supérase a meta a alcanzar no centro (3 puntos) e que a valoración do ítem no 2018/19 para o ámbito da enxeñaría é de 3,5 (non hai datos para a Universidade).

106-MC Grao de satisfacción dos empregadores/as. No relativo a este ítem o último dato corresponde ao curso 2016/17 e non hai datos para o curso 2018/19. Neste sentido considérase axeitado declarar unha acción de mellora que teña como obxectivo recoller información representativa do grao de satisfacción dos empregadores/as.

Cabe sinalar que por bloques de preguntas, todos os ítems de satisfacción do alumnado coa titulación aumentaron no 2018/19 en relación aos resultados do 2017/18 (organización e desenvolvemento, información e transparencia, SGC, recursos humanos, recursos materiais e servizos e resultados de aprendizaxe), como se pode comprobar na táboa que figura no epígrafe de resultados das enquisas de satisfacción das titulacións oficiais.

En relación aos resultados de satisfacción coa titulación do profesorado, todos os ítems de satisfacción no 2018/19 aumentaron en relación aos resultados do 2017/18 (obxectivos e competencia, planificación e desenvolvemento, recursos humanos, recursos materiais e servizos, orientación ao estudantado e xestión da calidade), como se pode comprobar na táboa que figura no epígrafe de resultados das enquisas de satisfacción das titulacións oficiais. Cabe sinalar que 5 sub-ítems teñen unha valoración de máis de 4,5 puntos.

En relación aos resultados de satisfacción coa das persoas egresadas, todos os ítems de satisfacción por bloques no 2018/19 aumentaron en relación aos resultados do 2017/18 (organización e desenvolvemento, información e transparencia, SGC, recursos humanos, recursos materiais e servizos e resultados de aprendizaxe), salvo o ítem "recursos humanos", que baixou de 4 a 3,5. Cabe sinalar que a valoración da pregunta "A orientación académica para continuar estudos" subiu de 2,5 puntos no curso anterior a 3 puntos no 2018/19 e que hai 7 sub-ítems que teñen unha valoración superior a 4,5 puntos. En relación á puntuación máis baixa, a relativa á valoración da orientación académica para continuar estudos, declárase unha acción de mellora.

En relación á realización do TFG, obsérvase que o listado axústase aos contidos e temáticas dos ámbitos de traballo da titulación e as cualificacións obtidas son coherentes e axústanse a unha dispersión razoable. No entanto, cabe sinalar que as cualificacións poden considerarse lixeiramente baixas, tendo en conta a singularidade da materia TFG e a titorización personalizada que recibe o alumnado no desenvolvemento da mesma.

Puntos febles detectados:

Baixa valoración da orientación académica para continuar estudos

Accións de mellora a implantar:

Habilitar accións de información para as persoas egresadas ou estudantado dos últimos cursos sobre as opcións de continuación de estudos

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

Indicadores:

I1: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico

I12: Evolución dos indicadores de resultados

Taxa de graduación

Taxa de abandono

Taxa de eficiencia

Taxa de rendemento

Taxa de éxito

Taxa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial)

I13: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso

I14/I016-D0: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar emprego

I010-D0: Duración media dos estudos

Indicadores:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese - Análise xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción

I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia)

IV. Modificacións non substanciais da titulación

Incluíranse as modificacións non substanciais, que se corresponden con aqueles cambios menores que melloran a titulación e que a Universidade pode implantar como resultado do proceso de seguimento, tal e como se recolle no *"Procedemento para a solicitude de Modificacións nos Títulos Verificados de Grao e Mestrado"* de ACSUG. Estas modificacións deben ser notificadas e xustificadas nos informes de seguimento e incorporadas na memoria do título cando se teña que someter a un proceso de modificación.

Non se formulan modificacións non substanciais da titulación. Cabe sinalar que ao longo do curso 2018/19 a titulación someteuse ao procedemento de modificación.

V. Estado de situación das accións de mellora propostas en informes anteriores

Procedeuse a revisar todas as accións de mellora que estaban declaradas en plans de mellora previos. Dado que o formato de presentar e declarar as accións de mellora cambiou nos últimos anos (algunhas estaban declaradas por titulacións, outras por centro e outras estaban declaradas de forma diferente dúas veces), no IRPD do 2017/18 procedeuse a recoller todas as accións de mellora, reenumeralas e actualizar o estado en que se atopaban en relación ao desenvolvemento das mesmas. A información detallada de cada acción de mellora declarada a partir do 2017/18 (estado actual, resultados, xustificación, indicadores de execución e observacións) está recollida na plataforma de xestión documental do SGIC do centro. Todas as accións de mellora que teñen contido no epígrafe “Observacións” non figuraban rematadas no IRPD do curso 2017/18.

Nº	Curso	Descrición da acción de mellora	Situación do desenvolvemento			
			Rematada	Proceso	Non iniciado ou non procede	Observacións
1	2015/16	Informar ao alumnado sobre o Centro de Linguas da UVigo. Informar ao alumnado sobre a importancia da formación en idiomas. Incluír no acto de benvida de 1º curso información sobre o Centro de Linguas da UVigo.	X			
2	2015/16	Ofertar o curso sobre “Busca e Xestión de información para o TFG”. Aumentar as defensas de TFG na convocatoria ordinaria. Continuar coa oferta do curso sobre TFG	X			
3	2015/16	Informar nas sesións presenciais de TFG sobre prazos e planificación. Aumentar as defensas de TFG na convocatoria ordinaria. Informar nas sesións presenciais de TFG sobre prazos e planificación	X			
4	2015/16	Realizar enquisas de satisfacción sobre as competencias. Dispor de información da satisfacción sobre las competencias. Solicitar á área de calidade a realización de enquisas a titulados e empregadores		X		Nas enquisas de satisfacción a alumnado inclúense a pregunta “A formación adquirida (coñecementos e contidos)” e “A capacidade para aplicar as habilidades e destrezas adquiridas” e valoráronse con 3,8 e 3,5 puntos no 2018/19. Para o profesorado as “As competencias adquiridas polo estudiantado” e “A adecuación das competencias do título co desenvolvemento profesional do estudiantado” valóranse con 4,20 e 4,43 no 2018/19. Ambas puntuacións (profesorado e alumnado) se valoran positivamente, aínda que son mellorables, motivo polo que se mantén a acción de mellora activa En calquera caso considérase necesario realizar unha análise máis pormenorizada dalgunhas competencias, especialmente as vinculadas ao exercicio da profesión regulada, polo que é un motivo adicional para manter a acción de mellora activa.
5	2015/16	Solicitar á FUVI os datos de Prácticas Externas. Dispor de datos sobre PE. Solicitar á FUVI os datos de PE	X			

6	2015/16	Solicitar que na plataforma de xestión académica Xescampus se desagreguen por tipoloxía os créditos recoñecidos. Dispor de datos sobre a tipoloxía de créditos recoñecidos.	X			A acción de mellora rematouse e á data actual xa está configurada a plataforma de xestión académica de forma que se poidan identificar a tipoloxía dos créditos obxecto de recoñecemento
7	2015/16	Potenciar as accións de difusión do título. Ampliar as accións de difusión do título. Planificar novas accións de difusión	X			
8	2015/16	Adaptar a Web para cumprir cos criterios de accesibilidade. Adaptar a Web para cumprir a "Ley 56/2007 de 28 de decembro de Medidas de impulso da sociedade da información". Adaptar a Web para cumprir cos criterios de accesibilidade	X			
9	2015/16	Mellorar os mecanismos de información a outros grupos de interese. Elaborar bases de datos e listas de distribución para facer chegar a outros grupos potenciais de interese a información relativa ao título (empregadores, administración, centros educativos, asociacións, <i>clusters</i> ...). Mellorar os mecanismos de información a outros grupos de interese	X			
10	2015/16	Realizar enquisas de satisfacción sobre a información pública. Dispor de datos sobre a satisfacción coa información pública do título. Realizar enquisas de satisfacción sobre a información pública	X			As enquisas de satisfacción tanto para alumnado como profesorado recollen un epígrafe específico sobre a satisfacción coa información pública. Os resultados destes ítems e a súa valoración están recollidos no epígrafe "Información e transparencia" da titulación
11	2015/16	Implantar os novos procedementos do SGC. Actualizar os procedementos do SGC	X			
12	2015/16	Actualizar os procedementos do SGC relativos a Persoal. Actualizar os procedementos do SGC	X			
13	2015/16	Mellorar os resultados das enquisas de satisfacción. Informar ao alumnado sobre os temas de Calidade	X			A valoración global do alumnado aumentou de 3,21 a 3,91 nos últimos tres cursos, así como os resultados da valoración das Enquisas de Avaliación Docente (EAD) (de 3,95 no 16/17 a 4,49 puntos no 2018/19). A valoración global do profesorado aumentou desde 4,17 a 4,30 nos últimos tres cursos académicos (16/17 a 18/19). A valoración global das persoas tituladas aumentou de 2,98 a 3,62 nos últimos tres cursos (16/17 a 18/19). As valoracións dos diferentes ítems e sub-ítems están recollidas nos diferentes apartados do IRPD. As valoracións tanto do PDI como do alumnado en relación á xestión da calidade tamén aumentaron e recóllese a valoración no apartado "Sistema de Garantía de Calidade" do IRPD. Non hai datos das persoas empregadoras, polo que se declarou unha acción de mellora específica

14	2015/16	Dispor dos Datos das EAD. Dispor de datos sobre a avaliación docente do profesorado. Solicitar á área de calidade os resultados das EAD por profesor	X			
15	2015/16	Solicitar á área de Calidade as enquisas de EAD nun formato adecuado. Solicitar á área de calidade os resultados das EAD por profesor en formato Excel	X			
16	2015/16	Solicitar aos departamentos que a coordinación das materias a asuman profesores con vinculación permanente co título. Solicitar aos departamentos que a coordinación das materias a asuman profesores con vinculación permanente coa Universidade	X			
17	2015/16	Aumentar a participación do profesorado en programas de mobilidade. Aumentar a participación do profesorado en programas de mobilidade. Informar ao profesorado sobre as convocatorias anuais de mobilidade	X			Esta acción de mellora intégrase dentro da acción de mellora nº 48, que se plantexa como unha acción de mellora relativa a accións específicas do centro para promover programas de mobilidade específicos para o profesorado e alumnado da titulación
18	2015/16	Solicitar un Técnico de Calidade. Solicitar á área de calidade un Técnico de Calidade con carácter permanente	X			Declárase pechada, dado que o centro realizou a solicitude. Na actualidade, aínda que non hai unha persoa (técnico/a de calidade) para o centro, cóntase co persoal do "Área de Apoio a Investigación e transferencia e Xestión de Centros e Departamentos" que apoia desde o punto de vista administrativo á xestión da calidade. Ademais, cóntase coas funcións específicas da persoa Coordinadora de Calidade do centro e co apoio técnico da Área de Calidade da Universidade
19	2015/16	Facer un seguimento das materias/profesores con queixas non formais. Enviar aos profesores con queixas non formais recollidas no PAT un escrito informándolles das queixas recibidas	X			
20	2015/16	Valorar e analizar xunto co profesorado implicado os resultados das súas materias. Realizar unha análise máis profunda sobre os resultados por materias		X		A acción de mellora está a desenvolverse e considérase necesario mantela activa. Identifícanse as materias que teñen taxas que non se axustan aos valores obxectivo e, de forma coordinada co profesorado, trátase de identificar as causas.
21	2015/16	Enquisas de satisfacción a outros grupos de interese. Dispor de datos sobre as enquisas de satisfacción. Solicitar á área de calidade a realización de enquisas a outros grupos de interese	X			Esta acción de mellora está completada. As enquisas de satisfacción coa titulación realízanse ao alumnado, profesorado, PAS, persoas tituladas e persoas empregadoras, polo que se considera que se recolle a valoración de todos os colectivos de interese.
22	2015/16	Mellorar os resultados das taxas de rendemento. Facer un seguimento das materias con taxas máis baixas		X		Os valores da taxa de rendemento da titulación foron 52,36%, 45,95% e 47,71% desde o 16/17 ao 18/19. O valor obxectivo para a taxa é superior ao 50%, polo que se está movendo en valores próximos, as veces lixeiramente superiores. Considérase necesario identificar aquelas materias que teñen taxas de rendemento afastadas do valor obxectivo e traballar de forma específica co profesorado destas materias. Non obstante, a acción de mellora redefínese para referirse só aos resultados da

						taxa de rendemento da titulación. A acción de mellora relativa aos valores das taxas das materias recóllese na acción de mellora 20.
23	2015/16	Mellorar os resultados de acceso e admisión. Potenciar os labores de difusión do título		X		Os datos de matrícula de novo ingreso non acadan os valores obxectivo, polo que é necesario manter e traballar intensamente en todas as accións de mellora que teñen como obxectivo aumentar a taxa de ocupación. A relación de actividades de difusión e divulgación das titulacións está recollida no <i>"Informe Anual do Plan de Promoción e Captación do Centro"</i> que supuxo, para o curso 2018/19, proporcionar información directa a un colectivo de 3000 estudantes de ESO, Bacharelato e FP. Aínda que se considera necesario manter este tipo de actividades, a estratexia do centro a partires do 2018/19 é traballar directamente con un grupo reducido de centros de ensino de ESO, Bacharelato e FP a través de programas específicos en formación de alumnado (STEMBach, programas de formación de profesorado,...)
24	2015/16	Informar ao alumnado do novo sistema centralizado de QSP. Valorar a posibilidade de manter o sistema do centro e informar ao alumnado do novo sistema.	X			
25	2016/17	Continuar coas estratexias para aumentar a participación nas enquisas de satisfacción.	X			
26	2016/17	Aumentar a participación do alumnado nas enquisas internas do centro	X			
27	2016/17	Implicar a todo o profesorado nos labores de coordinación para mellorar o fluxo de información entre as/os diferentes coordinadoras/es no referente ás actividades programadas de cada materia.		X		Considérase necesario manter esta acción, que resulta especialmente importante na fase de implantación da modificación da titulación. En particular programaranse como mínimo dúas reunións de coordinación do profesorado de cada curso por cuatrimestre, unha a principio e outra ao final do cuatrimestre
28	2016/17	Modificación do criterio numérico de avaliación en prácticas extracurriculares por "apto" ou "non apto"	X			
29	2016/17	Difusión e promoción das titulacións nas redes sociais	X			
30	2016/17	Modificar a interface da páxina Web da ETSIM	X			
31	2016/17	Cambio de denominación do centro	X			
32	2016/17	Implementación do Plan de Internacionalización.	X			
33	IRPD 16/17	Incentivar a participación do profesorado nas seguintes convocatorias do programa Docencia quinquenal	X			Péchase esta acción de mellora e declárase a nivel de centro, dado que a porcentaxe de participación de profesorado no programa DOCENTIA é un indicador deste nivel, non de titulación (tal como está plantexado na actualidade)
34	IRPD 16/17	Charlas sobre saídas laborais, saídas profesionais ou opcións de continuación de estudos levadas a cabo por persoas egresadas da Escola	X			

35	IRPD 17/18	Valorar co Colexio de Enxeñeiros Técnicos de Minas a posibilidade de convocar bolsas de axuda ao estudo para bos expedientes		X		Esta acción está en fase de desenvolvemento, dado que o Colexio de Enxeñeiros Técnicos de Minas de Galicia valorou a medida axeitada. Estase pendente da súa implementación para os seguintes cursos académicos.
36	IRPD 17/18	Realizar un estudo detallado relativo á procedencia do estudantado de novo ingreso		X		Esa acción de mellora está realizada parcialmente. Na Xornada de Benvinda ao estudantado de novo ingreso realízase unha enquisa co obxectivo de recoller a información relativa a procedencia do estudantado, a motivación para escoller a titulación e os canles de información a través dos cales tivo coñecemento da titulación. A enquisa foi redeseñada para o curso 2018/19 e incorporase á plataforma do SGIC. A acción de mellora mantense activa dado que se valora necesario realizar, polo menos, a análise de dous cursos académicos.
37	IRPD 17/18	Intensificar as actividades de difusión e promoción das titulacións en centros de ciclos formativos de FP		X		A relación de actividades de difusión e captación está recollida no <i>"Informa Anual de Promoción e Captación" do centro</i> . De forma específica para os centros formativos de FP estase a deseñar actividades específicas para o curso 2019/20.
38	IRPD 17/18	Colaborar directamente co profesorado de centros de ensino de ESO e FP		X		Ao longo do curso 2018/19 o centro valorou como unha opción moi interesante participar no programa STEMBach, a partir da experiencia dunha profesora do centro. No curso 2018/19 o centro preparou e ofertou catro proxectos de colaboración STEMBach e púxose en contacto con todos os IES que participan na convocatoria no bienio 2018/20. Os proxectos ofertados cobren temáticas do ámbito das titulacións do centro e seleccionáronse tendo en conta que fosen atractivos para o estudantado de Bacharelato.
39	IRPD 17/18	Solicitar aos servizos competentes na universidade que se solucione o erro relativo ao cálculo de participación do estudantado nas EAD	X			Comunicouse aos servizos responsables da xestión das EAD na Universidade o erro no cálculo das porcentaxes de participación (actualmente calcúlase a participación do alumnado como a relación enquisas realizadas fronte a número de estudantado matriculado, non fronte a enquisas posibles). Indícase que actualmente non é posible dar solución ao problema, dado que o alumnado non está asignado por grupos (e polo tanto ao profesorado deses grupos) na plataforma de xestión académica.
40	IRPD 17/18	Incluír valores obxectivo relativos á porcentaxe de participación do estudantado nas EAD e o grado de satisfacción do estudantado coa actividade docente do profesorado (EAD)	X			Péchase, dado que se declara unha acción de mellora a nivel de centro relativa á actualización do documento <i>"Política e Obxectivos de Calidade"</i> , que inclúe a realización desta acción de mellora
41	IRPD 17/18	Intensificar a participación do alumnado en programas de mobilidade e promover a participación do centro en programas de mobilidade estudantil		X		Esta acción de mellora está en fase de desenvolvemento. Ao longo do curso 2018/19 o centro promoveu a participación nun programa específico de mobilidade con dúas universidades chilenas, dentro do programa Erasmus+ KA107, realizándose as estancias de mobilidade de alumnado e profesorado do centro ao longo do 2019/20. Mantense activa a acción de mellora, dado que se pretende activar a participación neste mesmo programa pero con outras universidades obxectivo.
42	IRPD 17/18	Solicitar aos servizos competentes na Universidade que se revise como se realiza o cálculo da nota media de acceso.	X			Comunicouse á Unidade de Estudos e Programas da Universidade un erro en relación ao cálculo da nota media de acceso. A data actual o erro está corrixido.
43	IRPD 17/18	Mellorar as canles de información pública sobre actividades extra curriculares para o alumnado do centro	X			Ao longo do curso 2018/19 intensificouse a información sobre as actividades extracurriculares do centro. Publicáronse na web, nas RRSS, activouse o envío de comunicacións a través de correo electrónico e información nas pantallas do centro e contouse coa participación directa de Delegación de Alumnado. A valoración do epígrafe

						"A información sobre as actividades extracurriculares (actividades culturais, deportivas, sociais...)" subiu a 3,83 puntos no curso 2018/19.
44	IRPD 17/18	Reestruturar os contidos relativos ás actividades de divulgación científica do centro e actividades de captación de estudantes en centros de secundaria e FP.	X			Ao longo do curso 2018/19 procedeu a reorganizar a información específica para os centros de ensino de ESO, Bacharelato e FP na web do centro, para que resulte máis accesible, creándose un epígrafe principal "INSTITUTOS" na web, que recolle todas as actividades de divulgación e difusión específicas para estes centros.
45	IRPD 17/18	Deseñar un tríptico informativo sobre a titulación que conteña información actualizada	X			Esta acción rematouse ao longo do curso 2018/19. O tríptico novo pódese consultar na páxina web do centro.
46	IRPD 17/18	Revisar e actualizar valores obxectivo na política de calidade do centro	X			Péchase, dado que se declara unha acción de mellora a nivel de centro relativa á actualización do documento "Política e Obxectivos de Calidade"
47	IRPD 17/18	Solicitar aos servizos competentes na Universidade que se calculen e publiquen correctamente os indicadores correspondentes ao profesorado da titulación.	X			Está realizada a comunicación a Unidade de Estudos e Programas (motivo polo que se declara a acción como pechada). Non obstante, dado que pero persiste a problemática estarase pendente da resolución deste problema ao longo do curso seguinte.
48	IRPD 17/18	Promover desde o centro a participación en programas de mobilidade		X		Esta acción de mellora está en fase de desenvolvemento. Ao longo do curso 2018/19 o centro promoveu a participación nun programa específico de mobilidade con dúas universidades chilenas, dentro do programa Erasmus+ KA107, realizándose as estancias de mobilidade de alumnado e profesorado do centro ao longo do 2019/20. Mantense activa a acción de mellora, dado que se pretende activar a participación neste mesmo programa pero con outras universidades obxectivo
49	IRPD 17/18	Revisar situación actual de espazos do centro e as posibilidades de habilitar espazos docentes		X		Esta acción está en fase de desenvolvemento e completárase ao longo do 2019/20
50	IRPD 17/18	Aumentar a captación de alumnado con bos expedientes de acceso á titulación		X		Esta acción está en fase de desenvolvemento, aínda que se considera necesario mantela activa. Cabe sinalar que a nota media de acceso á titulación aumentou de 6,423 no curso 2016/17 a 9,122 no curso 2018/19. E a nota mínima de acceso aumentou de 5,130 no curso 2016/17 a 6,36 no curso 2018/19. Ao longo do curso 2018/19 valorouse a posibilidade de que entidades dos ámbitos de traballo da titulación convoquen bolsas de axuda ao estudo específicas para a titulación. A data actual si hai posibilidades de que se convoquen premios aos mellores expedientes para o curso 2019/20
51	IRPD 17/18	Actualizar o informe de inserción laboral realizado desde o centro e manter activa a relación coas persoas egresadas		X		Esta acción está en fase de execución. Ao longo do curso 2018/19 realizouse unha enquisa de recollida de datos e ao longo do curso 2019/20 estase a realizar a análise detallada dos datos, aínda que algún resultado xa se inclúe no IRPD do curso 2018/19.
52	IRPD 17/18	Definir criterios para avaliar os resultados das taxas de éxito, rendemento e avaliación por materia e incorporar valores obxectivo para o centro para as titulacións de grao e máster		X		Esta acción de mellora está en fase de desenvolvemento. Na data actual dispónse de información moi actualizada sobre o estado da titulación, despois de traballar durante todo o curso 2018/19 no proceso de modificación da titulación, polo que se está en disposición de plantexar valores obxectivo de taxas para as materias da titulación. Os valores obxectivo recolleranse na acción de mellora declarada a nivel de centro relativa á actualización e revisión do documento "Política e Obxectivos de Calidade" do centro.
53	IRPD 17/18	Identificar posibles causas das baixas cualificacións en TFG e revisión da rúbrica de cualificación da materia.		X		A media de cualificación de TFG no 2018/19 foi de 7,5 puntos. A media das cualificacións pode considerarse lixeiramente baixa, tendo en conta a singularidade da materia TFG e a tutorización personalizada que recibe o alumnado no desenvolvemento da mesma.

						Mantense a acción de mellora activa e realizarase unha enquisa na fase de avaliación ao obxecto de recoller información que permita identificar as causas das baixas cualificacións. En paralelo ofertarase formación de carácter transversal para o alumnado que estea a defender o TFG sobre redacción de textos científicos e técnicos e habilidades de comunicación e exposición oral.
--	--	--	--	--	--	---

VI. Listaxe de novas accións de mellora propostas

As accións de mellora que se recollen deben ser coherentes cos resultados acadados e a análise realizada nos epígrafes anteriores. Debe incorporarse toda a información relativa ás mesmas nos formularios de fichas que se teñen habilitado na aplicación de xestión documental do SGC. Poden achegarse as fichas cumprimentadas a través da mesma como anexo a este informe.

Número	Punto feble detectado	Accións de mellora	Observacións
54	Baixa taxa de ocupación	Oferta de formación para programa de formación de profesorado de ESO	
55	Ausencia de información en relación ao grao de satisfacción coas prácticas externas	Solicitar ao servizo responsable da xestión das PE extracurriculares que se habilite un procedemento de recollida da satisfacción	
56	Limitada información sobre o grao de satisfacción dos/as empregadores/as	Recompilar a información dos/as empregadores/as e habilitar un foro de comunicación estable cos/as empregadores/as	
57	Baixa visibilidade na web do centro da actividade profesional das persoas egresadas das titulacións	Mellorar as canles de información pública sobre actividades profesionais das persoas egresadas da titulación	
58	Baixa valoración da cantidade de actividades formativas de carácter práctico na titulación	Aumentar a cantidade de prácticas realizadas na titulación	
59	Baixa valoración do epígrafe " <i>Orientación académica recibida no PAT</i> "	Intensificar as accións de orientación académica e laboral, especialmente para 2º, 3º e 4º cursos.	
60	A duración media dos estudos mostra tendencia crecente desde o curso 2016/17	Axustar a duración media dos estudos ao valor obxectivo (menor ou igual a 5 anos)	
61	Baixa valoración da orientación académica para continuar estudos	Habilitar accións de información para as persoas egresadas ou estudantado dos últimos cursos sobre as opcións de continuación de estudos	

Grao en Enxeñaría da Enerxía

II. Resultados acadados

II.1 Rexistro de resultados do panel de Indicadores do SGIC

Panel de indicadores			¿Existe Meta de calidade asociada aos obxectivo de calidade do centro?	Resultado Curso 18-19	Resultado Curso 17-18	Resultado Curso 16-17
Código SGC	Código ACSUG	Descrición				
I02-MC	I4	Grao satisfacción estudantado	Si: >3	3.02	2.76	3.10
I03-MC	I4	Grao satisfacción profesorado	Si: >3	4.19	Sen datos	3.87
I04-MC	I4	Grao satisfacción persoas tituladas	Si: >3	3.32	3.42	3.34
I06-MC	I4	Grao satisfacción empregadores			Sen datos	Sen datos
I01-AC		Nota media de acceso ²¹ (acceso prioritario)	Non hai meta	7.479 (Anexo I)	8.024	7.748
I01(2)-AC		Nota mínima de acceso	Si: >8	5.0	5.0	5.0
I02-AC		Ocupación	Si: 100%	100.00%	86.00%	126.00%
I03-AC		Preferencia	Si: 100%	68.00%	86.00%	102.00%
I03(2)-AC		Adecuación	Si: ≥90%	54%	72.09%	73.02%
I04-AC	I1	Matrícula de novo ingreso por preinscrición (evolución do estudantado matriculado en cada curso a académico)	Si: 50	50	43	63
I03-DO	I8	Participación do alumnado nas enquisas de avaliación do profesorado (Enquisas de Avaliación Docente, EAD)	Non hai meta	40.78%	48.85%	54.90%
I04-DO	I8	Grao de satisfacción do estudantado coa actividade docente do profesorado (EAD)	Non hai meta	3.99	3.86	3.70
I05-DO		Grao de satisfacción do estudantado coa planificación e desenvolvemento do ensino	Si: >3	2.77	2.60	3.22

²¹ Como hai colectivos de acceso con diferentes referencias de puntuación máxima, non ten sentido facer a media global. Por este motivo, tomouse como nota de referencia a media do acceso prioritario (a información completa recóllese no Anexo I).

I06-DO		Grao de satisfacción do profesorado coa planificación e desenvolvemento do ensino	Si: >3	4.22	Sen datos	4.04
I07-DO		Grao de satisfacción das persoas tituladas coa planificación e desenvolvemento do ensino	Si: >3	3.02	3.21	3.24
I08-DO		Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas	Non hai meta		Sen datos	Sen datos
I09-DO	I3	Estudantes que participan en programas de mobilidade internacionais	Non hai meta	5	21	16
I09(2)-DO		Estudantes estranxeiros que participan en programas de mobilidade internacionais	Non hai meta	5	5	7
I010-DO		Duración media dos estudos	Si: ≤5	4.94 ²²	4.52	4.66
I011-DO		Taxa de rendemento	Si: >70%	54.74%	60.78%	67.89%
I012-DO		Taxa de abandono	Si: <15%	17.74%	18.75%	9.62%
I013-DO		Taxa de eficiencia	Si: >80%	84.65%	89.97%	87.35%
I014-DO		Taxa de graduación	Si: >70%	67.31%	70.59%	69.39%
I015-DO		Taxa de éxito	Si: >80%	71.52%	75.90%	77.29%
I016-DO		Tempo medio para atopar emprego	Non hai meta	Sen datos	Sen datos	Sen datos
I017(2)-PE	I6	Profesorado en programas de formación	Non hai meta	22	17	11
I02-PE		Cualificación do PDI (doutores sobre total)	Si: mellorar datos actuais	64.10% (Anexo II)	61.43%	65.67%
I03-PE		Resultados de investigación de carácter académico (sexenios sobre sexenios potenciais)	Si: >60%	61.21%	53.39% Anexo III	54.29%
I03(2)-PE	Profesorado por categoría	Catedrático		6	8	6
		Titular		24	22	24
		Titular de Escola		2	4	2
		Contratado Doutor		9	9	10
		Contratado interino		1	0	1
		Axudante Doutor		3	2	2
		Axudante		0	0	1
		Asociado		15	12	11
		Contratado FPI		1	3	2
		Contratado FPU		1	1	1
		Contr. Pred. UVigo		4	1	3
		Contr. Pred. Xunta		4	1	0

²² Cabe sinalar que os datos de duración media dos estudos non están ben calculados no Portal de Transparencia porque fan a media dos valores obtidos por xénero sen ter en conta a porcentaxe real de cada xénero no colectivo. Os valores recollidos na táboa, para os tres cursos, foron calculados tendo en conta a porcentaxe real de cada xénero no colectivo.

		Postd. Xunta mod.A	2	0	0
		Investig. Distinguido	1	0	0
		Non aplicable	5	7	4
		TOTAIS	78	70	67
		Táboa desagregada	Anexo IV		

II.2 Rexistro de resultados dos indicadores específicos do seguimento establecido por ACSUG

Indicadores de Seguimento				Resultado curso 18-19	Resultado curso 17-18	Resultado curso 16-17
E3	I2	Perfil de ingreso do alumnado (graao)	Bacharelato	39	38	52
			Homolog. Bacharelato	1	2	
			FP	10	1	10
			Grao en....		1	2
			Maiores 25 Anos			
			Detalles no Anexo V Total	50	42	64
I9		% de profesorado do título avaliado polo programa DOCENTIA (quinquenal)		11/12-15/16 Resolución pendente	10/11-14/15 3 (1.53%) ²³	O programa non estaba operativo
I10		Nº e % de profesorado por titulación que participa en programas de mobilidade	Nº	4	2	2
			%	5.13%	2.85%	2.99%
I11		Distribución do alumnado por centro de prácticas	Nome da empresa /entidade	18/19	17/18	16/17
			ACLUXEGA		1	
			ADM S.L			1
			ALTENERGY, S.L.			2
			ArC Soluciones Energéticas			1
			ASEA BROWN BOVERI, SA	1		
			BALIÑO, SAU	1		
			BOINERSA, S.A.			1
			CENTRAL TÉRMICA AS PONTES	1		
			CENTRO DE INVESTIG. ENERG., MEDIOAMB Y TECNOLG.			1
			CEO2 GREEN S.L.		2	4
			CERÁMICA XUNQUEIRA SA	2		
			CLIMAFRIO			1
			CUPA INNOVACION S.L.U		1	1
			ENEL GREEN POWER ESPAÑA	1		
			ENERGANOVA	1		
			ENERGYLAB			1
			ENERTRA		1	
			ENERTRES		1	1
			ERIMSA			1
			GAS NATURAL SDG			2
			INDALSU S.L.		1	
			INELSA		1	
			INGENIERÍA JORPA			1

²³ Considérase oportuno sinalar que o dato corresponde á avaliación do programa DOCENTIA quinquenal do período 10/11 a 14/15 do profesorado do centro, non da titulación.

		F. GOMEZ Y CIA, SL	1		
		FINSA	1		
		INASUS SL	1		
		INGENIERÍA Y CONSULTORIA FRAILE, SL		1	
		INGENIERÍA Y MONTAJES RÍAS BAJAS, S.A.			1
		INXETEC (INXETEC XINZO S.C.P.)		1	
		JCH SISTEMAS, S.L			1
		LONZA BIOLOGICS PORRIÑO			1
		PROTOSOLAR SLU (PROTOSOLAR SL, PORTOSOLAR)	1	1	1
		RAMSA	1		
		SOLTEC		2	1
		SOLUCIONES ENERGÉTICAS, S.A.			1
		TEC-INDO ENXEÑARÍA			1
		XENERA			2
		Total	12	13	28
114	Resultados de inserción laboral	Pode consultar os datos no seguinte enlace https://secretaria.uvigo.gal/uv/W eb/transparencia/grupo/show/5/6 9			
115	Media de alumnos por grupo de docencia ²⁴	Tamaño grupos A	47	55	62
		Tamaño grupos B	17	20	22
		Tamaño grupos C	11	13	14
		Media por materias			

²⁴ A media de alumnado por grupo de docencia calcúlase cos datos reais de matrícula (número total de alumnado por materia) e número de grupos do curso 2017/18, e corresponden ao tamaño medio de grupo por materia.

II.3 Resultados das enquisas de satisfacción das titulacións oficiais

As enquisas de satisfacción coa titulación dos diferentes colectivos poden consultarse na ligazón http://calidade.uvigo.es/calidade_gl/alumnado/enquisas_alumnado/ e na web da Universidade de Vigo, e se realizan nas seguintes condicións:

- As enquisas de satisfacción coa titulación dos estudantes realízanse todos os anos (nos graos a alumnado de primeiro e terceiro curso e nas titulacións de máster só unha vez, en primeiro curso)
- As enquisas de satisfacción coa titulación do profesorado realízanse en cursos alternos, por iso é polo que se dispoñe de datos de satisfacción do profesorado só do curso 2016/17. No curso 2017/18 non se realizaron.
- Realízanse dúas enquisas de satisfacción a titulados: enquisa de satisfacción coa titulación (no curso seguinte ao de finalización dos estudos) e de inserción laboral (realízase desde ACSUG nos dous cursos seguintes ao de finalización dos estudos).
- As enquisas de satisfacción a empregadores/as realízanse anualmente. Cabe sinalar que non hai datos que correspondan a esta titulación.
- En canto á enquisa de satisfacción do PAS só se dispoñe dos resultados dos cursos 2018/19 e 2015/16 e van vinculados ao global do centro, desagregando soamente por tipo de ensinanza (grao ou máster); polo tanto non se dispoñe de datos desagregados por titulacións.

Tamén cabe sinalar que, aínda que o formato das enquisas non cambiou, si que cambiou o nivel de información pública dos resultados. Por iso é polo que no curso 2014/15 só se dispoñía de resultados por epígrafes (ítems) e a partir deste curso dispónse de resultados por epígrafes (ítems) e sub-epígrafes (sub-ítems), polo que a información proporcionada é máis completa e permite precisar máis a análise.

	Resultados de Participación	Satisfacción Xeral curso 18-19	Ítems/ epígrafes mellor valorados	Ítems/ epígrafes peor valorados
Alumnado	29% (anterior 41%)	3,02 (anterior 2,76)	Ítem preg. 7 (3,85). “A accesibilidade da información sobre a titulación publicada na web”	Ítem preg. 5 (2,23). “A cantidade de prácticas realizadas nas materias da titulación”
			Ítem preg. 12 (3,85). “A atención do persoal de administración e servizos do centro”	Ítem preg. 6 (2,33). “A orientación académica recibida no plan de acción tutorial”
Profesorado	38,96% (anterior 60,61% no 16/17)	4,19 (anterior 3,87 no 16/17)	Ítem preg. 3 (4,55). “A información dispoñible sobre o desenvolvemento do ensino e a avaliación das aprendizaxes (horarios, calendario das probas de avaliación, actividades, cambios …)”	Ítem preg. 13 (3,96). “Os laboratorios, as aulas de informática, os obradoiros e espazos experimentais e o seu equipamento”.
				Ítem preg. 18 (3,96). “A adecuación das competencias do título co desenvolvemento profesional do estudantado”.
				Cabe sinalar que as preg. Dos ítems 13 e 18 son os únicos valorados por debaixo de 4,00.
Persoas tituladas	57,50% (anterior 20,40%)	3,32 (anterior 3,42)	Ítem preg. 7 (4,38). “Os programas de mobilidade, de ser o caso”	Ítem preg. 5 (2,47). “A orientación profesional e laboral”
			Ítem preg. 15 (4,26). “Os recursos tecnolóxicos (secretaría virtual, plataformas de teledocencia, redes wifi…)”	Ítem preg. 4 (2,79). “A orientación académica para continuar os estudos”
Empregadores	Non hai datos			
PAS	A enquisa realízase a nivel de centro, non de titulación			

Enquisa	Organización e Desenvolvemento	Información e transparencia	Sistema de garantía de calidade	Recursos humanos	Recursos materiais e servizos	Resultados de aprendizaxe
Alumnado	2,77 (2,60)	3,20 (2,78)	2,62 (2,52)	3,85 (3,34)	3,31 (3,03)	2,62 (2,57)
Persoas tituladas	3,02 (3,21)	3,17 (3,14)	3,06 (3,13)	3,49 (3,80)	3,95 (3,80)	3,11 (3,30)

Enquisa	Obxectivos e competencias	Planificación e desenvolvemento	Recursos humanos	Recursos materiais e servizos	Resultados	Orientación ao estudantado	Xestión da calidade
Profesorado	4,30 (3,88 ²⁵)	4,22 (4,04)	4,00 (4,02)	4,12 (4,11)	4,06 (4,06)	4,24 (3,87)	4,22 (3,81)

²⁵ Os datos que encerra a paréntese son os da enquisa anterior, levada a cabo no curso 2016/2017. Os datos foron extraídos do Portal de Transparencia da UVIGO. Cabe sinalar que non se pode facer unha comparación precisa, dado que os datos do curso 2016/17 non están calculados tendo en conta a ponderación real por xénero e os datos do curso 2018/19 si están calculados correctamente.

II.4 Indicadores por materia

Panel de indicadores por materia

Materia		Nº Créditos Matriculados	Nº Créditos Presentados	Nº Créditos Superados	IM01% Éxito	IM02 % Rendemento	IM03 % Avaliación
G290104	Matemáticas: Cálculo I	396,00	318,0	168,0	52,83%	80,30%	42,42%
G290204	Matemáticas: Cálculo II	360,00	252,0	228,0	90,48%	70,00%	63,33%
G290103	Matemáticas: Álgebra lineal	414,00	312,0	180,0	57,69%	75,36%	43,48%
G290102	Física: Física I	420,00	252,0	162,0	64,29%	60,00%	38,57%
G290202	Física: Física II	462,00	276,0	228,0	82,61%	59,74%	49,35%
G290105	Química: Química	546,00	408,0	132,0	32,35%	74,73%	24,18%
G290101	Expresión gráfica: Expresión gráfica	372,00	294,0	246,0	83,67%	79,03%	66,13%
G290203	Informática: Estadística	312,00	234,0	216,0	92,31%	75,00%	69,23%
G290201	Empresa: Dirección e xestión	360,00	234,0	162,0	69,23%	65,00%	45,00%
G290205	Xeoloxía	426,00	162,0	108,0	66,67%	38,03%	25,35%
G290401	Xeomática	216,00	150,0	108,0	72,00%	69,44%	50,00%
G290305	Mecánica de fluídos	240,00	186,0	96,0	51,61%	77,50%	40,00%
G290303	Tecnoloxía de materiais	336,00	264,0	162,0	78,57%	61,36%	48,21%
G290304	Resistencia de materiais	330,00	252,0	150,0	76,36%	59,52%	45,45%
G290402	Tecnoloxía ambiental	156,00	102,0	72,0	65,38%	70,59%	46,15%
G290302	Termodinámica e transmisión de calor	360,00	252,0	198,0	70,00%	78,57%	55,00%
G290301	Electrotecnia	240,00	198,0	144,0	82,50%	72,73%	60,00%
G290404	Mecánica de solos	270,00	246,0	114,0	91,11%	46,34%	42,22%
G290306	Física: Sistemas térmicos	294,00	216,0	132,0	73,47%	61,11%	44,90%
G290502	Operacións básicas e procesos de refinado, petroquímicos e carboquímicos	414,00	369,0	306,0	89,13%	82,93%	73,91%
G290503	Xeración e distribución de enerxía térmica convencional e renovable	432,00	333,0	189,0	77,08%	56,76%	43,75%
G290504	Tecnoloxía eléctrica I	300,00	216,0	90,0	72,00%	41,67%	30,00%
G290601	Recursos, instalacións e centrais hidráulicas	312,00	282,0	180,0	90,38%	63,83%	57,69%
G290602	Tecnoloxía eléctrica II	210,00	192,0	192,0	91,43%	100,00%	91,43%
G290604	Instalacións de enerxías renovables	252,00	240,0	240,0	95,24%	100,00%	95,24%
G290605	Enxeñaría nuclear	270,00	270,0	186,0	100,00%	68,89%	68,89%
G290606	Transmisión de calor aplicada	270,00	216,0	114,0	80,00%	52,78%	42,22%

	Materia	Nº Créditos Matriculados	Nº Créditos Presentados	Nº Créditos Superados	IM01% Éxito	IM02 % Rendemento	IM03 % Avaliación
G290608	Motores e turbomáquinas térmicas	240,00	234,0	162,0	97,50%	69,23%	67,50%
G290701	Utilización da enerxía eléctrica	48,00	36,0	30,0	75,00%	83,33%	62,50%
G290702	Tecnoloxía frigorífica e climatización	45,00	45,0	45,0	100,00%	100,00%	100,00%
G290703	Tecnoloxía de combustibles alternativos	45,00	45,0	45,0	100,00%	100,00%	100,00%
G290704	Enerxías alternativas fluidodinámicas	60,00	48,0	42,0	80,00%	87,50%	70,00%
G290705	Enxeñaría de sistemas e control	180,00	174,0	114,0	96,67%	65,52%	63,33%
G290706	Xestión da enerxía térmica	234,00	198,0	189,0	84,62%	95,45%	80,77%
G290708	Tecnoloxía electrónica	138,00	138,0	138,0	100,00%	100,00%	100,00%
G290801	Proxectos	126,00	126,0	126,0	100,00%	100,00%	100,00%
G290707	Xestión da enerxía eléctrica	189,00	189,0	189,0	100,00%	100,00%	100,00%
G290802	Obras, replanteos e procesos de construción	102,00	96,0	78,0	94,12%	81,25%	76,47%
G290803	Explotación sostible de recursos enerxético-mineiros	24,00	18,0	18,0	75,00%	100,00%	75,00%
G290804	Organización de empresas e sistemas de produción e fabricación	198,00	186,0	186,0	93,94%	100,00%	93,94%
G290405	Enxeñaría mecánica	288,00	186,0	60,0	64,58%	32,26%	20,83%
G290991	Traballo de Fin de Grao	600,00	384,0	384,0	64,00%	100,00%	64,00%

Informes de cualificación por materia

Materia				NP	SUSP	APROB	NOTB	SOBRS	MH	Apto por compensación
G290104	Matemáticas: Cálculo I	N	N	13	25	23	5			
G290204	Matemáticas: Cálculo II	N	N	18	4	24	13		1	
G290103	Matemáticas: Álgebra lineal	N	N	17	22	22	7		1	
G290102	Física: Física I	N	N	28	15	11	14		2	
G290202	Física: Física II	N	N	31	8	23	12		3	
G290105	Química: Química	N	N	23	46	20	2			
G290101	Expresión gráfica: Expresión gráfica	N	N	13	8	32	8		1	
G290203	Informática: Estadística	N	N	13	3	33	3			
G290201	Empresa: Dirección e xestión	N	N	21	12	8	17		2	
G290205	Xeoloxía	N	N	44	9	15	2		1	
G290401	Xeomática	N	N	11	7	12	6			
G290305	Mecánica de fluídos	N	N	9	15	14	2			
G290303	Tecnoloxía de materiais	N	N	12	17	23	4			
G290304	Resistencia de materiais	N	N	13	17	24	1			
G290402	Tecnoloxía ambiental	N	N	9	5	10	2			
G290302	Termodinámica e transmisión de calor	N	N	18	9	28	5			
G290301	Electrotecnia	N	N	7	9	20	4			
G290404	Mecánica de solos	N	N	4	22	18	1			
G290306	Física: Sistemas térmicos	N	N	13	14	19	3			
G290502	Operacións básicas e procesos de refinado, petroquímicos e carboquímicos	N	N	5	7	23	9	1	1	
G290503	Xeración e distribución de enerxía térmica convencional e renovable	N	N	11	16	17	4			1
G290504	Tecnoloxía eléctrica I	N	N	14	21	9	5		1	1
G290601	Recursos, instalacións e centrais hidráulicas	N	N	5	17	23	6		1	
G290602	Tecnoloxía eléctrica II	N	N	3		18	10	2	2	
G290604	Instalacións de enerxías renovables	N	N	2		30	9	1		
G290605	Enxeñaría nuclear	N	N		14	23	7		1	
G290606	Transmisión de calor aplicada	N	N	9	17	15	2	1	1	1
G290608	Motores e turbomáquinas térmicas	N	N	1	12	16	9		2	
G290701	Utilización da enerxía eléctrica	N	N	2	1	2	2	1		
G290702	Tecnoloxía frigorífica e climatización	N	N	1		1	2	2		

G290703	Tecnoloxía de combustibles alternativos	N	N				4		1	
G290704	Enerxías alternativas fluidodinámicas	N	N	2	1	3	4			
G290705	Enxeñaría de sistemas e control	N	N	1	10	14	4	1		1
G290706	Xestión da enerxía térmica	N	N	4	1	4	13	4		
G290708	Tecnoloxía electrónica	N	N			1	20	2		
G290801	Proxectos	N	N			1	20			
G290707	Xestión da enerxía eléctrica	N	N			4	12	4	1	
G290802	Obras, replanteos e procesos de construción	N	N	1	3		6	6	1	
G290803	Explotación sostible de recursos enerxético-mineiros	N	N	1		1	2			
G290804	Organización de empresas e sistemas de produción e fabricación	N	N	2		4	19	8		
G290405	Enxeñaría mecánica	N	N	17	21	9	1			
G290991	Traballo de Fin de Grao	S	N	18		5	23	1	3	

TFGs defendidos no curso 2018/2019

#	Título traballo	Cualificación	Nota	Idioma	Data
1	Estudo de impacto ambiental do parque eólico Chan do Tenón	Notable	7,2	Castelán	08/10/2018
2	Aplicación de imaxes Sentinel para a monitorización do encoro de "As Conchas"	Notable	7,4	Castelán	09/10/2018
3	Deseño, construción e avaliación experimental dun banco de ensaios para bombas de calor glicol-auga	Notable	8,0	Castelán	09/10/2018
4	Eficiencia enerxética no alumbeamento público de O Grove	Aprobado	6,6	Castelán	09/10/2018
5	Estudo da estratificación do aire e medición con termografía para o estudo do confort térmico: aplicación á Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.	Notable	7,7	Castelán	09/10/2018
6	Estudo da viabilidade das instalacións fotovoltaicas conectadas á rede para unha urbanización en Valdeorras	Notable	8,1	Castelán	09/10/2018
7	Estudo do aproveitamento de enerxía mareomotriz nas Salinas de Ulló	Notable	7,7	Castelán	09/10/2018
8	Procesamento de imaxes satelitais para caracterización de illas de calor urbanas.	Notable	8,5	Castelán	09/10/2018
9	Sistemas de climatización de alta potencia con bombas de calor xeotérmica e sistemas híbridos. Deseño dunha instalación no sector terciario.	Aprobado	6,3	Galego	09/10/2018
10	Análise predictiva en xeradores eólicos mediante o uso de redes neuronais artificiais	Notable	8,6	Castelán	12/02/2019
11	Automatización e procesado de datos de estacións meteorolóxicas para xeración de arquivos climáticos. Aplicación a simulacións térmicas de edificios.	Notable	7,0	Castelán	12/02/2019
12	Avaliación da visibilidade en contornas urbanas a partir de nubes de puntos	Matrícula de Honra	9,0	Galego	12/02/2019
13	Avaliación do rendemento de transmisión de calor por convección para distintos nanoflúidos con nanoplaquetas de grafeno funcionalizadas.	Sobresaliente	9,0	Inglés	12/02/2019
14	Diagnóstico ambiental municipal de Oleiros	Aprobado	5,0	Castelán	12/02/2019
15	Estudio de viabilidade da xeración de enerxía mediante dispositivos piezoeléctricos en boias oceanográficas.	Notable	8,0	Castelán	12/02/2019
16	Estudo de impacto ambiental dun parque eólico	Aprobado	6,0	Castelán	12/02/2019
17	Modelaxe dunha turbina Kaplan mediante o método aerodinámico. Implementación en Simulink para uso docente.	Notable	8,4	Castelán	12/02/2019
18	Análise de refrixerantes naturais como substitutos do R410A en bombas de calor.	Notable	7,8	Galego	18/06/2019
19	Optimización da carga de baterías en instalacións domésticas, para reducir o custo da enerxía consumida, a partir de datos históricos.	Notable	8,1	Galego	18/06/2019
20	Segmentación e caracterización de elementos en nubes de puntos para o establecemento de relacións en contornas urbanas	Notable	8,0	Galego	19/06/2019
21	Análise da viabilidade técnica de novos combustibles nun queimador experimental de biomasa	Notable	7,2	Castelán	17/07/2019

22	Análise das propiedades térmicas do Novec	Notable	7,3	Castelán	17/07/2019
23	Análise de aplicabilidade dos principais modelos CFD ao fenómeno da ebulición nucleada subenfriada baixo fluxo forzado e aplicacións de baixa presión	Matrícula de Honra	9,0	Castelán	17/07/2019
24	Autoabastecemento da aldea de Trascastro mediante o emprego de enerxías renovables	Notable	7,0	Castelán	17/07/2019
25	Caracterización experimental dun queimador de biomasa de cámara refrixerada	Notable	7,9	Castelán	17/07/2019
26	Desenvolvemento dunha metodoloxía de traballo para a determinación experimental da materia orgánica condensable xerada na combustión da biomasa	Notable	8,3	Castelán	17/07/2019
27	Eliminación de gases ácidos do gas natural. Simulación do proceso	Notable	7,9	Castelán	17/07/2019
28	Estudo de viabilidade dun parque eólico mariño na costa galega	Notable	7,5	Castelán	17/07/2019
29	Estudo de viabilidade empregando Matlab dun parque eólico na provincia de A Coruña (Galicia)	Notable	7,3	Castelán	17/07/2019
30	Estudo lumínico con Dialux para mellora da eficiencia enerxética	Aprobado	6,5	Castelán	17/07/2019
31	Instalación e posta a punto de caldeira experimental de biomasa	Notable	7,2	Galego	17/07/2019
32	Investigación experimental sobre a carga e descarga dunha unidade de almacenamento de enerxía térmica fría, integrada nun sistema de refrixeración R744 para supermercados.	Matrícula de Honra	9,5	Inglés	17/07/2019
TOTAL	32	MEDIA	7,7		

II.5 Estado de situación dos rexistros de calidade do sistema do Grao en Enxeñaría da Enerxía

Rexistro	Procedemento	Estado do rexistro	Data para facer público	Data límite de entrega	Observacións	Documentos Adxuntos
R1-DO0101 P1 - Acta da Comisión de calidade sobre a modificación dunha titulación	DO-0101 P1 - Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións oficiais	Completado		28/02/2019	Acta da Comisión de Calidade do 29/05/2019 (confirmación da declaración de interese do centro e aprobación das memorias provisionais). Acta da Comisión de Calidade do 08/07/2019 (aprobación do informe de respostas ás alegacións e memorias definitivas).	2
R2-DO0101 P1 - Acta da Comisión de calidade sobre a acreditación dunha titulación	DO-0101 P1 - Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións oficiais	Completado		15/11/2018	NON PROCEDE	0
R1-DO0102 P1 - Informe anual de seguimento da titulación	DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións	Completado		22/02/2019	NON PROCEDE	0
R2-DO0102 P1 - Informe anual de avaliación da titulación	DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións	Completado		30/09/2019	NON PROCEDE	0
R3-DO0102 P1 - Informes de revisión interna	DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións	Completado		30/09/2019	Achégase o Informe Final para a Revisión Interna do Seguimento de centros e de titulacións oficiais de grao e mestrado, emitido pola Área de Calidade da UVIGO con data 16/12/2019 para a Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía e as súas titulacións na convocatoria 2018/19 (curso avaliado: 2017-2018). Este rexistro foi aprobado na Comisión de Calidade do 18/12/2019.	1
R1-DO0103 P1 - Resolución de extinción dunha titulación	DO-0103 P1 - Suspensión e extinción dunha titulación	Completado		29/11/2018	NON PROCEDE	0
R2-DO0103 P1 - Orde de suspensión e de revogación dunha titulación publicada no DOG	DO-0103 P1 - Suspensión e extinción dunha titulación	Completado		29/11/2018	NON PROCEDE	0
R2-DO0201 P1 - POD	DO-0201 P1 - Planificación e desenvolvemento da ensinanza	Completado		15/07/2019	POD do Grao en Enxeñaría da Enerxía do 2018/2019	1
R3- DO0201 P1 - Informe de Coordinación	DO-0201 P1 - Planificación e	Completado		30/09/2019	Informe de accións de coordinación do Grao en Enxeñaría da Enerxía	1

	desenvolvemento da ensinanza				correspondente ao curso 2018-19 (aprobado na Comisión de Calidade do 19/11/2019)	
R1- DO0204 P1 - Criterios de asignación das prácticas curriculares	DO-0204 P1 - Xestión das prácticas académicas externas	Completado		31/07/2019	NON PROCEDE. A titulación non contempla prácticas curriculares e na xestión das prácticas extracurriculares non ten competencias o centro.	0
R1- PE02 P1 - Resultados de avaliación docente definitivos (anuais)	PE 02 P1 - Xestión do persoal docente e investigador-PDI	Completado		31/10/2019	Achéganse os documentos de EADs e Informes Docencia (anual) dispoñibles dende que se pechou o rexistro correspondente ao curso 2017-2018 (febreiro 2018): EAD 2017/2018 EAD 2018-2019 Informe Docencia Este rexistro foi aprobado na Comisión de Calidade do 18/12/2019. Na data de peche do SGIC 2018-2019 aínda non está dispoñible o Informe Docencia anual 2017-2018.	3

III. Análise de resultados. Seguimento da titulación

III.1 Criterio 1. Organización e desenvolvemento

Estándar: o programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizouse conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do alumnado

Reflexión/comentarios que Xustifiquen a valoración

"I01-AC Nota media de acceso" e *"01(2)-AC Nota mínima de acceso"*²⁶. A nota media de acceso para o alumnado de acceso prioritario (7,479) baixou lixeiramente respecto ao curso 2017/18 (8,024). A nota mínima mantense no 5,0 o que poñe de manifesto que a demanda do grao segue a estar por debaixo das prazas ofertadas. A escola leva varios anos facendo unha importante labor de divulgación para dar a coñecer as titulacións que se imparten no centro, así como as súas saídas profesionais. Estas actividades quedan recollidas na evidencia *"R1 DO-0202 P1 Plan de Promoción e Captación do Centro"*, revisada e aprobada de forma anual pola CGIC e pola Xunta de Escola do Centro. Valórase prioritario intensificar as actividades de divulgación e captación de alumnado, desenvolvendo actividades específicas relacionadas co ámbito de enxeñaría da enerxía. No IRPD do curso anterior declarouse unha acción de mellora co obxectivo de contactar con empresas ou entidades a posibilidade de convocar bolsas de axuda a estes estudos para bos expedientes académicos. A acción de mellora está en fase de realización.

"I02-AC Ocupación". A taxa de ocupación aumentou desde o 86% do curso 2017/18 ao 100% do curso 2018/19, o que se valora moi positivamente. Non obstante, se considera oportuno estar pendente da evolución deste indicador, e ver si este valor se mantén no tempo.

Por outra banda, outra das opcións que se valoran é aumentar a captación de mulleres na titulación. Cabe sinalar que a media de porcentaxe de mulleres matriculadas no ámbito da enxeñaría en Europa é do 23%, e a porcentaxe de matrícula de novo ingreso no grao no 2018/19 de 32%. Aínda que a porcentaxe é boa, considérase axeitado formular unha acción de mellora co obxectivo de incrementar a captación de mulleres para a titulación. Non obstante esta acción de mellora declárase a nivel de centro, dado que se trata dun obxectivo para todas as titulacións do centro.

"I03-AC Preferencia". En canto a taxa de preferencia, aumentou desde o 68% do curso 2017/18 ao 100% do curso 2018/19, o que se valora moi positivamente. Non obstante, se considera oportuno estar pendente da evolución deste indicador, e mantelo lo tempo neste valo

"I03(2)-AC Adecuación". En relación á taxa de adecuación o valor correspondente ao curso 2018/19 (54%) está lonxe do valor obxectivo (superior ao 90%). En relación a este indicador cabe sinalar que é necesario seguir traballando na captación de estudantes e a promoción da titulación, para que o estudantado teña un coñecemento máis detallado dos ámbitos de traballo das persoas egresadas e así poida acercarse á titulación como primeira opción.

Aínda que as taxas de ocupación e preferencia acadan o valor máximo de 100%, compre manter os esforzos realizados pola dirección e o profesorado da escola no seu labor de promoción e captación coa finalidade de captar alumnado con vocación. Cabe sinalar non obstante que a maior parte destas actividades teñen como colectivo obxectivo o alumnado de ensinanza secundaria obrigatoria (ESO) e bacharelato, polo que os resultados do plan de difusión e divulgación poderanse valorar a longo prazo, en dous ou tres anos. Para intensificar as actividades de promoción da titulación no IRPD do ano anterior declarouse unha acción de mellora relativa ao traballo en colaboración con profesorado de centros de ensino de ESO e FP e outra relativa á divulgación de actividades propias do ámbito da enerxía. Ambas se están desenvolvendo, tal como se recolle na evidencia relativa ao "Informe Anual do Plan de Promoción e Divulgación do centro".

"I04-AC Matrícula de novo ingreso por preinscripción". Este indicador aumentou de 43 a 50 persoas respecto ao curso anterior, acadándose o valor obxectivo.

"I03-DO Participación do alumnado nas enquisas de avaliación do profesorado". No curso 2018/19 participaron nestas enquisas o 40,78% do alumnado, cifra que se valora como razoable. En relación ao método de cálculo deste ítem, no IRPD do curso anterior declarouse unha acción de mellora que se realizou, e que tiña como obxectivo comunicar á Unidade de Estudos e Programas da Universidade os erros detectados no cálculo desde indicador.

"I04-DO Grao de satisfacción do estudantado coa actividade docente do profesorado". Este índice aumentou lixeiramente con respecto ao curso anterior, de 3,86 a 3,99 e mantense a tendencia positiva dos cursos anteriores, feito que se valora positivamente. Cabe sinalar que é superior á media do ámbito (3,89) e da Universidade (3,92)

"I05-DO Grao de satisfacción do estudantado coa planificación e desenvolvemento do ensino". O indicador aumentou lixeiramente con respecto ao curso anterior, de 2,60 a 2,77, feito que se valora positivamente, aínda que non se acada o valor obxectivo (superior a 3 puntos)

En relación a estes dous indicadores, cabe mencionar que o centro está a levar un seguimento continuo de estes indicadores, mediante o seu programa anual de MEET-PAT. O procedemento detallado, así como o seu resumo anual, recóllense nas evidencias *"R1-DO0203-*

²⁶ Como hai colectivos de acceso con diferentes referencias de puntuación máxima, non ten sentido facer a media global. Por este motivo, tomouse como nota de referencia a media do acceso prioritario (a información completa recóllese no Anexo I).

P1" e "R2-DO0203-P1", respectivamente. Os valores destes indicadores suxiren a necesidade de continuar a traballar no programa MEET-PAT e tentar de mellorar os resultados de ambos.

"I06-DO Grao de satisfacción do profesorado coa planificación e desenvolvemento do ensino". En relación a este indicador, que se recolle de forma bienal, os últimos datos de referencia son do curso 2016/17. Cabe sinalar que a valoración aumentou desde o 2016/17 de 4,04 a 4,22 no 2018/19, feito que se valora positivamente.

"I07-DO Grao de satisfacción das persoas tituladas coa planificación e desenvolvemento do ensino". O valor deste indicador é similar ao do curso anterior e mantense por riba da meta da titulación e da media da universidade polo que a valoración é positiva.

"I09-DO Estudantes que participan en programas de mobilidade internacionais" e "I09(2)-DO Estudantes estranxeiros". No caso do primeiro indicador a cifra diminuíu de 21 a 5 estudantes e no caso de mobilidade allea as cifras mantéñense igual. Cabe sinalar que no IRPD do curso anterior declarouse unha acción de mellora co obxectivo de aumentar a participación de alumnado do centro en programas de mobilidade. Desde o centro promoveuse unha colaboración con dúas universidades chilenas no programa Erasmus+ KA107 e concretase na mobilidade estudiantado e profesorado do centro, estancias que se realizarán ao longo do 2019/20, polo que se recollen no seguinte IRPD. Non obstante considérase necesario que desde o centro se manteña esta acción de mellora activa e que se establezan convenios de mobilidade con outras universidades.

"I11 Distribución do alumnado por centro de prácticas". A titulación non ten prácticas externas curriculares no seu plan de estudos. Pero contéplase a posibilidade de recoñecemento de créditos de carácter optativo por prácticas externas extracurriculares. Amósase unha gran diversidade de empresas que ofertan prácticas para esta titulación, algunhas das cales amosan unha gran vinculación coa titulación xa que repiten oferta nos últimos cursos. A valoración é moi positiva.

Puntos débiles detectados:

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que basea a valoración:

E1: Memoria vixente do título

E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora

E3: Perfil de ingreso do alumnado(grao)

E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico)

E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade

E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.).

QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza

Indicadores nos que se basea a valoración:

I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescrición

I2: No caso de mestrado, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia

I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...)

I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros

I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza.

I01-AC: Nota media de acceso

I01(2)-AC: Nota mínima de acceso

I02-AC: Ocupación

I03-AC: Preferencia

I03(2)-AC: Adecuación

III.2 Criterio 2. Información e transparencia

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e se atopa dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de intereses).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración

A información pública do grao canalízase fundamentalmente a través da Web do centro/título co compromiso de facilitar datos accesibles fiables e útiles ao alumnado e aos diferentes grupos de interese. A Web <http://minasyenergia.uvigo.es/gl/estudos/grao-en-ee> aloxa información cualitativa e cuantitativa que garanten a transparencia no marco dos requisitos establecidos polas administracións públicas de forma xeral e particularmente pola Axencia de Calidade para o Sistema Universitario de Galicia (ACSUG).

Este compromiso esténdese tamén á preocupación por manter permanentemente actualizada a información. Atendendo a esta última cuestión, no marco do Sistema de Calidade do centro, elaborouse un rexistro denominado "*R1 DO-0301 P1. Plan Operativo de Información Pública*", que constitúe un rexistro do Sistema de Garantía de Calidade e constitúe unha ferramenta para facilitar a xestión da información de forma adecuada e eficaz a través da Web.

A Web, con todo, non é a única canle de información relevante. A plataforma FAITIC <https://faitic.uvigo.es/index.php/es/> configúrase como un espazo moi importante no que respecta ao desenvolvemento e organización dos ensinos. Tamén se emprega esta plataforma como espazo de comunicación xeral cos estudantes.

Outras canles de comunicación relevantes co alumnado e o profesorado, xa comentados, son os ligados ao desenvolvemento do PAT e o fluxo de achegas que se produce no marco das enquisas de satisfacción e as queixas, suxestións e parabéns (QSP). En relación ás queixas recibidas a través do sistema QSP no curso 2018/19, das 12 entradas recibidas catro refírense á páxina Web do centro, pero non hai ningunha específica da titulación.

En relación á valoración de diferentes ítems relacionados co acceso á información pública cabe sinalar a valoración do alumnado:

"*A accesibilidade da información sobre a titulación publicada na Web*": subiu de 3 puntos no 2017/18 a 3,84 no 2018/19.

"*A utilidade da información sobre a titulación publicada na Web*": subiu de 2,83 puntos no 2017/18 a 3,46 no 2018/19

"*A utilidade da información sobre a titulación transmitida por outros soportes (plataformas de teledocencia, taboleiros, pantallas audiovisuais...)*": aumentou de 2,62 puntos no 2017/18 a 2,82 no 2018/19.

"*A información sobre as actividades extracurriculares (actividades culturais, deportivas, sociais...)*": a valoración baixa lixeiramente de 2,66 puntos a 2,62 puntos. No IRPD do curso anterior declarouse unha acción de mellora que se está desenvolvendo na actualidade e que se valora necesario manter, ao obxecto de aumentar a valoración deste indicador.

A valoración que fai o profesorado do ítem "*A información dispoñible sobre o desenvolvemento do ensino e a avaliación das aprendizaxes (horarios, calendario das probas de avaliación, actividades, cambios.*" é de 4,55.

Considérase que en termos xerais a información pública que se ofrece na páxina Web é accesible, está actualizada e ben estruturada e contén toda a información que os diferentes colectivos demandan. No IRPD do ano anterior identificouse que hai certa información pública á que o colectivo de interese pode ter dificultade en acceder, pola terminoloxía empregada na Web; en particular, toda a información pública dirixida fundamentalmente a centros de ensino secundario obrigatorio (ESO), Bacharelato e de FP. Declarouse no IRPD do ano anterior unha acción de mellora neste sentido e que xa se rematou. Tamén se constatou no IRPD do ano anterior a necesidade de actualizar os trípticos da titulación, acción de mellora que tamén se rematou.

Si se identifica como punto débil que a web actual non recolle información clara e accesible sobre a actividade profesional das persoas egresadas, o cal pode resultar útil na captación de estudantado. Declárase unha acción de mellora co obxectivo de visibilizar a actividade profesional e laboral das persoas egresadas.

Puntos febles detectados:

Baixa visibilidade na web do centro da actividade profesional das persoas egresadas das titulacións.

Accións de mellora a implantar:

Mellorar as canles de información pública sobre actividades profesionais das persoas egresadas da titulación

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E6: Páxina Web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II)

R1- DO0301P1: Plan operativo de información pública

QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa Web e/ou a información pública.

III.3 Criterio 2. Sistema de Garantía de Calidade

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen la valoración

Cabe sinalar que a Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, ten implantado o Sistema de Garantía Interno de Calidade, sistema que dispón de certificado FIDES-AUDIT, selo de calidade que pon de relevo a súa correcta implantación e a súa incidencia na mellora continua do centro e as súas titulacións.

Considérase oportuno destacar a implicación no desenvolvemento da titulación da Comisión de Calidade do centro, participando activamente na toma de decisións máis relevantes da titulación (como evidencia pódense consultar as actas da devandita Comisión).

Todas as evidencias de implantación do SGIC están dispoñibles nas correspondentes plataformas de recompilación de documentos. Algunhas evidencias tamén son de acceso público e pódense consultar na ligazón

<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/calidade/sgic/evidencias>.

En relación á valoración por parte do alumnado do epígrafe “*As canles de participación na mellora da titulación (caixa de queixas, suxestións e parabéns, delegación de alumnos, participación nas comisións, comunicación cos responsables da titulación)*” aumentou de 2,52 puntos no 2017/18 a 2,62 no 2018/19, valor que se considera mellorable, polo que se mantén a necesidade de continuar traballando na acción de mellora declarada no IRPD do curso anterior.

A valoración do epígrafe “*Xestión da calidade*” por parte do profesorado é de 4,24 puntos, o que se valora positivamente.

A valoración do epígrafe por parte das persoas tituladas á pregunta “*A xestión da calidade da titulación*”, é de 3,06 puntos, valor que se considera mellorable e que será obxecto de revisión da súa tendencia.

En relación aos resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade no IRPD do curso anterior declarouse unha acción de mellora para revisar e actualizar os valores obxectivo da titulación. Cabe sinalar que ao longo do curso 2018/19 a titulación someteuse ao procedemento de modificación e o punto de partida foi a información procedente das seguintes fontes:

1. Recollida de información: persoas egresadas, empregadores/as e alumnado da titulación. Preguntouse que aspectos se identificaban como puntos fortes e débiles e que suxestións propoñían para mellorar as titulacións.
2. Revisión da información recollida nos informes do PAT.
3. Revisión dos resultados das enquisas de satisfacción das titulacións (alumnado, persoas egresadas, profesorado).
4. Revisión do contido das evidencias do SGIC relativas ao desenvolvemento das titulacións.
5. Revisión do programa Selo EURACE e condicións para a súa obtención.
6. Información dos informes dos procedementos de modificación, renovación da acreditación, seguimento e IRPDs da titulación.

Polo tanto considérase apropiado esperar a rematar o proceso de modificación da titulación para proceder á revisión e actualización dos valores obxectivo da mesma, acción de mellora que se declara a nivel de centro.

Puntos febles detectados:

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E5: Actas das reunións celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade

E10: Documentación do SGC (Política, obxectivos de calidade, manual e procedementos)

E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública)

E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade

I5: Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro

III.4 Criterio 4. Recursos humanos

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración

"I02-PE Cualificación do PDI". Obsérvase unha tendencia á subida neste indicador (61% no 17/18 e 64,10% no 18/19). Este indicador recolle a porcentaxe de doutores sobre o total de profesorado da titulación. Aínda que se acada a meta (mellorar os resultados do ano anterior), considérase que o indicador é mellorable.

"I03-PE Resultados de investigación de carácter académico (sexenios)". Obsérvase un aumento desde indicador (53,39% no curso 16/17 e 61,21% no 18/18) e acádase por primeira vez o valor obxectivo (superior ao 60%), polo que se valor moi positivamente.

A porcentaxe de participación do alumnado nas EAD é do 40,78%. O ítem "I8 Resultados de avaliación docente do profesorado" que mide o grao de satisfacción coa actividade docente do profesorado aumentou de 3,86 a 3,99 no 2018/19 e mantense a tendencia a alta (nos cursos anteriores non baixou de 3,7 e aumenta todos os cursos).

En canto aos resultados obtidos no programa de avaliación da actividade docente DOCENTIA anual cabe sinalar que no momento da realización deste informe non se dispón de datos definitivos correspondentes ao curso 2017/18. Os datos que se presentan corresponden aos cursos anteriores:

Curso	Nº Profesorado	Nº Avaliado	% Avaliado	Moi favorable	Favorable	Suficiente	Desfavorable
2016/2017	66	63	95,45%	10	32	4	17
2015/2016	65	51	78,46%	8	34	3	6
2014/2015	67	54	80,60%	4	27	9	14

Apréciase unha melloría en canto á porcentaxe do profesorado avaliado, que é case do 100%, e ao persoal da titulación encadrado no rango moi favorable. En cuanto a los resultados cabe sinalar que aumenta en dous profesores os que reciben valoración "moi favorable" e mantense o total de profesorado con "moi favorable" ou "favorable". Cabe sinalar non obstante, que aumenta de 6 a 17 o número de profesores que recibe a valoración de "desfavorable". Revisarase no próximo IRPD este dato concreto, para valorar si este aumento se debe a circunstancias concretas o se marca unha tendencia.

"I10 Nº e % de profesorado que participa en programas de mobilidade". Aumenta lixeiramente respecto a cursos anteriores (de 2 a 4). Cabe sinalar que no IRPD do curso anterior declarouse unha acción de mellora co obxectivo de aumentar a participación de profesorado do centro en programas de mobilidade. Desde o centro promoveuse unha colaboración con dúas universidades chilenas no programa Erasmus+ KA107 e concretase na mobilidade de profesorado do centro, estancias que se realizarán ao longo do 2019/20, polo que se recolleran no seguinte IRPD. Non obstante considérase necesario que desde o centro se mantenga esta acción de mellora activa e que se establezan convenios de mobilidade con outras universidades.

"I017(2)-PE Profesorado en programas de formación". Cabe sinalar que este indicador aumentou de 17 a 22 do curso 2017/18 ao 2018/19, dato que se valora positivamente.

En canto ás enquisas de satisfacción do alumnado e das persoas egresadas, un dos ítems mellor valorados é, precisamente, o correspondente a recursos humanos: a atención do PAS do centro, valorada cun 3,85 polo alumnado, e a cualificación do PAS, que alcanza unha valoración de 4,0 para as persoas egresadas. En canto ao bloque correspondente aos recursos humanos da titulación, o alumnado valorouno con 3,85 e as persoas egresadas cun 3,40. Considérase que é unha boa valoración.

Puntos febles detectados:

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou valoración:

E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.)

R2-PE02 P1: Informe para os responsables académicos (DOCENTIA)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente resultados da enquisa de satisfacción do PAS e PDI

I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas

I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas.

I8: Resultados das enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución

I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos

I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)

I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

I02-PE: Cualificación do PDI

I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico (sexenio)

I03(2)-PE: Profesorado por categoría

III.5 Criterio 5. Recursos materiais e servizo

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición do estudantado son os axeitados ás necesidades do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración

A Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía dispón dos recursos e espazos necesarios para o óptimo desenvolvemento da titulación. En canto á dispoñibilidade de recursos materiais non constan necesidades específicas de material ou recursos docentes que dificultasen a impartición da docencia en base ao establecido no proxecto formativo.

No IRPD do curso anterior si se constatou certa limitación de dispoñibilidade de espazos docentes no centro de cara a garantir un horario máis compacto, feito que pareceu xustificar a baixa valoración por parte do alumnado dos horarios para o 2017/18 (2,45 puntos), polo que se declarou unha acción de mellora, que foi realizada. A valoración do ítem “Os horarios da titulación” aumentou de 2,45 no 2017/18 a 3,77 no 2018/19, feito que se valora moi positivamente.

En canto aos resultados das enquisas de satisfacción do alumnado dos recursos materiais a valoración mellorou lixeiramente nos ítems “As aulas e o seu equipamento” (2,77 no 2017/18 a 3,38 no 2018/19) e “Os laboratorios, aulas de informática, obradoiros e espazos experimentais e o seu equipamento” (2,68 no 2017/18 a 2,69 no 2018/19), e “As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia” (3,15 a 3,77). O ítem “Espazos destinados a traballo autónomo” baixa lixeiramente (3,55 puntos a 3,38). En termos globais, considérase que a tendencia é positiva.

Si que se considera necesario destacar a baixa valoración por parte do alumnado do ítem “A cantidade de prácticas realizadas nas materias da titulación”, cunha valoración de 2,23 puntos. Cabe sinalar que a finais do curso o centro organizou por primeira vez a viaxe de estudos da titulación, unha viaxe de catro días de duración para que o alumnado puidera coñecer os procesos tecnolóxicos e instalacións do seu ámbito de traballo que non se encontran na comunidade autónoma de Galicia e, polo tanto, non se poden visitar nas saídas de campo que forman parte das actividades formativas de carácter práctico das materias. A valoración desta actividade, aínda que foi realizada no curso 2018/19, non se recolleu formalmente, aínda que o alumnado trasladou a súa valoración positiva a actividade. Non obstante, declárase unha acción de mellora co obxectivo de incrementar as actividades formativas de carácter práctico na titulación.

Cabe sinalar a valoración que fai o profesorado do epígrafe “Recursos Materiais e servizos”, con 4,12 puntos

En relación ás prácticas externas a titulación non contempla prácticas curriculares. Si se contempla a posibilidade de recoñecer ata 12 ECTS por realización de prácticas externas extracurriculares. Cabe sinalar que a xestión das prácticas externas curriculares non é competencia do centro. No entanto cabe sinalar a baixa valoración que se reciben nas enquisas de satisfacción das persoas egresadas do ítem “A utilidade as prácticas académicas (externas, de ser o caso)”, ítem valorado con 2,33 puntos no 2017/18 e que aumentou lixeiramente no 2018/19 a 2,91. Tamén cabe sinalar a puntuación do epígrafe “Recursos materiais” das persoas egresadas, con 3,95 puntos, feito que se valora positivamente.

En relación aos resultados das enquisas de satisfacción coa titulación do alumnado cabe sinalar que o epígrafe “A orientación académica recibida non plan de acción tutorial” mantén unha baixa valoración (2,33 puntos). En canto ás actividades de orientación e acollida ao estudantado cabe sinalar que o centro activou o desenvolvemento de programa de Mentorización (MEET), concibido para os estudantes de novo ingreso da titulación, e que se desenvolve ao longo do primeiro curso da titulación. A descrición e valoración do desenvolvemento do programa de tutorización, que inclúe o MEET está dispoñible no correspondente rexistro “Informe Final de Avaliación do PAT do curso 2018/19”. En base aos resultados obtidos considérase adecuado continuar coa implantación do Programa de Mentorización.

Puntos febles detectados:

Limitado número de actividades formativas de carácter práctico na titulación

Accións de mellora a implantar:

Aumentar as actividades formativas de carácter práctico na titulación (laboratorio instrumental, laboratorio de informática, actividades de campo, visitas á instalacións, etc.)

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título

E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT

E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e extracurriculares.

E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título

E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia

E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos

I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas

I11: Nº de alumnado por centro de prácticas.

I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

III.6 Criterio 6. Resultados de aprendizaxe

Estándar: Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración

En relación á valoración por parte do alumnado de resultados da titulación cabe sinalar os resultados correspondentes aos seguintes ítems: (i) "*A formación adquirida (coñecementos e contidos)*": aumentou de 2,66 a 2,77 no 2018/19 e (ii) "*A capacidade para aplicar as habilidades e destrezas adquiridas*" mantense en valores similares (2,46). Considérase que ambos ítems teñen valoración mellorable.

"*I010-DO Duración media dos estudos*". A duración media presenta lixeiro aumento nos últimos cursos pero acádase en calquera caso o valor obxectivo como meta da titulación (5 anos). Non obstante, dado que no 2018/19 o valor é de 4,94, considérase oportuno estar pendentes da evolución do indicador.

"*I011-DO Taxa de rendemento*". En canto á taxa de rendemento, obsérvase un descenso do 60,78% no curso 2017/18 ao 54,74% no 18/19, non alcanzando o valor obxectivo (superior ao 70%); ademais xa leva dous cursos por debaixo da meta da titulación. Considérase que esta taxa debería incrementarse nos próximos cursos como froito dos labores de coordinación de materias e de curso.

"*I012-DO Taxa de abandono*". O valor da taxa de abandono baixou do 18,75% ao 17,74%, polo que a tendencia é boa, aínda que insuficiente, dado que non se acada a meta da titulación (<15%). Non obstante cabe sinalar que o valor do indicador da titulación é inferior ao valor de referencia para as titulacións de grao do ámbito da enxeñaría na Universidade de Vigo (27%, último dato dispoñible para o curso 2017/18), o que se valora positivamente.

"*I013-DO Taxa de eficiencia*". O valor desta taxa é de 84,65%, que cumpre o valor obxectivo (superior ao 80%).

"*I014-DO Taxa de graduación*". En canto á taxa de graduación, o valor do curso 2018/19 (67,31%) queda preto do valor obxectivo (superior ao 70%).

"*I015-DO Taxa de éxito*". En canto aos resultados da taxa de éxito diminuíu lixeiramente nos últimos cursos, non alcanzando o valor obxectivo (superior ao 80%) nos tres últimos, con valores que van dende 77,29% a 71,52%. Considérase que esta taxa debería incrementarse nos próximos cursos como froito das labores de coordinación que se están levando a cabo nas materias con taxas de éxito baixas a través das coordinacións do título. Conclúese que se debe seguir traballando en mellorar as taxas de éxito e rendemento das materias con baixos resultados.

En relación aos resultados das materias, cabe sinalar que 16 materias teñen un rendemento inferior á meta obxectivo (>70%) (aínda que hai 5 nas que a taxa é superior ao 65%). En relación a taxa de éxito, identificáronse 8 materias que teñen unha taxa inferior ao valor obxectivo (>70%). Tómanse como valores obxectivo os sinalados para a titulación na memoria de verificación. En relación á valoración das taxas das materias, declarouse unha acción de mellora no IRPD do curso anterior que está en fase de desenvolvemento. Considérase necesario seguir coa realización desta acción de mellora, para valorar se as materias que non acadan as taxas obxectivo o fan de forma puntual un ano ou se manteñen os valores ao longo do tempo. Tamén se propón, en calquera caso, traballar de forma específica con estas materias ao longo do curso 2019/20.

"*I14 Resultados de inserción laboral*". No contexto específico dos graduados en Enxeñaría da Enerxía pola Universidade de Vigo preséntanse a continuación os últimos datos dispoñibles de inserción laboral (informe ACSUG), dispoñibles no Portal de transparencia da Universidade de Vigo, correspondentes aos titulados no curso académico 2013/14. O 86,67% de persoas egresadas traballa actualmente, cifra acorde á media de porcentaxe no ámbito de enxeñaría e arquitectura no SUG (88,56%) e superior á media do SUG para todas as titulacións (79,59%). Cabe sinalar que o 83,33% das mulleres traballa actualmente, cifra destacable en ámbitos que se poderían identificar *a priori* como tradicionalmente masculinizados. Valóranse como positivos os resultados relativos á inserción laboral das persoas egresadas.

En relación á inserción laboral dos Graduados en Enxeñaría da Enerxía tamén cabe sinalar os resultados do informe "*Estudo da Inserción Laboral dos egresados da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía 1992-2017*", publicado en 2017. O informe realizouse sobre tres colectivos, correspondentes ás tres titulacións das que houbo persoas egresadas desde o comezo da impartición de estudos de Enxeñaría de Minas na Universidade de Vigo. En particular os colectivos consultados foron: (i) Enxeñeiros/as de Minas (titulación LRU) (19 promocións), (ii) Graduados/as en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (3 promocións) e (iii) Graduados/as en Enxeñaría da Enerxía (3 promocións).

No IRPD do curso anterior declarouse unha acción de mellora que tiña como obxectivo dispor de información actualizada da inserción laboral das persoas egresadas da titulación que aínda está en fase de desenvolvemento e do que se presentan os resultados preliminares neste IRPD. En particular cabe sinalar a porcentaxe de persoas que están traballando é do 63% e que da porcentaxe das persoas que está traballando, un 64% están a facelo no seu ámbito de estudos. Tamén recolle o informe que o 94% das persoas que están a traballar o fan a tempo completo e que o tempo que transcorre para acceder ao primeiro emprego no ámbito relacionado cos estudos é entre 1 e 6 meses.

A comparativa de resultados entre ambos informes, separados por dous anos de diferenza, indican unha melloría nos resultados de inserción laboral. Non obstante, considérase axeitado continuar recollendo información e dispor de información actualizada en relación a inserción laboral das persoas egresadas da titulación.

Puntos febles detectados:	Accións de mellora a implantar:
Evidencias nas que se se baseou la valoración: E4: Guías docentes das materias E24: Listaxe de traballos fin de grao/ fin de mestrado (título, titor e cualificación) E25/: Informes de cualificación por materia EA11: Informes de prácticas	
Indicadores nos que se baseou a valoración: Indicadores: I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese - Análise xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia)	

III.7 Criterio 7. Resultados de satisfacción e rendemento

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados adecúanse ás previsións e características do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración

"I02-MC Grao satisfacción estudantado". A participación do alumnado nas enquisas de satisfacción baixou de 41% a 29 %, en calquera caso valor similar á media de participación na Universidade este curso (29,15%). A valoración global da satisfacción do estudantado sobre a titulación aumentou lixeiramente respecto ao curso anterior (2,76 a 3,02) e supérase a meta da titulación (>3). Aínda que se acada a meta considérase convinte facer un seguimento do indicador para analizar a súa evolución nos próximos cursos.

A puntuación máis alta corresponde ao bloque **"Recursos Humanos"** (3,85) non que se valora un único ítem: **"A atención do persoal de administración e servizos do centro"**.

Revisadas as valoracións de todos os sub-ítems observase que a valoración máis baixa por parte do alumnado corresponde á pregunta **"A cantidade de prácticas realizadas nas materias da titulación"** (2,23) e **"A orientación académica recibida no plan de acción tutorial"** (2,33). En ambos casos están declaradas as correspondentes accións de mellora. As valoracións máis altas por parte do alumnado dos sub-ítems corresponden a **"A información e accesibilidade da información sobre a titulación publicada na web"** (3,85) e **"A atención do PAS do centro"** (3,85).

Considérase importen sinalar que todos os ítems da enquisa de satisfacción da titulación para o alumnado aumentaron a súa valoración (organización e desenvolvemento, información e transparencia, SGC, recursos humanos, recursos materiais e servizos e resultados de aprendizaxe), como se pode ver nas táboas de datos do epígrafe II.3 da titulación, feito que mostra a boa tendencia dos resultados.

"I03-MC Grao satisfacción profesorado". Cabe sinalar que a enquisa é bienal, polo que o último dato de referencia é o do curso 2016/17. O índice de participación foi do 39%. En canto á valoración global de satisfacción do profesorado coa titulación, o valor do curso 2018/19 é 4,19, valor que aumentou desde o curso 16/17 (3,87), e que supera o obxectivo da titulación (superior a 3 puntos), feitos que se valoran positivamente.

As valoracións máis baixas por parte do profesorado corresponde aos sub-ítems **"Os laboratorios, as aulas de informáticas, os obradoiros e espazos experimentais e o seu equipamento"** con 3,96 puntos e **"A adecuación das competencias do título co desenvolvemento profesional do estudantado"**, con 3,96 puntos. Cabe sinalar que estes indicadores, con 3,96 puntos cada un, son os únicos indicadores cunha puntuación inferior a 4 puntos.

As valoracións máis altas por parte do profesorado corresponden ao sub-ítem **"A información dispoñible sobre o desenvolvemento do ensino e a avaliación das aprendizaxes (horarios, calendario das probas de avaliación, actividades, cambios..."**, con 4,55 puntos.

Considérase importen sinalar que todos os ítems da enquisa de satisfacción da titulación para o profesorado aumentaron a súa valoración (obxectivos e competencias, planificación e desenvolvemento, recursos humanos, recursos materiais e servizos, resultados, orientación ao estudantado e xestión da calidade) desde o último curso de recollida de datos e todos eles teñen unha valoración superior a 4 puntos, como se pode ver nas táboas de datos do epígrafe II.3 da titulación, feito que mostra a boa tendencia dos resultados.

"I04-MC Grao satisfacción persoas tituladas". A participación deste colectivo nas enquisas de satisfacción coa titulación foi do 58%, valor que aumentou respecto ao curso anterior substancialmente (20%). A valoración global de satisfacción das persoas egresadas sobre a titulación mantense por encima de 3 puntos (3,32).

Os sub-ítems peor valorado polas persoas egresadas son **"A orientación profesional e laboral"** (2,47 puntos) e **"A orientación académica para continuar estudos"** (2,79). En ambos casos están declaradas accións de mellora. Os sub-ítems mellor valorados son **"Os programas de mobilidade..."** (4,38 puntos) e **"Os recursos tecnolóxicos (secretaría virtual....)"** (4,26 puntos).

"I06-MC Grao satisfacción empregadores". Deste indicador non se teñen datos. O obxectivo para vindeiros cursos é obter datos do grao de satisfacción xa que este é un indicador importante na planificación do SGIC.

Puntos febles detectados:

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

Indicadores:

I1: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico

I12: Evolución dos indicadores de resultados

Taxa de graduación

Taxa de abandono

Taxa de eficiencia

Taxa de rendemento

Taxa de éxito

Taxa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial)

I13: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso

I14/I016-D0: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar emprego

I010-D0: Duración media dos estudos

IV. Modificacións non substanciais da titulación

Inclúiranse as modificacións non substanciais, que se corresponden con aqueles cambios menores que melloran a titulación e que a Universidade pode implantar como resultado do proceso de seguimento, tal e como se recolle no "*Procedemento para a solicitude de Modificacións nos Títulos Verificados de Grao e Mestrado*" de ACSUG. Estas modificacións deben ser notificadas e xustificadas nos informes de seguimento e incorporadas na memoria do título cando se teña que someter a un proceso de modificación.

Para o curso 2018/19 non se formulan modificacións non substanciais da titulación. Cabe sinalar que ao longo do curso 2018/19 a titulación someteuse ao proceso de modificación.

V. Estado de situación das accións de mellora propostas en informes anteriores

Procedeuse a revisar todas as accións de mellora que estaban declaradas en plans de mellora previos. Dado que o formato de presentar e declarar as accións de mellora cambiou nos últimos anos (algunhas estaban declaradas por titulacións, outras por centro e outras estaban declaradas de forma diferente dúas veces), no IRPD do 2017/18 procedeuse a recoller todas as accións de mellora, reenumeralas e actualizar o estado en que se atopaban en relación ao desenvolvemento das mesmas. A información detallada de cada acción de mellora declarada a partir do 2017/18 (estado actual, resultados, xustificación, indicadores de execución e observacións) está recollida na plataforma de xestión documental do SGIC do centro. Todas as accións de mellora que teñen contido no epígrafe “Observacións” non figuraban rematadas no IRPD do curso 2017/18.

Nº	Curso	Descrición da acción de mellora	Situación do desenvolvemento			
			Rematada	Proceso	Non iniciado ou non procede	Observacións
1	2015/16	Informar ao alumnado sobre o Centro de Linguas da UVigo. Informar ao alumnado sobre a importancia da formación en idiomas. Incluir no acto de benvinda de 1º curso información sobre o Centro de Linguas da UVigo.	X			
2	2015/16	Ofertar o curso sobre “Busca e Xestión de información para o TFG”. Aumentar as defensas de TFG na convocatoria ordinaria. Continuar coa oferta do curso sobre TFG	X			
3	2015/16	Informar nas sesións presenciais de TFG sobre prazos e planificación. Aumentar as defensas de TFG na convocatoria ordinaria. Informar nas sesións presenciais de TFG sobre prazos e planificación	X			
4	2015/16	Realizar enquisas de satisfacción sobre as competencias. Dispor de información da satisfacción sobre las competencias. Solicitar á área de calidade a realización de enquisas a titulados e empregadores		X		Nas enquisas de satisfacción ao alumnado inclúense a pregunta “A formación adquirida (coñecementos e contidos)” e “A capacidade para aplicar as habilidades e destrezas adquiridas” e valoráronse con 2,77 e 2,46 puntos no 2018/19, valoracións que se consideran baixas. Para o profesorado as preguntas “As competencias adquiridas polo estudiantado” e “A adecuación das competencias do título co desenvolvemento profesional do estudiantado” valóranse con 4,15 e 3,96 no 2018/19, valoracións que se consideran boas. Ambas puntuacións (profesorado e alumnado) son mellorables, especialmente as do alumnado, motivo polo que se mantén a acción de mellora activa. En calquera caso considérase necesario realizar unha análise máis pormenorizada dalgunhas competencias, especialmente as vinculadas ao exercicio da profesión regulada, polo que é un motivo adicional para manter a acción de mellora activa

5	2015/16	Solicitar á FUVI os datos de Prácticas Externas. Dispor de datos sobre PE. Solicitar á FUVI os datos de PE	X			
6	2015/16	Solicitar que Xescampus desagregue por tipoloxía os créditos recoñecidos. Dispor de datos sobre a tipoloxía de créditos recoñecidos. Solicitar que Xescampus desagregue por tipoloxía os créditos recoñecidos	X			A acción de mellora rematouse e a data actual xa está configurada a plataforma de xestión académica de forma que se podan identificar a tipoloxía dos créditos obxecto de recoñecemento
7	2015/16	Potenciar as accións de difusión do título. Ampliar as accións de difusión do título. Planificar novas accións de difusión	X			
8	2015/16	Adaptar a Web para cumprir cos criterios de accesibilidade. Adaptar a Web para cumprir a "Ley 56/2007 de 28 de decembro de Medidas de impulso da sociedade da información". Adaptar a Web para cumprir cos criterios de accesibilidade	X			
9	2015/16	Mellorar os mecanismos de información a outros grupos de interese. Elaborar bases de datos e listas de distribución para facer chegar a outros grupos potenciais de interese a información relativa ao título (empregadores, administración, centros educativos, asociacións, <i>clusters</i> ...). Mellorar os mecanismos de información a outros grupos de interese	X			
10	2015/16	Realizar enquisas de satisfacción sobre a información pública. Dispor de datos sobre a satisfacción coa información pública do título. Realizar enquisas de satisfacción sobre a información pública	X			As enquisas de satisfacción, tanto para alumnado como profesorado, recollen un epígrafe específico sobre a satisfacción da información pública. Os resultados destes ítems e a súa valoración están recollidos no epígrafe "Información e transparencia" da titulación
11	2015/16	Implantar os novos procedementos do SGC. Actualizar os procedementos do SGC.	X			
12	2015/16	Actualizar os procedementos do SGC relativos a Persoal. Actualizar os procedementos do SGC.	X			
13	2015/16	Mellorar os resultados das enquisas de satisfacción. Informar ao alumnado sobre os temas de Calidade		X		A valoración global do alumnado (enquisas de satisfacción) aumentou de 2,76 a 3,02 nos dous últimos cursos, así como os resultados da valoración das Enquisas de Avaliación Docente (EAD) (de 3,7 no 16/17 a 3,99 puntos no 2018/19). A valoración global do profesorado aumentou desde 3,87 a 4,19 nos últimos tres cursos académicos (16/17 a 18/19) A valoración global das persoas tituladas mantense de media nos últimos cursos de 3,46 As valoracións dos diferentes ítems e sub-ítems están recollidas nos diferentes apartados do IRPD Non hai datos das persoas empregadoras, polo que se declarou unha acción de mellora específica

						Aínda que hai resultados de valoración que melloran, considérase necesario manter activa a acción de mellora ata obter mellores resultados na satisfacción global do alumnado e persoas tituladas
14	2015/16	Dispor dos Datos das EAD. Dispor de datos sobre a avaliación docente do profesorado. Solicitar á área de calidade os resultados das EAD por profesor	X			
15	2015/16	Solicitar á área de Calidade as enquisas de EAD nun formato adecuado. Solicitar á área de calidade os resultados das EAD por profesor en formato Excel	X			
16	2015/16	Solicitar aos departamentos que a coordinación das materias a asuman profesores con vinculación permanente co título. Solicitar aos departamentos que a coordinación das materias a asuman profesores con vinculación permanente coa Universidade	X			
17	2015/16	Aumentar a participación do profesorado en programas de mobilidade. Aumentar a participación do profesorado en programas de mobilidade. Informar ao profesorado sobre as convocatorias anuais de mobilidade	X			Esta acción de mellora intégrase dentro da acción de mellora nº 45 que se plantexa como unha acción de mellora relativa a accións específicas do centro para promover programas de mobilidade específicos para o profesorado e alumnado da titulación
18	2015/16	Solicitar un Técnico de Calidade. Solicitar á área de calidade un Técnico de Calidade con carácter permanente	X			Declárase pechada, dado que o centro realizou a solicitude. Na actualidade, aínda que non hai unha persoa (técnico/a de calidade) para o centro, cóntase co persoal do "Área de Apoio a Investigación e transferencia e Xestión de Centros e Departamentos" que apoia desde o punto de vista administrativo á xestión da calidade. Ademais, cóntase coas funcións específicas da persoa Coordinadora de Calidade no centro e o apoio técnico da Área de Calidade da Universidade
19	2015/16	Facer un seguimento das materias/profesores con queixas non formais. Enviar aos profesores con queixas non formais recollidas no PAT un escrito informándolles das queixas recibidas	X			
20	2015/16	Valorar e analizar xunto co profesorado implicado os resultados das súas materias. Realizar unha análise máis profunda sobre os resultados por materias		X		A acción de mellora está a desenvolverse e considérase necesario mantela activa. Identifícanse as materias que teñen taxas que non se axustan aos valores obxectivo e, de forma coordinada co profesorado, trátase de identificar as causas.
21	2015/16	Enquisas de satisfacción a outros grupos de interese. Dispor de datos sobre as enquisas de satisfacción. Solicitar á área de calidade a realización de enquisas a outros grupos de interese	X			Esta acción de mellora está completada. As enquisas de satisfacción coa titulación realízanse ao alumnado, profesorado, PAS, persoas tituladas e persoas empregadoras, polo que se considera que se recolle a valoración de todos os colectivos de interese.
22	2015/16	Mellorar os resultados das taxas de rendemento. Facer un seguimento das materias con taxas máis baixas		X		Os valores da taxa de rendemento da titulación foron 67,89%, 60,78% e 54,74% desde o 16/17 ao 18/19. O valor obxectivo da taxa é superior ao 70%, polo que se está traballando en valores próximos pero aínda non se supera, polo que se mantén activa a acción de mellora. Considérase necesario identificar aquelas materias que teñen taxas de rendemento afastadas do valor obxectivo e traballar de forma específica co profesorado destas materias.

						Non obstante, a acción de mellora redefínese para referirse só aos resultados da taxa de rendemento da titulación. A acción de mellora relativa aos valores das taxas das materias recóllese na acción de mellora 20.
23	2015/16	Mellorar os resultados de acceso e admisión. Mellorar os resultados de acceso e admisión. Potenciar as labores de difusión do título		X		Os datos de matrícula de novo ingreso non acadan os valores obxectivo, polo que é necesario manter e traballar intensamente en todas as accións de mellora que teñen como obxectivo aumentar a taxa de ocupación. A relación de actividades de difusión e divulgación das titulacións está recollida no <i>"Informe Anual do Plan de Promoción e Captación do Centro"</i> que supuxo, para o curso 2018/19, proporcionar información directa a un colectivo de 3000 estudantes de ESO, Bacharelato e FP. Aínda que se considera necesario manter este tipo de actividades, a estratexia do centro a partir do 2018/19 é traballar directamente con un grupo reducido de centros de ensino de ESO, Bacharelato e FP a través de programas específicos en formación de alumnado (STEMBach e programas de formación de profesorado,...)
24	2015/16	Informar ao alumnado do novo sistema centralizado de QSP. Valorar a posibilidade de manter o sistema do centro e informar ao alumnado do novo sistema.	X			
25	2016/17	Continuar coas estratexias para aumentar a participación nas enquisas de satisfacción.		X		A participación nas enquisas de satisfacción por parte do alumnado foi no 2018/19 de 28,89% (media UVIGO 29,15%). A participación do profesorado 38,96%. Estas porcentaxes son as mais baixas do centro, polo que se traballará de forma específica co alumnado e profesorado da titulación, para acadar resultados similares aos das outras titulacións.
26	2016/17	Aumentar a participación do alumnado nas enquisas internas do centro	X			Esta acción de mellora péchase, dado que non se plantexan enquisas de forma interna no centro e, de facelas, empregaríanse as medidas vinculadas a acción de mellora 25 para aumentar a participación
27	2016/17	Implicar a todo o profesorado nas labores de coordinación para mellorar o fluxo de información entre as/os diferentes coordinadoras/es no referente ás actividades programadas de cada materia.		X		Considérase necesario manter esta acción, que resulta especialmente importante na fase de implantación da modificación da titulación. En particular programaranse como mínimo dúas reunións de coordinación do profesorado de cada curso por cuatrimestre, unha a principio e outra ao final do cuatrimestre
28	2016/17	Modificación do criterio numérico de avaliación en prácticas extracurriculares por "apto" ou "non apto"	X			
29	2016/17	Difusión e promoción das titulacións nas redes sociais	X			
30	2016/17	Modificar a interface da páxina Web da ETSIM	X			
31	2016/17	Cambio de denominación do centro	X			
32	2016/17	Implementación do Plan de Internacionalización.	X			
33	IRPD 16/17	Incentivar a participación do profesorado nas seguintes convocatorias do programa Docentia quinquenal	X			Péchase esta acción de mellora e declárase a nivel de centro, dado que a porcentaxe de participación de profesorado no programa DOCENTIA é un indicador deste nivel, non de titulación (tal como está plantexado na actualidade)

34	IRPD 16/17	Charlas sobre saídas laborais, saídas profesionais ou opcións de continuación de estudos levadas a cabo por persoas egresadas da Escola	X			
35	IRPD 16/17	Perseverar nas negociacións con outros centros para que o alumnado teña acceso directo a algúns dos mestrados, afíns á súa formación e ofertados pola UVigo	X			Ao longo do curso 2018/19 levouse a cabo o proceso de modificación das titulacións de grao do centro. Un dos obxectivos da modificación foi facilitar o acceso das persoas graduadas en Enxeñaría da Enerxía ao Máster en Enxeñaría Industrial. Actualmente, para a titulación modificada facilítase o acceso á titulación, pasando de ter que superar 39 ECTS en concepto de complementos de formación a 6 (dependendo da configuración da optatividade nos estudos de grao).
36	IRPD 17/18	Intensificar as actividades de divulgación propias do ámbito da enerxía		X		Ao longo do curso 2018/19 realizáronse novas actividades específicas do ámbito da enerxía (pódese revisar a información no "Informe Anual de Promoción e Captación"): concursos e premios específicos do ámbito, oferta de proxecto STEMBach de enerxías renovables e charlas monográficas (DieselGate eficiencia enerxética). Tamén se intensificou a actividade en RRSS de noticias relacionadas co ámbito da Enerxía. Non obstante, considérase axeitado manter a acción activa, para valorar o alcance da mesma en dous anos.
37	IRPD 17/18	Intensificar as actividades de promoción da titulación traballando directamente co profesorado de centros de ensino de ESO e FP		X		Ao longo do curso 2018/19 o centro valorou como unha opción moi interesante participar no programa STEMBach, a partir da experiencia dunha profesorado do centro. No curso 2018/19 o centro preparou e ofertou catro proxectos de colaboración STEMBach e púxose en contacto con todos os IES que participan na convocatoria no bienio 2018/20. Os proxectos ofertados cobren temáticas do ámbito das titulacións do centro e seleccionáronse tendo en conta que fosen atractivos para o estudantado de Bacharelato
38	IRPD 17/18	Valorar con algunha empresa ou entidade a posibilidade de convocar bolsas de axuda a estes estudos para bos expedientes académicos		X		Contactouse con empresas e entidades para valorar a posibilidade de que se convoquen bolsas de axuda ao estudo. A mellor opción que trasladan as empresas é o incentivo a través de premios aos mellores expedientes ou premios aos mellores TFG da temática relacionada coa actividade da empresa. Estase pendente de realizar a acción no 2019/20
39	IRPD 17/18	Solicitar desde o centro a participación en programas de mobilidade		X		Esta acción de mellora está en fase de desenvolvemento. Ao longo do curso 2018/19 o centro promoveu a participación nun programa específico de mobilidade con dúas universidades chilenas, dentro do programa Erasmus+ KA107, realizándose as estancias de mobilidade de alumnado e profesorado do centro ao longo do 2019/20. Mantense activa a acción de mellora, dado que se pretende activar a participación neste mesmo programa pero con outras universidades obxectivo
40	IRPD 17/18	Mellorar as canles de información pública sobre actividades extracurriculares para o alumnado do centro		X		Ao longo do curso 2018/19 intensificouse a información sobre as actividades extracurriculares do centro. Publicáronse na web, nas RRSS, activouse o envío de comunicacións a través de correo electrónico e información nas pantallas do centro e contouse coa participación directa de Delegación de Alumnado. A valoración do epígrafe "A información sobre as actividades extracurriculares (actividades culturais, deportivas, sociais...)" é de 2,61. Mantense a acción de mellora ata acadar mellores resultados. Cabe sinalar que a mesma pregunta para o estudantado doutro grao do centro subiu a 3,83 puntos no curso 2018/19.
41	IRPD 17/18	Reestruturar os contidos relativos ás actividades de divulgación científica do centro e actividades de	X			Ao longo do curso 2018/19 procedeuse a reorganizar a información da información específica para os centros de ensino de ESO, Bacharelato e FP na web do centro, para que

		captación de estudantes en centros de secundaria e FP.				resulte máis accesible, creándose un epígrafe principal "INSTITUTOS" na web, que recolle todas as actividades de divulgación e difusión específicas para estes centros.
42	IRPD 17/18	Deseñar un tríptico informativo sobre a titulación que conteña información actualizada	X			Esta acción rematouse ao longo do curso 2018/19. O tríptico novo pódese consultar na páxina web do centro e inclúese como documentación na plataforma do SGIC
43	IRPD 17/18	Intensificar a participación do alumnado nos procesos de mellora da titulación		X		En relación á valoración por parte do alumnado do epígrafe "As canles de participación na mellora da titulación (caixa de queixas, suxestións e parabéns, delegación de alumnos, participación nas comisións, comunicación cos responsables da titulación" aumentou de 2,52 puntos no 2017/18 a 2,62 no 2018/19, valor que se considera mellorable, polo que se mantén a necesidade de continuar traballando na acción de mellora declarada no IRPD do curso anterior.
44	IRPD 17/18	Revisar e actualizar valores obxectivo na política de calidade do centro	X			Péchase, dado que se declara unha acción de mellora a nivel de centro relativa á actualización do documento "Política e Obxectivos de Calidade"
45	IRPD 17/18	Promover desde o centro a participación en programas de mobilidade		X		Esta acción de mellora está en fase de desenvolvemento. Ao longo do curso 2018/19 o centro promoveu a participación nun programa específico de mobilidade con dúas universidades chilenas, dentro do programa Erasmus+ KA107, realizándose as estancias de mobilidade de alumnado e profesorado do centro ao longo do 2019/20. Mantense activa a acción de mellora, dado que se pretende activar a participación neste mesmo programa pero con outras universidades obxectivo
46	IRPD 17/18	Revisar situación actual de espazos do centro e as posibilidades de habilitar espazos docentes		X		Esta acción está en fase de desenvolvemento e completárase ao longo do 2019/20
47	IRPD 17/18	Actualizar o informe de inserción laboral realizado polo centro		X		Esta acción está en fase de execución. Ao longo do curso 2018/19 realizouse a enquisa de recollida de datos e estase a realizar a análise detallado dos datos ao longo do curso 2019/20, aínda que algúns resultados xa de adiantan no IRPD do curso 2018/19.
48	IRPD 17/18	Definir criterios para avaliar os resultados das taxas de éxito, rendemento e avaliación por materia e incorporar valores obxectivo para o centro para a titulación		X		Esta acción de mellora está en fase de desenvolvemento. Na data actual dispónse de información moi actualizada sobre o estado da titulación, despois de traballar durante todo o curso 2018/19 no proceso de modificación da titulación, polo que se está en disposición de plantexar valores obxectivo de taxas para as materias da titulación. Os valores obxectivo recóllense na acción de mellora declarada a nivel de centro relativa á actualización e revisión do documento "Política e Obxectivos de Calidade" do centro.

VI. Listaxe de novas accións de mellora propostas

As accións de mellora que se recollen deben ser coherentes cos resultados acadados e a análise realizada nos epígrafes anteriores. Debe incorporarse toda a información relativa ás mesmas nos formularios de fichas que se teñen habilitado na aplicación de xestión documental do SGC. Achéganse as fichas cumprimentadas no anexo a este informe.

Número	Punto feble detectado	Accións de mellora	Observacións
49	Baixa visibilidade na web do centro da actividade profesional das persoas egresadas das titulacións.	Mellorar as canles de información pública sobre actividades profesionais das persoas egresadas da titulación	
50	Limitado número de actividades formativas de carácter práctico na titulación	Aumentar as actividades formativas de carácter práctico na titulación (laboratorio instrumental, laboratorio de informática, actividades de campo, visitas á instalacións, etc.)	

Máster Universitario en Enxeñaría de Minas

II. Resultados acadados

II.1 Rexistro de resultados do panel de Indicadores do SGIC

Panel de indicadores			¿Existe meta de calidade asociada aos obxectivo de calidade do centro?	Resultado Curso 18-19	Resultado Curso 17-18	Resultado Curso 16-17
Código SGC	Código ACSUG	Descrición				
I02-MC	I4	Grao satisfacción estudantado	Si: >3	4,06	3,52	3,04
I03-MC	I4	Grao satisfacción profesorado	Si: >3	4,33	Sen datos (enquisas bienais)	4,35
I04-MC	I4	Grao satisfacción persoas tituladas	Si: >3	3,23	Sen datos (houbo participación)	3,69
I06-MC	I4	Grao satisfacción empregadores	Sen datos		Sen datos	Sen datos
I01-AC		Nota media de acceso	Non hai meta	6,710 (Anexo I)	7,605	6,721
I01(2)-AC		Nota mínima de acceso	Si: >7	6,219	5,970	5,876
I02-AC		Ocupación	Si: 80 %	15,80 %	44,74 %	50,00 %
I03-AC		Preferencia	Si: 50 %	Non hai datos	Non hai datos	30,00 %
I03(2)-AC		Adecuación	Si: 70%	Non hai datos	Non hai datos	45,00 %
I04-AC	I1	Matrícula de novo ingreso por preinscrición (evolución do estudantado matriculado en cada curso a académico)	Si: ≥ 15	6	17	20
I03-DO	I8	Participación do alumnado nas enquisas de avaliación do profesorado (Enquisas de Avaliación Docente, EAD)	Non hai meta	75,97 %	94,59 %	65,95%
I04-DO	I8	Grao de satisfacción do estudiantado coa actividade docente do profesorado (EAD)	Non hai meta	4,25	3,89	3,77
I05-DO		Grao de satisfacción do estudiantado coa planificación e	Si: >3	3,80	3,32	2,94

		desenvolvemento do ensino				
I06-DO		Grao de satisfacción do profesorado coa planificación e desenvolvemento do ensino	Si: >3	4,40	Non hai datos xa que as enquisas son bienais	4,41
I07-DO		Grao de satisfacción das persoas tituladas coa planificación e desenvolvemento do ensino	Si: >3	3,09	Non hai datos, xa que non houbo participación	3,33
I08-DO		Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas	Non hai meta		Non hai datos	Non hai datos
I09-DO	I3	Estudantes que participan en programas de mobilidade internacionais	Non hai meta	3	0	5
I09(2)-DO		Estudantes estranxeiros	Non hai meta	0	0	0
I010-DO		Duración media dos estudos	Si: ≤ 2.5	2,22 ²⁷	2,36	1,94
I011-DO		Taxa de rendemento	Si: > 70%	80 %	90 %	88 %
I012-DO		Taxa de abandono	Non hai meta	6.67 %	0 %	0 %
I013-DO		Taxa de eficiencia	Si: > 80%	96 %	93 %	97 %
I014-DO		Taxa de graduación	Non hai meta	73 %	95 %	88%
I015-DO		Taxa de éxito	Si: > 80%	99 %	97 %	98 %
I016-DO		Tempo medio para atopar emprego	Non hai meta		Sen datos	Sen datos
I017(2)-PE	I6	Profesorado en programas de formación	Non hai meta	7 (22%)	8	
I02-PE		Cualificación do PDI	Si: mellorar datos actuais	75,00 % (Anexo II)	79,31 %	74,19 %
I03-PE		Resultados de investigación de carácter académico (Sexenios sobre sexenios potenciais)	Si: 70%	98,00 % (Anexo III)	71,15 %	70,18 %
I03(2)-PE		Profesorado por categoría	Catedrático	2	2	2
			Titular	14	15	16
			Contratado Dout.	3	4	4
			Asociado T3	8	4	3
			Non Aplicable	2	4	6
			Postdoutor Xunta mod. A	1		
			Contratado FPI	1		
			Contr. Pred. UVigo	1		
		TOTAIS	32	29	31	

²⁷ Cabe sinalar que os datos de duración media dos estudos non están ben calculados no Portal de Transparencia porque fan a media dos valores obtidos por xénero sen ter en conta a porcentaxe real de cada xénero no colectivo. Os valores recollidos na táboa, para os tres cursos, foron calculados tendo en conta a porcentaxe real de cada xénero no colectivo.

II.2 Rexistro de resultados dos indicadores específicos do seguimento establecido por ACSUG

Indicadores de Seguimento				Resultado Curso 18-19	Resultado Curso 17-18	Resultado Curso 16-17
E3	I2	Perfil de ingreso do alumnado (grao)- Alumnado por titulación de procedencia (mestrado).	Grao en Enxeñaría da Enerxía	3	7	9
			Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	3	8	10
			Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías Mineiras		1	
			Enxeñeiro Técnico Industrial. Especialidade en Electricidade		1	
			Grao en Enxeñaría de Recursos Minerais e Enerxía			1
			Enxeñeiro Técnico de Minas. Esp. en Explotación de Minas			
			Detalles no Anexo V		17	20
I9		% de profesorado do título avaliado polo programa DOCENTIA (quinquenal)		11/12-15/16 Resolución pendente	10/11-14/15 3 (1.53%) ²⁸	O programa non estaba operativo
I10		Nº e % de profesorado que participa en programas de mobilidade	Nº	0	1	0
			%	0,00 %	3,45%	
I11		Distribución do alumnado por centro de prácticas (fonte: centro)	Nome da empresa /entidade	18/19	17/18	16/17
			ACLUXEGA			1
			AHORRO ENERGÉTICO ENERTRA SL		1	
			AIMEN	1	1	
			ARIDOS DO MENDO, SL			1
			ASOCIACIÓN GALEGA DE ÁRIDOS - ARIGAL			1
			AUTRONIC COMUNICACIONES, SL			1
			BLOCKDEGAL, S.A.	1		
			CELSA ATLANTIC, SL			1
			CUPA ENXEÑARÍA Y SERVICIOS SL		2	
			CUPA INNOVACIÓN SL	3	2	2
			DIGAFAER, SA	1	2	1
			ECOFORST GEOTERMIA, SL			1
			EDAFOTEC, SUELOS A CARTA	1		
			ENAGÁS, SA	1		
			ENCE	2		
			ENERGYLAB			1
			ENERTRES, ENERGÍAS RENOVABLES SL	1		
			ESMIN ENXEÑARÍA, SL			1

²⁸ Considérase oportuno sinalar que o dato corresponde á avaliación do programa DOCENTIA quinquenal do período 10/11 a 14/15 do profesorado do centro, non da titulación.

		EUROPRECIS GALICIA, SL			1
		FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DO GRANITO DE GALICIA	1	1	
		FUNDACIÓN INSTITUTO TECNOLÓXICO DE GALICIA			1
		GEONOX INGENIERÍA DEL TERRENO TOPOGRAFÍA Y SERVICIOS CARTOGRÁFICOS SL		1	
		INELSA, SLU		1	
		INSEGA ENERGÍA, SL			1
		INSTALACIONES FOTOVOLTAICAS VOLFER, SL	1		
		MAGNESITAS DE RUBIÁN, SA			1
		MQA NAVIA SLU			1
		NAVANTIA SA	1		
		PREBETONG ÁRIDOS, SL			2
		PRECISGAL	1	1	1
		PROTOSOLAR SLU			1
		REPSOL, SA	1	1	1
		TELLERES MECÁNICOS GALICIA (TMG)			1
		ZARDOYA OTIS	1		1
		Total	17	13	23
I14	Resultados de inserción laboral	Pode consultar os datos no seguinte enlace https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/69			
I15	Media de alumnado por grupo de docencia	Tamaño grupos A	8	12	15
		Tamaño grupos B	5	8	9
		Tamaño grupos C	2	6	5
		<i>media por materias</i>			

II.3 Resultados das enquisas de satisfacción das titulacións oficiais

	Resultados de Participación	Satisfacción Xeral Curso 2018-2019	Ítems/ epígrafes mellor valorados	Ítems epígrafes peor valorados
Alumnado	100% (anterior 54%)	4,06 (anterior 3,52)	Item preg. 7 (4,67) “A accesibilidade da información sobre a titulación publicada na web”	Item preg. 2 (3,33) “A coordinación entre as materias do plan de estudos”
			Item preg. 12 (4,50) “A atención do persoal de administración e servizos do centro”	Item preg. 1 (3,50) “A estruturación ou organización temporal das materias do plan de estudos”
			Item preg. 15 (4,50) “Os espazos destinados ao traballo autónomo (salas de estudos, aulas de informática, biblioteca...) e o seu equipamento”	
Profesorado	76,47% (26) (anterior 84,38% en 16/17)	4,33 (anterior 4,35 en 16/17)	Ítem preg. 15 (4,52) “A dispoñibilidade dos fondos bibliográficos recomendados na titulación”	Ítem preg. 13 (4,08). “Os laboratorios, as aulas de informática, os obradoiros e espazos experimentais e o seu equipamento”.
			Ítem preg. 23 (4,52) “As canles para realizar queixas, suxestións e/ou parabéns”	
Persoas tituladas	27,78% (anterior 0%)	3,23	Item preg. 7 (4,25) “Os programas de mobilidade, de ser o caso”	Ítem preg. 5 (2,20). “A orientación profesional e laboral”
			Item preg. 14 (4,00) “Os servizos (secretaría de alumnado, biblioteca...)”	Ítem preg. 10 (2,40). “A xestión da calidade na titulación”
PAS	Realízase a nivel de centro			
Empregadores	Non hai datos			

Enquisa	Organización e Desenvolvemento	Información e transparencia	Sistema de garantía de calidade	Recursos humanos	Recursos materiais e servizos	Resultados de aprendizaxe
Alumnado	3,80 (3,32)	4,25 (3,63)	4,33 (3,16)	4,50 (4,40)	4,08 (3,58)	4,00 (3,55)
Persoas tituladas	3,09	3,10	2,40	3,30	3,68	3,30

Enquisa	Obxectivos e competencias	Planificación e desenvolvemento	Recursos humanos	Recursos materiais e servizos	Resultados	Orientación ao estudantado	Xestión da calidade
Profesorado	4,32 (4,46 ²⁹)	4,40 (4,41)	4,46 (4,51)	4,31 (4,41)	4,25 (4,31)	4,20 (4,25)	4,29 (4,29)

²⁹ Os datos que encerra a paréntese son os da enquisa anterior, levada a cabo no curso 2016/2017. Os datos foron extraídos do Portal de Transparencia da UVIGO. Cabe sinalar que non se pode facer unha comparación precisa, dado que os datos do curso 2016/17 non están calculados tendo en conta a ponderación real por xénero e os datos do curso 2018/19 si están calculados correctamente.

II.4 Indicadores por materia

Panel de indicadores por materia

	Materia	Nº Créditos Matricula dos	Nº Créditos Presentados	Nº Créditos Superados	IM01% Éxito	IM02 % Rendemento	IM03 % Avaliación
M148101	Concentración de Minerais	12,00	12,0	12,0	100,00%	100,00%	100,00%
M148102	Explotación Sostible de Recursos Mineiros	22,50	22,5	22,5	100,00%	100,00%	100,00%
M148103	Obtención e Transformación de Materiais Metálicos	48,00	48,0	42,0	87,50%	100,00%	87,50%
M148104	Explosivos e Voaduras	24,00	24,0	24,0	100,00%	100,00%	100,00%
M148105	Deseño e Execución de Obras Subterráneas	13,50	13,5	13,5	100,00%	100,00%	100,00%
M148108	Enxeñaría de Taludes	12,00	12,0	12,0	100,00%	100,00%	100,00%
M148109	Recursos Renovables e non Renovables. Xeomática Avanzada	6,00	6,0	6,0	100,00%	100,00%	100,00%
M148110	Modelización e Avaliación de Recursos Mineiros	42,00	42,0	42,0	100,00%	100,00%	100,00%
M148201	Enxeñaría de Minerais e Materiais	36,00	30,0	30,0	100,00%	83,33%	83,33%
M148202	Enxeñaría da Auga	36,00	36,0	36,0	100,00%	100,00%	100,00%
M148203	Enxeñaría de Explosivos	36,00	36,0	36,0	100,00%	100,00%	100,00%
M148204	Enxeñaría Mineira	36,00	36,0	36,0	100,00%	100,00%	100,00%
M148205	Matemáticas Avanzadas	36,00	36,0	36,0	100,00%	100,00%	100,00%
M148301	Simulación Aplicada a Mecánica de Sólidos	45,00	45,0	45,0	100,00%	100,00%	100,00%
M148302	Simulación Aplicada a Xeotecnia	45,00	45,0	45,0	100,00%	100,00%	100,00%
M148303	Simulación Aplicada a Procesos Químicos	48,00	48,0	48,0	100,00%	100,00%	100,00%
M148304	Xestión Integral de Industrias Mineiras	102,00	96,0	96,0	94,12%	100,00%	94,12%
M148305	Simulación Aplicada a Mecánica de Fluídos	51,00	48,0	48,0	94,12%	100,00%	94,12%
M148306	Xestión de Recursos Enerxéticos	96,00	96,0	96,0	100,00%	100,00%	100,00%
M148307	Túneles e Infraestruturas Subterráneas	96,00	96,0	96,0	100,00%	100,00%	100,00%
M148401	Traballo Fin de Máster	360,00	144,0	144,0	40,00%	100,00%	40,00%
M148402	Automática	48,00	48,0	45,0	100,00%	93,75%	93,75%
M148403	Prácticas Externas	153,00	144,0	144,0	94,12%	100,00%	94,12%
M148112	Eficiencia Térmica e Coxeración	6,00	6,0	6,0	100,00%	100,00%	100,00%

Informes de cualificación por materia

Materia				NP	SUSP	APROB	NOTB	SOBRS	MH	Apto por compensación
M148101	Concentración de Minerais	N	N				2			
M148102	Explotación Sostible de Recursos Mineiros	N	N				3			
M148103	Obtención e Transformación de Materiais Metálicos	N	N		1	4	3			
M148104	Explosivos e Voaduras	N	N			3	1			
M148105	Deseño e Execución de Obras Subterráneas	N	N				3			
M148108	Enxeñaría de Taludes	N	N				1	1		
M148109	Recursos Renovables e non Renovables. Xeomática Avanzada	N	N					1		
M148110	Modelización e Avaliación de Recursos Mineiros	N	N			2	5			
M148201	Enxeñaría de Minerais e Materiais	N	N	1		2	3			
M148202	Enxeñaría da Auga	N	N			1	5			
M148203	Enxeñaría de Explosivos	N	N				5	1		
M148204	Enxeñaría Mineira	N	N			1	5			
M148205	Matemáticas Avanzadas	N	N				4	2		
M148301	Simulación Aplicada a Mecánica de Sólidos	N	N				13	2		
M148302	Simulación Aplicada a Xeotecnia	N	N			3	12			
M148303	Simulación Aplicada a Procesos Químicos	N	N			3	13			
M148304	Xestión Integral de Industrias Mineiras	N	N	1		6	10			
M148305	Simulación Aplicada a Mecánica de Flúidos	N	N	1		4	12			
M148306	Xestión de Recursos Enerxéticos	N	N			12	3	1		
M148307	Túneles e Infraestruturas Subterráneas	N	N			6	8	2		
M148401	Traballo Fin de Máster	S	N	12		1	3	3	1	
M148402	Automática	N	N		1	7	6	2		
M148403	Prácticas Externas	N	S	1			3	12	1	
M148112	Eficiencia Térmica e Coxeración	N	N					1		
M148CFG 310532	Operacións básicas e procesos de refinado, petroquímicos e carboquímicos	N	N	1						

M148CFG 310705	Construción e movemento de terras	N	N	1						
M148CFG 310205	Xeoloxía: Xeoloxía	N	N	1						
M148CFG 310401	Xeomática	N	N	1						
M148CFG 310404	Mecánica de solos	N	N	1						
M148CFG 310633	Explosivos	N	N	1						

TfMs defendidos no curso 2018/2019

Título traballo	Cualificación	Nota	Idioma	Data
Análise de sistemas de predición meteorolóxica para o estudo do funcionamento de bombas de calor	Aprobado	6,4	Castelán	18/07/2019
Estudio e desenvolvemento dun plan de mantemento a medida para un parque eólico	Notable	8,2	Castelán	18/07/2019
Estudo de aeroxeradores de eixe vertical mediante software de simulación numérica	Sobresaliente	9,6	Castelán	18/07/2019
Estudo dun sistema de mitigación SOx mediante lavado nos gases de escape dun motor mariño.	Notable	7,5	Castelán	19/07/2019
Xestión óptima dos estériles xerados en movemento de terras nunha explotación mineira	Sobresaliente	9,0	Castelán	19/07/2019
Estudo da aplicación dos xeopolímeros para eliminación de nutrientes en tratamentos de augas residuais	Matrícula de Honra	9,7	Castelán	23/07/2019
Total: 6	Media	8,4		

II.5 Estado de situación dos rexistros de calidade do sistema

Rexistro	Procedemento	Estado do rexistro	Data para facer público	Data límite de entrega	Observacións	Documentos Adxuntos
R1-DO0101 P1 - Acta da Comisión de calidade sobre a modificación dunha titulación	DO-0101 P1 - Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións oficiais	Completado		28/02/2019	NON PROCEDE: Inicialmente valorouse facer un plantexamento integral da modificación dos graos e o máster pero, nas primeiras reunións de traballo, decidiuse que é máis axeitado aprazar un ano a modificación da memoria do mestrado.	0
R2-DO0101 P1 - Acta da Comisión de calidade sobre a acreditación dunha titulación	DO-0101 P1 - Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións oficiais	Completado		15/11/2018	NON PROCEDE	0
R1-DO0102 P1 - Informe anual de seguimento da titulación	DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións	Completado		22/02/2019	NON PROCEDE	0
R2-DO0102 P1 - Informe anual de avaliación da titulación	DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións	Completado		30/09/2019	O proceso de Acreditación do Máster en Enxeñaría de Minas levouse a cabo no curso 2017/2018 pero culminouse no curso 2018/2019, coa publicación do Informe final de Acreditación do mesmo (ACSUG 03/09/2018) e a Resolución do "Consejo de Universidades" (30/10/2018) na que se renova a acreditación do título universitario oficial de Máster Universitario en Enxeñaría de Minas pola Universidade de Vigo.	2
R3-DO0102 P1 - Informes de revisión interna	DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións	Completado		30/09/2019	Achégase o Informe Final para a Revisión Interna do Seguimento de centros e de titulacións oficiais de grao e máster, emitido pola Área de Calidade da UVIGO con data 16/12/2019 para a Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía e as súas titulacións na convocatoria 2018/19 (curso avaliado: 2017-2018). Este rexistro foi aprobado na Comisión de Calidade do 18/12/2019.	1
R1-DO0103 P1 - Resolución de extinción dunha titulación	DO-0103 P1 - Suspensión e extinción dunha titulación	Completado		29/11/2018	NON PROCEDE	0
R2-DO0103 P1 - Orde de suspensión e de revogación	DO-0103 P1 - Suspensión e	Completado		29/11/2018	NON PROCEDE	0

dunha titulación publicada no DOG	extinción dunha titulación					
R2-DO0201 P1 - POD	DO-0201 P1 - Planificación e desenvolvemento da ensinanza	Completado		15/07/2019	POD do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas do curso 2018/2020	1
R3- DO0201 P1 - Informe de Coordinación	DO-0201 P1 - Planificación e desenvolvemento da ensinanza	Completado		30/09/2019	Informe de accións de coordinación do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas correspondente ao curso 2018-19 (aprobado na Comisión de Calidade do 19/11/2019)	1
R1- DO0204 P1 - Criterios de asignación das prácticas curriculares	DO-0204 P1 - Xestión das prácticas académicas externas	Completado		31/07/2019	Achégase Certificación dos Criterios de asignación de prácticas externas curriculares no Máster Universitario en Enxeñaría de Minas, asinado pola Coordinadora do Máster e polo Coordinador de Prácticas Externas. O documento foi previamente presentado á Comisión de Calidade do centro na súa sesión do 19/11/2019.	1
R1- PE02 P1 - Resultados de avaliación docente definitivos (anuais)	PE 02 P1 - Xestión do persoal docente e investigador-PDI	Completado		31/10/2019	Achéganse os documentos de EADs e Informes Docencia (anual) dispoñibles dende que se pechou o rexistro correspondente ao curso 2017-2018 (febreiro 2018): EAD 2017/2018 EAD 2018-2019 Informe Docencia Este rexistro foi aprobado na Comisión de Calidade do 18/12/2019. Na data de peche do SGIC 2018-2019 aínda non está dispoñible o Informe Docencia anual 2017-2018.	3

III. Análise de resultados. Seguimento da titulación

III.1 Criterio 1. Organización e desenvolvemento

Estándar: O programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar si o desenvolvemento do plan de estudos realizouse conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do alumnado

Reflexión/comentarios que Xustifiquen a valoración

No curso 2018/19 non se produciron cambios na memoria do título. Os indicadores de seguimento e acreditación analizados ata o momento no título ofreceron resultados favorables, incluíndo o seu acreditación no curso 2015-16 (ACSUG: Conforme) e o seguimento posterior levado a cabo mediante os IRPD nos cursos 2016/17 e 2017/18. Desde a dirección do centro trabállase de forma continuada na xestión do título de máster para que consolide os bos resultados nos distintos procesos de seguimento e establézase as correccións ou melloras oportunas naqueles apartados que poidan requirilo. Sobre este proceso infórmase de forma habitual á Comisión de Calidade, de forma que anualmente lévase a cabo no seo da comisión unha revisión dos principais indicadores do título (resultados académicos, recursos humanos e materiais, resultados de satisfacción, etc.), fixando as metas para o curso seguinte, así como de calquera outro proceso que eventualmente puidese xurdir e deba ser analizado a fin de tomar as decisións máis adecuadas.

Non obstante cabe sinalar que aínda que se recibiron informes favorables en todas as titulacións do centro, nos devanditos informes sinalábase a conveniencia de levar a cabo algunhas accións que poderían supoñer modificación das titulacións. Por este motivo no IRPD do 2017/18 declarouse como acción de mellora revisar con detalle o contido dos informes, xunto coas evidencias do SGIC rexistradas desde a renovación da acreditación para os graos e máster e valorar se procedía habilitar o procedemento de modificación das titulacións. Esta acción de mellora realizouse ao longo do 2017/18. Unha vez revisada a información completa, identificáronse os obxectivos do proceso de modificación para as titulacións do centro:

1. Integrar os resultados da análise de datos dispoñibles (informes SGIC, información empresas, persoas egresadas, alumnado, PDI)
2. Facer un plantexamento da formación integral Grao-Máster e axustar e reorganizar contidos nos plans de estudos
3. Revisar o acceso das persoas egresadas do Grao en EE ao Máster en Enxeñaría Industrial
4. Obter o Selo EURACE para as tres titulacións (dúas de grao e a titulación do máster) no futuro

Como resultado desta análise planificouse o proceso de modificación das titulacións do centro, grao e máster, proceso que se levou a cabo ao longo do curso 2018/19 para as titulacións de grao e que está previsto finalizar dous anos máis tarde para a titulación de máster. Polo tanto a acción de mellora completouse para as titulacións de grao e implantáronse os títulos modificados no curso 2020/21. No caso da titulación do máster, planificouse realizar a modificación da titulación ao longo do ano 2020/21, motivo que xustifica que se tiña declarado a correspondente acción de mellora a nivel de centro.

Acceso e admisión

O proxecto formativo axústase completamente no relativo ao cumprimento dos requisitos de acceso e admisión na titulación. Considérase que o procedemento estase levando a cabo correctamente e garante que o alumnado de novo ingreso cumpre os requisitos marcados pola normativa de aplicación. En relación ao establecemento de complementos de formación, a análise caso a caso garante a adquisición das competencias marcadas pola Orde CIN 310/2009 para a profesión de Enxeñeiro de Minas e a planificación curricular personalizada garante que o estudantado poida cursar con éxito a titulación.

En canto aos datos de matrícula e a oferta de prazas, no curso 2018/19 efectuouse unha redución do número de prazas totais para a titulación dado que o número de matriculados/as de novo ingreso nos cursos anteriores indicaba que a oferta da titulación é moi superior á demanda.

O número matriculados/as de novo ingreso no curso 2018/19 foi 6, cifra moi baixa, e excepcional, dado que o seguinte curso a matrícula aumentou de novo as cifras habituais, entorno aos 20 estudantes. Entre as causas que xustifican este número baixo de matrícula está o feito de que o número de persoas egresadas dos graos do centro, principal vía de acceso ao máster, foi tamén excepcionalmente baixo no 2018/19. Non obstante, considérase necesario revisar especificamente este dato para o curso 2019/20.

"I01-AC Nota media de acceso" e "I01(2)-AC Nota mínima de acceso". Obsérvase un aumento na nota media de entrada baixou de 7,605 no curso anterior a 6,710 no 2018/19. A nota media de acceso aumentou de 5,970 a 6,219.

En canto á taxa de ocupación da oferta de prazas de novo ingreso, no curso 2017/18 ocupáronse a ocupación foi do 44.74% e no 2018/19 15.80%, excepcionalmente baixa polo motivo anteriormente indicado.. As accións de mellora suscitadas co obxectivo de aumentar a matrícula de novo ingreso e que están activas contribuirán a aumentar o valor da taxa de ocupación da titulación.

Cabe sinalar que nas titulacións de máster actualmente non se dispón de datos relativos á demanda por preinscrición en 1ª opción (preferencia), nin á adecuación da titulación.

En canto ao nivel académico do alumnado de novo ingreso considérase prioritario captar alumnado con expedientes académicos brillantes. No IRPD do curso 2017/18 declarouse unha acción de mellora unha acción de mellora relativa á posibilidade de que o Colexio

Oficial de Enxeñeiros de Minas do NO (COIMNE) financie axudas ao estudo para cursar o máster. Cabe sinalar que a acción de mellora completouse, concedendo o COIMNE dúas bolsas para os mellores expedientes de acceso ao Máster procedentes dos graos do centro. Ademais o COIMNE concede tamén un Premio ao Mellor expediente de egreso da titulación.

Mobilidade

Na seguinte táboa recóllese a información relativa á mobilidade do alumnado que se beneficiaron de estancias de mobilidade nos últimos cursos. Inclúese tanto a mobilidade Erasmus (alumnado propio e alleo) e a mobilidade baixo outros convenios de intercambio do centro.

Curso	Erasmus propios	Erasmus alleos	Outros convenios de intercambio
2015/16	4 (2 deles ademais fixeron Erasmus +Prácticas)	2	0
2016/17	5	0	2
2017/18	0	0 (2 solicitudes)	
2018/19	3	0	0

En relación á mobilidade propia, no curso 2018/19 participaron en programas de mobilidade 3 alumnos, o que se valora positivamente, respecto ao curso anterior, no que non houbo ningunha mobilidade. A configuración dos contratos do alumnado propio faise personalizada tendo en conta a oferta formativa en destino e garantindo que, en calquera caso, adquiríranse as competencias da titulación, con especial coidado naquelas vinculadas á profesión regulada.

En relación á mobilidade no IRPD do curso 2017/18 sinalábanse que hai algunhas cuestións que non estaban ben resoltas en relación á mobilidade de alumnado.

- A “*Normativa para Programa Mobilidade Erasmus do centro*” estaba concibida fundamentalmente para estudos de grao. Neste sentido declarouse unha acción de mellora relacionada coa modificación da normativa de mobilidade do centro, que contemplase tamén os estudos de máster. A acción de mellora completouse (normativa de mobilidade do centro modificada e aprobada en Xunta de Escola o 18 de decembro de 2018).
- Identificáronse algúns problemas relativos á coordinación entre os diferentes servizos académicos e administrativos que teñen diferentes responsabilidades en relación á xestión da mobilidade. Tamén se declarou unha acción de mellora que se realizou.
- Nunha titulación con prácticas externas curriculares considérase prioritario potenciar a realización de prácticas eternas no estranxeiro, polo que se suscita unha acción de mellora cuxo obxectivo sexa incrementar o número de alumnado da titulación que fan uso do programa Erasmus Prácticas. A acción de mellora está en fase de desenvolvemento.

Ademais, cabe sinalar que ao longo do 2018/19 o centro promoveu unha acción específica de mobilidade con dúas universidades chilenas que implicará a mobilidade de dous profesores e un alumno ao longo do 2019/20.

Planificación e organización académica

O proceso de planificación académica (PDA, POD e guías docentes) levouse a cabo sen incidencias destacables.

En canto á organización académica débese indicar que o calendario escolar da titulación de Máster é aprobado pola Comisión Académica do Máster, tendo como marco normativo os límites temporais establecidos pola Universidade (comezo e final de curso, períodos lectivos, festivos, pechadura de actas). No Máster Universitario en Enxeñaría de Minas suscítanse dúas calendarios académicos diferentes para primeiro e segundo curso, dado que o calendario de preinscrición e matrícula para o alumnado de novo ingreso finaliza a mediados de setembro, polo que se axusta o comezo das clases de primeiro curso ao final do procedemento de matrícula. Para o alumnado de 2º curso, a matrícula de continuación de estudos se formaliza antes, polo que é posible comezar as clases a principio de setembro. O feito de establecer diferentes calendarios para primeiro e segundo curso non supuxo ningún problema e si a vantaxe de dispoñer dun colchón temporal para o alumnado de segundo curso.

A única actividade formativa que non contempla formalmente o calendario escolar do Máster é a semana en que se realiza a viaxe de estudos. Neste sentido na primeira sesión informativa co alumnado de segundo curso infórmase sobre a realización da viaxe de estudos e as datas previstas, recolléndose as súas propostas sobre a idoneidade da semana máis adecuada. Dado que a organización da viaxe implica garantir a dispoñibilidade das empresas resulta arriscado indicar con tanta antelación a semana en que se vai a realizar a actividade.

Os horarios do Máster apróbanse anualmente en Xunta de Escola, a proposta da Comisión Académica do Máster. En relación a este punto, considérase oportuno facer referencia ao Informe da Subdirectora Xefe de Estudos dos diferentes cursos académicos, onde se describen as causas polas que resulta complexo suscitar un horario de clases máis compacto para o primeiro cuadrimestre do primeiro curso do máster. Sobre a base da análise dos datos, coa colaboración do alumnado e a experiencia acumulada ao longo destes anos, revísase todos os anos o horario da titulación ao obxecto de introducir mellóralas correspondentes.

Conclúese que o calendario escolar, coa formulación de diferenciar calendarios para primeiro e segundo curso, está ben resolto e permite axustar a carga de traballo do alumno adecuadamente. Ademais, considérase que os horarios poderían mellorarse, con obxecto de facelos máis compactos, motivo polo que anualmente estanse revisando tendo en conta a valoración que fan os o alumnado das diferentes propostas.

Mecanismos de coordinación da titulación

En relación ao establecemento e avaliación de mecanismos de coordinación docente, pódense consultar os resultados das actividades de coordinación no Informe do Coordinador/a. En base aos datos e análises que figuran en devandito informe considérase que os mecanismos de coordinación están ben implementados en base á experiencia acumulada nos catro cursos de impartición da titulación e ao establecemento de protocolos de actuación. En particular as accións de coordinación relacionadas coa planificación de Enquisas de Avaliación Docente, elaboración e aprobación de PDA, POD, guías docentes, horarios, calendarios, desenvolvemento da materia TFM, recollida de evidencias do SGIC e seguimento da titulación resólvense correctamente e son coñecidos por todos os axentes implicados. En canto á coordinación da materia PE cabe sinalar a dificultade inherente ao feito de non dispoñer dunha normativa de aplicación para a titulación, tratando de liquidar directamente todas as cuestións relativas ás PE directamente o Coordinador da materia, a Coordinadora da titulación ou o persoal de administración de apoio aos centros.

Orientación académica e profesional

Ademais de todas as actividades formativas e/ou de orientación ofertadas para todo o alumnado do centro (información dispoñible nos correspondentes Informes do PAT do centro e no Informe anual de Divulgación e Captación do centro), realizáronse as seguintes actividades de orientación e formativas específicas para o alumnado do Máster:

Data	Colectivo convocado	Obxectivos
17 de setembro de 2018	Alumnado de novo ingreso do máster	Sesión de presentación da titulación e benvida
31 de xaneiro de 2019	Alumnado de segundo curso do máster	Sesión informativa sobre o desenvolvemento de TFM, PE e viaxe de estudos
14 de marzo de 2019	Alumnado do máster	Charla sobre as saídas profesionais e a profesión regulada de Enxeñaría de Minas, impartida por Juan José Fernández, Decano do "Colegio Oficial de Ingenieros de Minas del NO"
5, 6 e 12 de marzo de 2019	Alumnado do máster	Curso de Matlab. Impartido por Javier Martínez Torres
28 e 29 de marzo 2019	Alumnado do máster	Xornadas SIKA
24 de abril 2019	Alumnado do máster	Charla impartida por Adrián Porto, egresado do centro, sobre as oposicións para acceder ao corpo de Enxeñeiros/as de Minas do Estado e a actividade dos enxeñeiros/as de minas na Función Pública
19 ao 24 de maio 2019	Alumnado do máster	Viaxe de estudos

Considérase oportuno sinalar a realización da segunda edición das Xornadas SIKA, unha actividade formativa especialmente concibida para o alumnado de Enxeñaría de Minas e que se leva desenvolvendo con moi boa aceptación nos centros nos que se imparte a titulación na Universidade de Oviedo e a Universidade Politécnica de Madrid. Tamén se levou a cabo, a petición do alumnado, unha actividade formativa relativa ao manexo de MATLAB.

Ademais, organizouse, de forma coordinada co persoal da Biblioteca do centro, un curso online denominado "Información científica: acceso, xestión e avaliación", impartido pola Biblioteca da Universidade e que se mantivo activo ata o 31 de xullo. O obxectivo é poñer a disposición do alumnado unha ferramenta para manexar bibliografía e redactar e elaborar textos técnicos e de investigación.

Finalmente, cabe sinalar a realización da viaxe de estudos, cuxa información básica indícase a continuación. Un dos obxectivos da titulación é proporcionar unha formación avanzada e actualizada nos ámbitos de traballo da enxeñaría de minas; é neste contexto onde se suscita a realización dunha viaxe de estudos, ao obxecto de que o alumnado poida coñecer os procesos tecnolóxicos, a organización empresarial e a xestión de recursos humanos de actividades industriais relevantes no ámbito da enxeñaría de minas, en particular actividades tecnolóxicas e industriais que, pola súa distancia xeográfica da Comunidade Autónoma de Galicia, non son accesibles nas visitas de campo e visitas a industrias que se realizan de forma habitual como actividades formativas das materias que se imparten na titulación. Suscítase esta actividade como unha actividade complementaria á formación académica, valorándose tamén como unha actividade formativa no ámbito cultural e humanístico, posto que a planificación da viaxe de estudos contempla aproveitar para visitar e coñecer patrimonio cultural de interese para o alumnado. Está suscitado para que se realice durante o segundo cuatrimestre do segundo curso da titulación. No curso 2018/19 realizáronse a viaxe de estudos un total de 8 alumnos/as, acompañados por 1 profesores/as da titulación. Para a realización da viaxe de estudos contou con financiamento por parte do centro (gastos de autobús), do orzamento propio da titulación e do "Colegio Oficial de Ingenieros de Minas del NW de España". O obxectivo é que non supoña ningún custo adicional para o alumnado. É importante destacar que a disposición por parte de todas as empresas visitadas foi excelente.

En canto aos resultados de avaliación docente e satisfacción coa titulación cabe sinalar:

"I02-MC Grao de satisfacción estudiantado". A valoración global foi no curso 2018/19 de 4,06 puntos, en unha tendencia clara e constante desde o curso 10/17 (3,04 puntos). A valoración para o ámbito é de 3,26 e para a Universidade 3,26,. Cabe sinalar que a participación foi do 100% (referencia da Universidade 29,15%).

"I03-MC Grao de satisfacción profesorado". A valoración global foi no curso 2018/19 de 4,33 puntos. Cabe sinalar que a participación foi do 76,47%. A valoración para o ámbito é de 4,17 e para a Universidade 4,21,. Cabe sinalar que a participación foi do 100% (referencia da Universidade 52,68%).

"I04-MC Grao de satisfacción das persoas tituladas2". A valoración global foi no curso 2018/19 de 3,23, superando o valor obxectivo (>3) puntos. Non se dispón de datos de satisfacción de empregadores.

"I03-DO Participación do alumnado nas enquisas de avaliación do profesorado (EAD)". No curso 2018/19 participaron nestas enquisas o 75,978% do alumnado, cifra que se valora como razoable, aínda que baixou desde a porcentaxe do 94,59% do curso anterior. Estarase pendente o curso 2018/19 para valorar si foi unha baixada puntual ou se mantén.

"I04-DO Grao de satisfacción do estudiantado coa actividade docente do profesorado (EAD)". O indicador aumentou con respecto aos cursos anterior, de 3,77 a 4,25, feito que se valora moi positivamente.

"I05-DO Grao de satisfacción do estudiantado coa planificación e desenvolvemento do ensino". O indicador aumentou con respecto aos cursos anteriores, de 2,94 a 3,8, feito que se valora moi positivamente (supera o valor obxectivo >3)

"I06-DO Grao de satisfacción do profesorado coa planificación e desenvolvemento do ensino". Dado que a enquisa realízase bienalmente, os últimos datos son do 2016/17, e mantense en 4,4 puntos a valoración (supera o valor obxectivo >3)

"I07-DO Grao de satisfacción das persoas tituladas coa planificación e desenvolvemento do ensino". Mantense a valoración en 3,09, superior a meta (superior a 3 puntos)

Puntos débiles detectados:

Accións de mellora a implantar

Evidencias nas que basea a valoración:

E1: Memoria vixente do título

E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora E3: Perfil de ingreso do alumnado (grao)

E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico)

E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade

E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.).

QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza

Indicadores nos que se basea a valoración:

I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescrición

I2: No caso de mestrado, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia

I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...)

I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros

I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza.

I01-AC: Nota media de acceso

I01(2)-AC: Nota mínima de acceso

I02-AC: Ocupación, I03-AC: Preferencia, I03(2)-AC: Adecuación

III.2 Criterio 2. Información e transparencia

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade. Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e se atopa dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de intereses).	
Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración: A web http://minaseenerxia.uvigo.es/es/estudios/muim/ aloxa información cualitativa e cuantitativa que garanten a transparencia no marco dos requisitos establecidos polas administracións públicas de forma xeral e particularmente pola Axencia de Calidade para o Sistema Universitario de Galicia (ACSUG). Este compromiso esténdese tamén á preocupación por manter permanentemente actualizada a información. Atendendo a esta última cuestión, no marco do Sistema de calidade do centro, elaborouse un documento o denominado "Plan Operativo de Información Pública", que constitúe un rexistro do Sistema de garantía de calidade e constitúe unha ferramenta para facilitar a xestión da información de forma adecuada e eficaz a través da web. A web non é a única canle de información relevante. A plataforma FAITIC: https://faitic.uvigo.es/index.php/es/ configúrase como un espazo moi importante no que respecta ao desenvolvemento e organización das ensinanzas. Tamén se emprega esta plataforma como espazo de comunicación xeral co alumnado de Primeiro Curso e Segundo Curso. Outras canles de comunicación relevantes co alumnado e o profesorado, xa comentados, son os ligados ao desenvolvemento do PAT e o fluxo de achegas que se produce no marco das enquisas de satisfacción e as queixas, suxestións e parabéns (QSP). En relación aos resultados sobre transparencia e información pública das enquisas de satisfacción da titulación, para o alumnado as valoracións son boas, como se recolle a continuación. — "A accesibilidade da información sobre a titulación publicada na web": subiu 4,10 a 4,67 puntos — "A utilidade da información sobre a titulación publicada na web"; subiu de 3,90 a 4,33 puntos — "A utilidade da información sobre a titulación transmitida por outros soportes (plataformas de teledocencia, taboleiros, pantallas audiovisuais...)", subiu de 3,48 a 4,2 puntos — "A información sobre as actividades extracurriculares (actividades culturais, deportivas, sociais...)", subiu de 3,05 a 3,83 puntos.	
Puntos febles detectados:	Accións de mellora a implantar:
Evidencias nas que se baseou a valoración: E6: Páxina web do título/centro/Universidade (información referida ao anexo II) R1- DO0301P1: Plan operativo de información pública QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública	
Indicadores nos que se baseou a valoración: I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.	

III.3 Criterio 3. Sistema de Garantía de Calidade

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen la valoración:

43	Estudantado ao que resta só o TFM para rematar os estudos que non o fan no curso que lles corresponde	Poñerse en contacto con cada un deles e valorar a situación específica de cada estudante para planificar o traballo pendente ou reconducir o plantexamento do TFM orixinal	
44	Ausencia de información sobre el grao de satisfacción co desenvolvemento das Prácticas Externas	Solicitude de recollida do grao de satisfacción do desenvolvemento das Prácticas Externas curriculares para titulación	

Conclusión e anexos

VII. Conclusións e acordos

Na redacción, valoración e reflexión do presente documento participaron as seguintes persoas da Comisión de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía e o equipo directivo. O intercambio de opinións foi continuo durante o desenvolvemento do documento de traballo que deu como resultado o presente Informe de Revisión pola Dirección.

Cargo		Nome e apelidos
Presidente/a da Comisión	Director/a do centro	Elena Alonso Prieto
Secretario/a da Comisión	Coordinador/a de Calidade do centro	Guillermo García Lomba
Titulacións de Grao (Coordinador/a)	Enxeñaría da Enerxía	David Patiño Vilas
	Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	María Araújo Fernández
Enlace de Igualdade	Teresa Rivas Brea	
Representante do persoal docente e investigador	Elena González Rodríguez	
Representante das persoas egresadas	Luisa Álvarez Zaragoza	
Administrador/a do centro ou persoa en quen delegue	M ^a Carmen Romo Pérez	
Representante da Unidade Técnica de Calidade:	Raquel Gandón Chapela	
Representante Sociedade	Diego López González	

Agradécese a todas as persoas do centro que participaron no proceso de elaboración deste informe, e o apoio técnico recibido pola Área de Calidade da Universidade de Vigo.

Tras analizar toda a información previa relacionada co funcionamento do sistema de garantía / xestión de calidade é importante concluír que:

Conclusións relevantes	
1	O SGIC, claramente consolidado no centro, constitúe unha ferramenta fundamental para garantir o proceso de mellora das titulacións. Cabe sinalar que a valoración que se fai da xestión da calidade por parte dos diferentes colectivos de interese aumentou nos últimos cursos.
2	En relación ás titulacións do centro, a taxa de ocupación é o indicador obxectivo prioritario a mellorar. É moi baixa no caso do Grao ERME e mellorable no caso do Grao EE. A mellora da taxa de ocupación no Máster en Enxeñaría de Minas depende en gran medida das taxas de ocupación das titulacións de grao que dan acceso directo ao máster, polo que melloraría tamén si melloran as taxas dos graos. Os maiores esforzos do centro terán que enfocarse en mellorar este indicador, para todas as titulacións do centro.
3	O grao de satisfacción coas titulacións dos diferentes colectivos de interese considérase, en termos xerais, elevado e mellora na maioría dos ítems e sub-ítems respecto ao curso anterior, o cal se valora positivamente
4	Considérase prioritario establecer unha relación intensa e de comunicación habitual coas persoas egresadas. En primeiro termo para dispoñer de datos de inserción laboral máis consistentes e actualizados, que melloren a escasa información da que se dispón nestes momentos de todas as titulacións do centro, xa que desde a Área de Calidade e ACSUG se realizan enquisas periodicamente, pero nalgúns casos as poboacións da enquisa non permiten extraer conclusións representativas. En segundo lugar establecer esta relación coas persoas egresadas permitirá incorporar á vida académica do centro o valor e a súa experiencia e facilitará a labor de visibilizar a actividade profesional e laboral no ámbito da enxeñaría de minas e enerxía.
5	Conclúese que persiste o descoñecemento sobre a actividade profesional e laboral das persoas egresadas do centro, descoñecemento que se percibe nas administracións públicas, empregadores e sociedade en xeral
6	As titulacións do centro están a desenvolverse nos termos establecidos nas correspondentes memorias de verificación. A implantación das titulacións de grao modificadas é unha oportunidade de cambio para mellorar a formación recibida por parte das persoas tituladas.

Así mesmo acórdase:

Acordos	
1	Acórdase que, trala experiencia acumulada de 5 anos de impartición da titulación do Máster en Enxeñaría de Minas, e trala revisión do contido dos informes de renovación da acreditación, seguimento e IRPDs, xunto coas evidencias da implantación do SGIC e a modificación das titulacións do grao do centro, procede modificar a titulación. Esta modificación debe acometese ao obxecto de garantir a coherencia do proxecto formativo nos niveis de grao e máster no ámbito da Enxeñaría de Minas.
2	Acórdase seguir implementando as accións de mellora declaradas en cursos anteriores que se atopan en proceso e acometer a realización das accións de mellora declaradas no curso 2018/2019.
3	Do conxunto de accións de mellora declaradas acórdase dar prioridade a aquelas que teñan como obxectivo a captación de estudiantado e relación coas persoas egresadas. En particular considérase prioritario seguir traballando en intensificar as actividades de promoción e difusión das titulacións do centro e establecer unha colaboración intensa co profesorado dos centros de ensino ESO, FP e Bacharelato e deseñar un plan de colaboración e comunicación coas persoas egresadas.
5	O centro, en coherencia co compromiso na construción de valores igualitarios, terá como obxectivo incentivar vocacións no ámbito STEM e no ámbito da Enxeñaría de Minas, Enerxía e Materiais.

VIII. ANEXOS

VIII.1 Anexo I: Táboa complementaria. Acceso a estudos. Nota media ponderada.

Titulación	Modalidade Ingreso	Xénero	Home	Muller	Nota media acceso (ponderada)
		Estudio Acceso	Nota media acceso	Nota media acceso	
Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	Alumnado con título de bacharel ou equivalente do sistema educativo español con probas	Bacharelato LOMCE e ABAU. Ciencias	9,440	8,327	9,122
		Bacharelato LOXSE e Selectividade. Científico - Tecnolóxica	6,360		6,360
		COU (LXE) e Selectividade. Biosanitaria	5,485		5,485
	Títulos de grao	Graduado en Filosofía		7,126	7,126
Grao en Enxeñaría da Enerxía	Alumnado con título de bacharel ou equivalente do sistema educativo español con probas	Bacharelato (LOE) e Selectividade. Ciencias e Tecnoloxía	8,438		8,438
		Bacharelato LOMCE e ABAU. Ciencias	7,543	7,381	7,479
		Bacharelato LOMCE e ABAU. Ciencias Sociais		10,392	10,392
	Por equivalencia, homologación ou validación parcial de estudos estranxeiros	Acreditación ou credencial de homologación do título de bacharel	5,000		5,000
	Títulos de Formación Profesional de Grao Superior	Desenvolvemento de Produtos Electrónicos e Instalacións Electrotécnicas	5,000		5,000
		Edificación e Obra Civil: Desenvolvemento e Aplicación de Proxectos de Construción		7,000	7,000
		Electricidade e Electrónica: Sistemas de Regulación e Control Automáticos	7,540		7,540
		Enerxía e auga: Eficiencia enerxética e enerxía solar térmica	6,603	7,250	6,674
		Enerxías renovables	5,830		5,830
		Sistemas electrotécnicos e automatizados	7,000		7,000
Máster Universitario en Enxeñaría de Minas	Títulos de grao	Graduado en Enxeñaría da Enerxía	6,874	7,366	7,038
		Graduado en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	6,382		6,382
		Media ponderada			6,710

VIII.2 Anexo II: Táboa complementaria. Cualificación Profesorado: Doutor Si/Non

Titulación	Categoría Laboral	Doutor Non			Doutor Si			Total
		Home	Muller	Total	Home	Muller	Total	
		Nº Profesorado	Nº Profesorado	Nº Profesorado	Nº Profesorado	Nº Profesorado	Nº Profesorado	Nº Profesorado
Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	Non Aplicable	4		4				4
	Catedrático/a de universidade				2		2	2
	Profesor/a asociado/a T3	5	1	6	4	1	5	11
	Profesor/a titular de universidade				3	5	8	8
	Profesor/a contratado/a doutor/a					3	3	3
	Profesor/a axudante doutor/a					1	1	1
	Contratado/a FPI	1		1				1
	Contratado/a predoutoral Uvigo		1	1	1		1	2
	Postdoutoral Xunta de Galicia modalidade A				1	1	2	2
	TOTAIS	10	2	12	11	11	22	34
Grao en Enxeñaría da Enerxía	Non Aplicable	2	2	4	1		1	5
	Profesor/a titular de escola univ.	2		2				2
	Catedrático/a de universidade				6		6	6
	Profesor/a asociado/a T3	12		12	2	1	3	15
	Profesor/a titular de universidade				18	6	24	24
	Profesor/a contratado/a doutor/a				6	3	9	9
	Profesor/a axudante doutor/a				3		3	3
	Profesor/a contratado/a interino/a		1	1				1
	Contratado/a FPI		1	1				1
	Contratado/a Predoutoral UVigo	1	2	3	1		1	4
	Contratado/a Predoutoral Xunta	3	1	4				4
	Contratado/a FPU	1		1				1
	Postdoutoral Xunta de Galicia modalidade A				1	1	2	2
	Investigador/a Distinguido/a				1		1	1
	TOTAIS	21	7	28	39	11	50	78
Máster Universitario en Enxeñaría de Minas	Non Aplicable	2		2				2
	Catedrático/a de universidade				2		2	2
	Profesor/a asociado/a T3	4		4	4		4	8

	Profesor/a titular de universidade				8	6	14	14
	Profesor/a contratado/a doutor/a					3	3	3
	Contratado/a FPI	1		1				1
	Contratado/a predoutoral Uvigo		1	1				1
	Postdoutoral Xunta de Galicia modalidade A				1		1	1
	TOTAIS	7	1	8	15	9	24	32

VIII.3 Anexo III: Táboa complementaria. Profesorado: Sexenios, sobre potenciais

Titulación	Categoría Laboral	Nº sexenios	Nº sexenios	Nº sexenios	Nº sexenios potenciais	Nº sexenios potenciais	Nº sexenios potenciais
		Home	Muller	Total	Home	Muller	Total
Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	Catedrático/a de universidade	6		6	9		9
	Profesor/a titular de universidade	7	17	24	8	14	22
	Profesor/a contratado/a doutor/a		7	7		6	6
	TOTAIS	13	24	37	17	20	37
Grao en Enxeñaría da Enerxía	Profesor/a titular de escola univer.	0		0	0		0
	Catedrático/a de universidade	20		20	26		26
	Profesor/a titular de universidade	31	15	46	52	22	74
	Profesor/a contratado/a doutor/a	1	4	5	11	5	16
	TOTAIS	52	19	71	89	27	116
Máster Universitario en Enxeñaría de Minas	Catedrático/a de universidade	8		8	9		9
	Profesor/a titular de universidade	20	16	36	19	17	36
	Profesor/a contratado/a doutor/a		5	5		5	5
	TOTAIS	28	21	49	28	22	50

VIII.4 Anexo IV: Táboa complementaria. Profesorado: Categoría laboral (desagregado)

Titulación	Indicadores	Nº Profesorado	Nº Profesorado	Nº Profesorado
	Categoría Laboral	Home	Muller	Total
Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	Non Aplicable	4	0	4
	Catedrático/a de universidade	2	0	2
	Profesor/a asociado/a T3	9	2	11
	Profesor/a titular de universidade	3	5	8
	Profesor/a contratado/a doutor/a	0	3	3
	Profesor/a axudante doutor/a	0	1	1
	Contratado/a FPI	1	0	1
	Contratado/a predoutoral Uvigo	1	1	2
	Postdoutoral Xunta de Galicia modalidade A	1	1	2
	TOTAL	21	13	34
Grao en Enxeñaría da Enerxía	Non Aplicable	3	2	5
	Profesor/a titular de escola univer.	2	0	2
	Catedrático/a de universidade	6	0	6
	Profesor/a asociado/a T3	14	1	15
	Profesor/a titular de universidade	18	6	24
	Profesor/a contratado/a doutor/a	6	3	9
	Profesor/a axudante doutor/a	3	0	3
	Profesor/a contratado/a interino/ a	0	1	1
	Contratado/a FPI	0	1	1
	Contratado/a Predoutoral UVigo	2	2	4
	Contratado/a Predoutoral Xunta	3	1	4
	Contratado/a FPU	1	0	1
	Postdoutoral Xunta de Galicia modalidade A	1	1	2
	Investigador/a Distinguido/a	1	0	1
	TOTAL	60	18	78
Máster Universitario en Enxeñaría de Minas	Non Aplicable	2	0	2
	Catedrático/a de universidade	2	0	2
	Profesor/a asociado/a T3	8	0	8
	Profesor/a titular de universidade	8	6	14
	Profesor/a contratado/a doutor/a	0	3	3
	Contratado/a FPI	1	0	1
	Contratado/a predoutoral Uvigo	0	1	1
	Postdoutoral Xunta de Galicia modalidade A	1	0	1
	TOTAL	22	10	32

VIII.5 Anexo V: Táboa complementaria. Alumnado: Modalidade ingreso

Titulación	Modalidade ingreso	Xénero	Home	Muller	Total
		Estudio Acceso	Nº de ingresos	Nº de ingresos	Nº de ingresos
Grao en Enxeñaría da Enerxía	Alumnado con título de bacharel ou equivalente do sistema educativo español - con probas	Bacharelato (LOE) e Selectividade. Ciencias e Tecnoloxía	1		1
		Bacharelato LOMCE e ABAU. Ciencias	24	13	37
		Bacharelato LOMCE e ABAU. Ciencias Sociais		1	1
	Por equivalencia, homologación ou validación parcial de estudos estranxeiros	Acreditación ou credencial de homologación do título de bacharel	1		1
	Títulos de Formación Profesional de Grao Superior (para acceso ata o curso 2019/2020)	Edificación e Obra Civil: Desenvolvemento e Aplicación de Proxectos de Construción		1	1
		Electricidade e Electrónica: Sistemas de Regulación e Control Automáticos	1		1
		Desenvolvemento de Produtos Electrónicos e Instalacións Electrotécnicas	1		1
		Enerxía e auga: Eficiencia enerxética e enerxía solar térmica	4	1	5
		Sistemas electrotécnicos e automatizados	1		1
		Enerxías renovables	1		1
	Total		34	16	50
Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	Alumnado con título de bacharel ou equivalente do sistema educativo español - con probas	Bacharelato LOXSE e Selectividade. Científico - Tecnolóxica	1		1
		COU (LXE) e Selectividade. Biosanitaria	2		2
		Bacharelato LOMCE e ABAU. Ciencias	3	1	4
	Títulos de grao	Graduado en Filosofía		1	1
	Total		6	2	8
Máster Universitario en Enxeñaría de Minas	Títulos de grao	Graduado en Enxeñaría da Enerxía	2	1	3
		Graduado en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	3		3
	Total		5	1	6

VIII.6 Anexo VI. Listaxe de novas accións de mellora.

VIII.6.1 Centro. Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía

Acción de mellora

C04 Modificación Máster Universitario Enxeñaría Minas

Universidade de Vigo

Denominación da acción de mellora: C04 Modificación Máster Universitario Enxeñaría Minas
Estado: En preparación
Sgic: 2018-2019
Centro: 309 - Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía

Data de comezo: 30/05/2019
Data de alerta: 21/09/2020
Data prevista de finalización: 21/06/2021
Data de finalización:

Documento: Histórico de Plan de Mellora
Programa: Verificación/Modificación de titulacións
Criterio / Directriz: 1. Descripción do título

Ano académico: 2018/2019
Ano académico de finalización: 2019/2020

Punto débil detectado: Necesidade de deseñar un proxecto formativo integral no ámbito da enxeñaría de minas e enerxía, desde o nivel de grao ata o nivel de máster.

Ao longo do curso 2018/19 procedeuse a modificar as titulacións de grao do centro, que dan acceso directo ao máster. Por este motivo, unha vez finalizado o proceso para as titulacións de nivel de grao, procederase á modificación do nivel de máster. Cabe sinalar que no proceso de modificación dos graos xa se identificaron os resultados de aprendizaxe que corresponden ao nivel de grao e os que corresponden ao nivel de máster.

Actuacións a desenvolver: Habilitar o procedemento de modificación da titulación do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas

Recursos financeiros:

Observacións:

Sen revisións de cumprimento.

Sen Finalizacións.

Acción de mellora

C05 Modificación web do centro

Universidade de Vigo

Denominación da acción de mellora:	C05 Modificación web do centro
Estado:	En preparación
Sgic:	2018-2019
Centro:	309 - Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía

Data de comezo:	01/04/2019
Data de alerta:	27/07/2020
Data prevista de finalización:	
Data de finalización:	

Documento:	Histórico de Plan de Mellora
Programa:	FIDES-AUDIT:SGIC/Inf. Revisión Dirección
Criterio / Directriz:	2. Información e transparencia

Ano académico:	2018/2019
Ano académico de finalización:	2019/2020

Punto débil detectado:	Dificultade para visibilizar na web do centro contidos sobre novas actividades que se están a desenvolver no centro. En particular considérase necesario mellorar a accesibilidade aos contidos de actividades de divulgación, difusión para os centros de ensino de ESO, Bacharelato e FP. Tamén se considera necesario habilitar espazos específicos para os ámbitos de igualdade e persoas egresadas do centro.
------------------------	--

Actuacións a desenvolver:	Modificar e axustar a estrutura de contidos da web do centro, creando apartados específicos para estes temas.
---------------------------	---

Recursos financeiros:	Orzamento propio do centro
-----------------------	----------------------------

Observacións:	
---------------	--

Sen revisións de cumprimento.

Sen Finalizacións.

Acción de mellora

C06 Actualización "Política e Obxectivos de Calidade do centro"

Universidade de Vigo

Denominación da acción de mellora: C06 Actualización "Política e Obxectivos de Calidade do centro"

Estado: En preparación

Sgic: 2018-2019

Centro: 309 - Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía

Data de comezo: 10/02/2020

Data de alerta: 21/09/2020

Data prevista de finalización: 31/08/2020

Data de finalización:

Documento: Histórico de Plan de Mellora

Programa: FIDES-AUDIT:SGIC/Inf. Revisión Dirección

Criterio / Directriz: 3. Sistema de garantía de calidade

Ano académico: 2018/2019

Ano académico de finalización: 2019/2020

Punto débil detectado: Cabe sinalar que a última actualización do documento "*Política e Obxectivos de Calidade do centro*" foi realizada o 16 de decembro de 2016 e é aplicable aos cursos 2017/18 e posteriores. Non obstante, considérase necesario realizar unha revisión e actualización dos obxectivos de calidade do centro con dous obxectivos: actualizar os valores obxectivo dalgúns indicadores e incluír indicadores novos que se consideran relevantes: (i) grao de satisfacción de empregadores/as; (ii) participación do alumnado nas enquisas de avaliación docente; (iii) grao de satisfacción do estudiantado coa actividade docente do profesorado; (iv) grao de satisfacción coas prácticas externas; (v) grao de satisfacción co TFM; entre outras.

Actuacións a desenvolver: Revisar o contido actual do documento "Política e Obxectivos de Calidade" do centro e actualizar obxectivos e indicadores.

Recursos financeiros:

Observacións: Cabe sinalar que ao longo do curso 2018/19 desenvolveuse o procedemento de modificación das titulacións de grao do centro e que está previsto facelo un ano máis tarde para a titulación de máster. Considerouse axeitado rematar o proceso de modificación das titulacións de grao, dado que o propio proceso supuxo unha recollida de datos e análise que permite valorar de forma máis xustificada a modificación do contido do documento "Política e Obxectivos de Calidade do centro".

Sen revisións de cumprimento.

Sen Finalizacións.

Acción de mellora

C07 Incentivar vocacións STEM Mulleres

Universidade de Vigo

Denominación da acción de mellora: C07 Incentivar vocacións STEM Mulleres
Estado: En preparación
Sgic: 2018-2019
Centro: 309 - Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía

Data de comezo: 06/01/2020
Data de alerta: 26/10/2020
Data prevista de finalización: 10/10/2022
Data de finalización:

Documento: Histórico de Plan de Mellora
Programa: FIDES-AUDIT:SGIC/Inf. Revisión Dirección
Criterio / Directriz: 1. Organización e desenvolvemento

Ano académico: 2018/2019
Ano académico de finalización: 2019/2020

Punto débil detectado: En coherencia co compromiso do centro na construción de valores igualitarios, un dos obxectivos a nivel de centro, e polo tanto aplicable a todas as titulacións, é aumentar o número de mulleres na matrícula de novo ingreso.

Cabe sinalar que a media de porcentaxe de mulleres matriculadas no ámbito da enxeñaría en Europa é do 23%, e a porcentaxe de matrícula de novo ingreso no grao de Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos é do 20% e no Grao en Enxeñaría da Enerxía do 32% (datos do curso 2018/19).

Considérase axeitado formular unha acción de mellora co obxectivo de incrementar a captación de mulleres para a titulación, que teña como obxectivo incentivar vocacións en nenas e mozas no ámbito da enxeñaría.

Actuacións a desenvolver: Impartir charlas en centros de ensino de ESO, Bacharelato e FP sobre as mulleres no ámbito STEM.

Participar en programas que teñan como obxectivo incentivar vocacións STEM en nenas en mozas

Deseñar programas específicos para o ámbito da enxeñaría de minas, enerxía e materiais co obxectivo de visibilizar a participación das mulleres nestes ámbitos profesionais.

Recursos financeiros: Orzamento propio do centro e axudas procedentes de convocatorias da Área de Igualdade da Universidade ou outras convocatorias públicas.

Observacións:

Sen revisións de cumprimento.

Sen Finalizacións.

Acción de mellora

C08 DOCENTIA Quinquenal

Universidade de Vigo

Denominación da acción de mellora:	C08 DOCENTIA Quinquenal
Estado:	En preparación
Sgic:	2018-2019
Centro:	309 - Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía

Data de comezo:	06/04/2020
Data de alerta:	05/04/2021
Data prevista de finalización:	12/04/2021
Data de finalización:	

Documento:	Histórico de Plan de Mellora
Programa:	FIDES-AUDIT:SGIC/Inf. Revisión Dirección
Criterio / Directriz:	4. Recursos humanos

Ano académico:	2018/2019
Ano académico de finalización:	2019/2020

Punto débil detectado: O punto débil que xustifica esta acción de mellora é a baixa porcentaxe de participación do profesorado do centro no programa DOCENTIA Quinquenal (últimos datos dispoñibles correspondentes ao período quinquenal 10/11 - 14/15).

Cabe sinalar, non obstante, que a porcentaxe de participación se calcula sobre o total do profesorado avaliado na Universidade, polo que o feito de ter un cadro de profesorado pequeno no centro, en comparación con outros centros da Universidade, xustifica en parte a baixa porcentaxe. Considérase que este indicador I9 da ACSUG non é unha medida axeitada da participación do programa DOCENTIA e que, para complementalo, sería útil que no "Informe de Resultados Definitivos" do DOCENTIA quinquenal se proporcionasen outros tipos de porcentaxes (análises por titulación, "participación relativa": porcentaxe de profesores avaliados no centro (ou titulación) sobre o número de profesores do mesmo...) que permitan unha análise máis exhaustiva dos datos.

Con independencia das cuestións indicadas no parágrafo anterior, considérase necesario activar unha acción de mellora que teña como obxectivo aumentar a participación do profesorado do centro no programa.

Actuacións a desenvolver:	1. Trasladar aos responsables da xestión do programa DOCENTIA Quinquenal na Universidade as cuestións que se sinalan no epígrafe anterior, en relación ao cálculo da porcentaxe de participación, para a súa valoración. 2. En paralelo, habilitar accións específicas para tratar de incentivar a participación do profesorado no programa, axudando ao profesorado a preparar todo o material e documentación necesarios para presentar a solicitude. Valoraránse outras accións que poidan ser formuladas polo profesorado.
---------------------------	--

Recursos financeiros:

Observacións:

Sen revisións de cumprimento.

VIII.6.2 Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos

Acción de mellora

Ficha 54 Formación Profesorado EDO

Universidade de Vigo

Denominación da acción de mellora:	Ficha 54 Formación Profesorado EDO
Estado:	En preparación
Sgic:	2018-2019
Centro:	309 - Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía
Titulación:	V09G310V01 - Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos

Documento:	Histórico de Plan de Mellora
Programa:	FIDES-AUDIT:SGIC/Inf. Revisión Dirección
Criterio / Directriz:	1. Organización e desenvolvemento

Data de comezo:	02/03/2020
Data de alerta:	10/05/2021
Data prevista de finalización:	11/05/2020
Data de finalización:	

Ano académico:	2018/2019
Ano académico de finalización:	2019/2020

Punto débil detectado: O punto débil que xustifica esta acción de mellora é a baixa taxa de ocupación na titulación. Aínda que o centro desenvolve unha cantidade importante de actividades co obxectivo de informar sobre a titulación (información recollida no rexistro "Informe Anual de Promoción e Divulgación" do centro), considérase necesario abrir unha nova canle de traballo directamente co colectivo de profesorado dos centros de ensino de ESO e Bacharelato, co obxectivo de que o profesorado coñeza a titulación e os ámbitos de traballo vinculados á mesma.

Actuacións a desenvolver:	Ofertar por parte do centro de cursos de formación para o profesorado dos centros de ensino de ESO, Bacharelato e FP a través do Centro de Formación e Recursos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.
---------------------------	--

Recursos financeiros:	O CFR dispón dun orzamento propio para a xestión dos cursos de formación do profesorado.
-----------------------	--

Observacións:	Empregarase como indicador da valoración do alcance da acción de mellora o número de cursos de formación realizados polo profesorado do centro.
---------------	---

Sen revisións de cumprimento.

Sen Finalizacións.

Acción de mellora

Ficha 55 Enquisas Satisfacción PE extracurriculares

Universidade de Vigo

Denominación da acción de mellora:	Ficha 55 Enquisas Satisfacción PE extracurriculares
Estado:	En preparación
Sgic:	2018-2019
Centro:	309 - Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía
Titulación:	V09G310V01 - Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos

Data de comezo:	13/01/2020
Data de alerta:	
Data prevista de finalización:	12/07/2021
Data de finalización:	

Documento:	
Programa:	FIDES-AUDIT:SGIC/Inf. Revisión Dirección
Criterio / Directriz:	7. Indicadores de satisfacción e rendemento

Ano académico:	2018/2019
Ano académico de finalización:	2019/2020

Punto débil detectado: Na titulación hai a posibilidade de recoñecer hasta 12 ECTS de carácter optativo por prácticas externas extracurriculares, opción que escolle un número importante de alumnado da titulación. Cabe sinalar que na xestión das prácticas externas extracurriculares na Uvigo o centro non ten ningunha responsabilidade, polo que se trata dunha actividade na que non ten capacidade ou marxe de actuación. O centro si ten a responsabilidade e competencias no procedemento de recoñecemento dos créditos optativos polas prácticas externas extracurriculares.

Á data actual non se recolle información sobre o grao de satisfacción do alumnado coa xestión e desenvolvemento das prácticas externas extracurriculares, información que se considera necesaria para poder realizar a correspondente análise.

Actuacións a desenvolver: Solicitar á FUVI, responsable da xestión das prácticas externas extracurriculares na UVIGO, se habilite un proceso de recollida do grao de satisfacción co desenvolvemento das Prácticas Externas Extracurriculares.

Recursos financeiros:

Observacións:

Sen revisións de cumprimento.

Sen Finalizacións.

Acción de mellora

Ficha 56 Participación Enquisas Empregadores/as

Universidade de Vigo

Denominación da acción de mellora:	Ficha 56 Participación Enquisas Empregadores/as
Estado:	En preparación
Sgic:	2018-2019
Centro:	309 - Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía
Titulación:	V09G310V01 - Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos

Documento:	Histórico de Plan de Mellora
Programa:	FIDES-AUDIT:SGIC/Inf. Revisión Dirección
Criterio / Directriz:	7. Indicadores de satisfacción e rendemento

Data de comezo:	11/05/2020
Data de alerta:	
Data prevista de finalización:	12/07/2021
Data de finalización:	

Ano académico:	2018/2019
Ano académico de finalización:	2019/2020

Punto débil detectado: Non se dispón de información sobre o grao de satisfacción das persoas empregadoras coa titulación. A Universidade ten habilitado o procedemento de recollida desta información. Non obstante, a participación por parte das persoas empregadoras é moi baixa.

Actuacións a desenvolver:	Ao obxecto de aumentar a participación das persoas empregadoras nas enquisas de satisfacción que ten habilitadas a Universidade, o centro recompilará a información actualizada das persoas empregadoras e habilitará un foro de comunicación estable coas persoas empregadoras.
---------------------------	--

Recursos financeiros:	Orzamento propio do centro.
-----------------------	-----------------------------

Observacións:	Empregarase como indicador do alcance da acción de mellora a porcentaxe de participación das persoas empregadoras nos próximos cursos.
---------------	--

Sen revisións de cumprimento.

Sen Finalizacións.

Acción de mellora

Ficha 57 Información Pública Persoas Egresadas

Universidade de Vigo

Denominación da acción de mellora: Ficha 57 Información Pública Persoas Egresadas

Estado: En preparación

Sgic: 2018-2019

Centro: 309 - Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía

Titulación: V09G310V01 - Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos

Documento: Histórico de Plan de Mellora

Programa: FIDES-AUDIT:SGIC/Inf. Revisión Dirección

Criterio / Directriz: 2. Información e transparencia

Data de comezo: 06/04/2020

Data de alerta:

Data prevista de finalización: 05/04/2021

Data de finalización:

Ano académico: 2018/2019

Ano académico de finalización:

Punto débil detectado: Baixa visibilidade da actividade profesional das persoas egresadas da titulación.

Actuacións a desenvolver: Mellorar e activar as canles de información pública a disposición do centro sobre a actividade profesional das persoas egresadas: información na web, RRSS, trípticos informativos, etc.

A visibilización da actividade das persoas egresadas contribuirá a mellorar o coñecemento da Sociedade da titulación e as súas posibilidades.

Recursos financeiros: Orzamento propio do centro.

Observacións:

Sen revisións de cumprimento.

Sen Finalizacións.

Acción de mellora

Ficha 58 Aumento Actividades Formativas Prácticas

Universidade de Vigo

Denominación da acción de mellora: Ficha 58 Aumento Actividades Formativas Prácticas
Estado: En preparación
Sgic: 2018-2019
Centro: 309 - Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía
Titulación: V09G310V01 - Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos

Documento: Histórico de Plan de Mellora
Programa: FIDES-AUDIT:SGIC/Inf. Revisión Dirección
Criterio / Directriz: 5. Recursos materiais e servizos

Data de comezo: 06/04/2020
Data de alerta:
Data prevista de finalización: 16/09/2024
Data de finalización:

Ano académico: 2018/2019
Ano académico de finalización: 2019/2020

Punto débil detectado: A baixa valoración por parte do alumnado nas enquisas de satisfacción da titulación da "Cantidade de actividades formativas de carácter práctico".

Actuacións a desenvolver: O proceso de implantación da modificación da titulación considérase que é unha oportunidade para actualizar e revisar o tipo e cantidade de actividades formativas de carácter práctico (actividades de carácter instrumental, laboratorio, actividades de campo e/ou visitas á instalacións) que se desenvolven na titulación e intensificar a súa impartición.

Recursos financeiros: Orzamento propio do centro.

Observacións: Cabe sinalar que no curso 2018/19 o centro organizou por primeira vez a viaxe de estudos da titulación, unha viaxe de catro días de duración para que o alumnado puidera coñecer os procesos tecnolóxicos e instalacións do seu ámbito de traballo que non se atopan na comunidade autónoma de Galicia e, polo tanto, non se poden visitar nas saídas de campo que forman parte das actividades formativas de carácter práctico das materias. A valoración desta actividade, aínda que foi realizada no curso 2018/19, non se recolleu formalmente.

Sen revisións de cumprimento.

Sen Finalizacións.

Acción de mellora

Ficha 59 Orientación Académica Laboral

Universidade de Vigo

Denominación da acción de mellora:	Ficha 59 Orientación Académica Laboral
Estado:	En preparación
Sgic:	2018-2019
Centro:	309 - Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía
Titulación:	V09G310V01 - Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos

Data de comezo:	03/02/2020
Data de alerta:	08/02/2021
Data prevista de finalización:	01/02/2021
Data de finalización:	

Documento:	Histórico de Plan de Mellora
Programa:	FIDES-AUDIT:SGIC/Inf. Revisión Dirección
Criterio / Directriz:	5. Recursos materiais e servizos

Ano académico:	2018/2019
Ano académico de finalización:	2019/2020

Punto débil detectado:	A valoración do ítem “A orientación académica recibida no plan de acción tutorial” recibe unha baixa valoración (2,75 puntos). Considérase que a puntuación é claramente mellorable, polo que se seguirá especialmente a tendencia deste indicador. Cabe sinalar que o MEET está concibido de forma específica para o estudiantado de primeiro curso, polo que se considera axeitado declarar unha acción de mellora específica en relación á orientación académica para o resto de cursos da titulación (2º, 3º e 4º).
------------------------	---

Actuacións a desenvolver:	Programar actividades informativas específicas para o alumnado de 2º, 3º e 4º da titulación.
---------------------------	--

Recursos financeiros:	
-----------------------	--


Observacións:	
---------------	--

Sen revisións de cumprimento.

Sen Finalizacións.

Acción de mellora

Ficha 60 Duración Media Estudos



Denominación da acción de mellora:	Ficha 60 Duración Media Estudos
Estado:	En preparación
Sgic:	2018-2019
Centro:	309 - Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía
Titulación:	V09G310V01 - Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos

Data de comezo:	02/03/2020
Data de alerta:	12/09/2022
Data prevista de finalización:	16/09/2024
Data de finalización:	

Documento:	Histórico de Plan de Mellora
Programa:	FIDES-AUDIT:SGIC/Inf. Revisión Dirección
Criterio / Directriz:	1. Organización e desenvolvemento

Ano académico:	2018/2019
Ano académico de finalización:	2019/2020

Punto débil detectado:	O valor do ítem “I010 Duración media dos estudos” foi aumentando desde o ano 2016/17 de 5,11 a 5,76 no curso 2018/19, polo que se considera necesario declarar unha acción de mellora en relación ao mesmo co obxectivo de identificar os motivos do incremento na duración dos estudos e programar actividades específicas ao obxecto de axustar a duración dos estudos ao valor de referencia do centro para os estudos de grao (menor ou igual a 5 anos).
------------------------	--

Actuacións a desenvolver:	Recoller información para poder identificar as causas do incremento do indicador, tratando de identificar si hai algunha circunstancia específica que xustifique o aumento da duración media dos estudos.
---------------------------	---

Recursos financeiros:	
-----------------------	--

Observacións:	O indicador para valorar o alcance dos resultados da acción de mellora é o ítem “I010 Duración media dos estudos” para os cursos 2019/20 a 2023/2024.
---------------	---

Sen revisións de cumprimento.

Sen Finalizacións.

Acción de mellora

Ficha 61 Orientación Académica Persoas Egresadas

Universidade de Vigo

Denominación da acción de mellora:	Ficha 61 Orientación Académica Persoas Egresadas
Estado:	En preparación
Sgic:	2018-2019
Centro:	309 - Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía
Titulación:	V09G310V01 - Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos

Documento:	Histórico de Plan de Mellora
Programa:	FIDES-AUDIT:SGIC/Inf. Revisión Dirección
Criterio / Directriz:	5. Recursos materiais e servizos

Data de comezo:	10/02/2020
Data de alerta:	19/10/2020
Data prevista de finalización:	06/09/2021
Data de finalización:	

Ano académico:	2018/2019
Ano académico de finalización:	2019/2020

Punto débil detectado: En relación aos resultados de satisfacción coa titulación das persoas egresadas, todos os ítems de satisfacción por bloques no 2018/19 aumentaron en relación aos resultados do 2017/18 (organización e desenvolvemento, información e transparencia, SGC, recursos humanos, recursos materiais e servizos e resultados de aprendizaxe), salvo o ítem “recursos humanos”, que baixou de 4 a 3,5.

Cabe sinalar que a valoración da pregunta “A orientación académica para continuar estudos”, aínda que subiu de 2,5 puntos no curso anterior a 3 puntos no 2018/19, é a puntuación máis baixa e mellorable, motivo que xustifica a acción de mellora.

Actuacións a desenvolver:	Programar sesións informativas sobre as posibilidades de continuar estudos de máster e estudos no estranxeiro.
---------------------------	--

Recursos financeiros:

Observacións:

Sen revisións de cumprimento.

Sen Finalizacións.

VIII.6.3 Grao en Enxeñaría da Enerxía

Acción de mellora

Ficha 49 Información Pública Persoas Egresadas

Universidade de Vigo

Denominación da acción de mellora: Ficha 49 Información Pública Persoas Egresadas
Estado: En preparación
Sgic: 2018-2019
Centro: 309 - Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía
Titulación: V09G290V01 - Grao en Enxeñaría da Enerxía

Documento: Histórico de Plan de Mellora
Programa: FIDES-AUDIT:SGIC/Inf. Revisión Dirección
Criterio / Directriz: 2. Información e transparencia

Data de comezo: 10/02/2020
Data de alerta: 21/09/2020
Data prevista de finalización: 14/12/2020
Data de finalización:

Ano académico: 2019/2020
Ano académico de finalización: 2019/2020

Punto débil detectado: A web actual non recolle información clara e accesible sobre a actividade profesional das persoas egresadas, o cal pode resultar útil na captación de estudantado e mellorar a información sobre o ámbito de traballo da titulación.

Actuacións a desenvolver: Habilitar un espazo na Web do centro para recoller información sobre a actividade das persoas egresadas da titulación.

Intensificar a información sobre a actividade das persoas egresadas nas RRSS do centro.

Incluir nos trípticos da titulación información sobre a actividade profesional das persoas egresadas da titulación.

Recursos financeiros: Orzamento do centro.

Observacións:

Sen revisións de cumprimento.

Sen Finalizacións.

Acción de mellora

Ficha 50 Actividades Formativas Prácticas

Universidade de Vigo

Denominación da acción de mellora:	Ficha 50 Actividades Formativas Prácticas
Estado:	En preparación
Sgic:	2018-2019
Centro:	309 - Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía
Titulación:	V09G290V01 - Grao en Enxeñaría da Enerxía

Data de comezo:	13/01/2020
Data de alerta:	
Data prevista de finalización:	16/09/2024
Data de finalización:	

Documento:	Histórico de Plan de Mellora
Programa:	FIDES-AUDIT:SGIC/Inf. Revisión Dirección
Criterio / Directriz:	5. Recursos materiais e servizos

Ano académico:	2018/2019
Ano académico de finalización:	2019/2020

Punto débil detectado:	A baixa valoración por parte do alumnado nas enquisas de satisfacción da titulación da "Cantidade de actividades formativas de carácter práctico".
------------------------	--

Actuacións a desenvolver:	O proceso de implantación da modificación da titulación considérase que é unha oportunidade para actualizar e revisar o tipo e cantidade de actividades formativas de carácter práctico (actividades de carácter instrumental, laboratorio, actividades de campo e/ou visitas á instalacións) que se desenvolven na titulación e intensificar a súa impartición.
---------------------------	--

Recursos financeiros:	Orzamento do centro.
-----------------------	----------------------

Observacións:	Cabe sinalar que no curso 2018/19 o centro organizou por primeira vez a viaxe de estudos da titulación, unha viaxe de catro días de duración para que o alumnado puidera coñecer os procesos tecnolóxicos e instalacións do seu ámbito de traballo que non se atopan na comunidade autónoma de Galicia e, polo tanto, non se poden visitar nas saídas de campo que forman parte das actividades formativas de carácter práctico das materias. A valoración desta actividade, aínda que foi realizada no curso 2018/19, non se recolleu formalmente.
---------------	---

Sen revisións de cumprimento.

Sen Finalizacións.

VIII.6.4 Máster Universitario en Enxeñaría de Minas

Acción de mellora

Ficha 42 Erro Cómputo PDI Doutor

Universidade de Vigo

Denominación da acción de mellora:	Ficha 42 Erro Cómputo PDI Doutor
Estado:	En preparación
Sgic:	2018-2019
Centro:	309 - Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía
Titulación:	V09M148V01 - Máster Universitario en Enxeñaría de Minas

Data de comezo:	07/09/2020
Data de alerta:	19/10/2020
Data prevista de finalización:	01/02/2021
Data de finalización:	

Documento:	Histórico de Plan de Mellora
Programa:	FIDES-AUDIT:SGIC/Inf. Revisión Dirección
Criterio / Directriz:	4. Recursos humanos

Ano académico:	2018/2019
Ano académico de finalización:	2019/2020

Punto débil detectado: *"I02-PE Cualificación do PDI"*. A valoración desde ítem para o curso 2018/19 e do 75%. Este indicador recolle a porcentaxe de doutores sobre o total de profesorado da titulación. Non obstante considérase que os datos proporcionados no Portal de Transparencia non son correctos e a porcentaxe de doutores é maior. En base a información dispoñible pola coordinación da titulación, a porcentaxe de doutores no cadro de profesorado do 2018/19 é de 84,38%. Revisada a información dispoñible na plataforma de xestión académica, identificouse que se vincula como profesorado da titulación ao profesorado de materias de grao que o estudiantado ten que cursar en concepto de complemento de formación.

Actuacións a desenvolver: Comunicar o erro á Unidade de Estudos e Programas e solicitar a corrección.

Recursos financeiros:

Observacións:

Sen revisións de cumprimento.

Sen Finalizacións.

Acción de mellora

Ficha 43 Estudando TFM Pendente

Universidade de Vigo

Denominación da acción de mellora:	Ficha 43 Estudando TFM Pendente
Estado:	En preparación
Sgic:	2018-2019
Centro:	309 - Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía
Titulación:	V09M148V01 - Máster Universitario en Enxeñaría de Minas

Documento:	Histórico de Plan de Mellora
Programa:	FIDES-AUDIT:SGIC/Inf. Revisión Dirección
Criterio / Directriz:	6. Resultados de aprendizaxe

Data de comezo:	08/06/2020
Data de alerta:	
Data prevista de finalización:	05/04/2021
Data de finalización:	

Ano académico:	2018/2019
Ano académico de finalización:	2019/2020

Punto débil detectado: A taxa de graduación da titulación é do 73%. En relación a esta taxa cabe sinalar que se identifica un conxunto de alumnos aos que resta só o TFM para rematar os seus estudos e que non o fixeron no curso correspondente, fundamentalmente por traslado a outras comunidades autónomas para empezar a traballar. Declárase unha acción de mellora específica para solucionar estas circunstancias excepcionais.

Actuacións a desenvolver:	Poñerse en contacto con cada un deles e valorar a situación específica de cada estudante para planificar o traballo pendente ou reconducir o plantexamento do TFM orixinal.
---------------------------	---

Recursos financeiros:

Observacións:

Sen revisións de cumprimento.

Sen Finalizacións.

Acción de mellora

Ficha 44 Grao Satisfacción PE

Universidade de Vigo

Denominación da acción de mellora:	Ficha 44 Grao Satisfacción PE
Estado:	En preparación
Sgic:	2018-2019
Centro:	309 - Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía
Titulación:	V09M148V01 - Máster Universitario en Enxeñaría de Minas

Data de comezo:	11/05/2020
Data de alerta:	
Data prevista de finalización:	01/02/2021
Data de finalización:	

Documento:	Histórico de Plan de Mellora
Programa:	FIDES-AUDIT:SGIC/Inf. Revisión Dirección
Criterio / Directriz:	7. Indicadores de satisfacción e rendemento

Ano académico:	2018/2019
Ano académico de finalización:	2019/2020

Punto débil detectado:	En relación ás prácticas externas (curriculares e obrigatorias) desta titulación, aínda que os resultados académicos son moi bos, non se dispón de información relativa á valoración por parte das empresas/entidades que acollen ao estudiantado, nin se dispón de información sobre a valoración do grao de satisfacción por parte dos colectivos implicados (alumnado, titores das empresas/entidades e titores na Universidade). Declárase unha acción de mellora ao respecto.
------------------------	--

Actuacións a desenvolver:	Solicitar aos servizos responsables da xestión das enquisas de avaliación da satisfacción se habilite unha enquisa específica para recoller o grao de satisfacción coas prácticas externas curriculares.
---------------------------	--

Recursos financeiros:	
-----------------------	--

Observacións:	
---------------	--

Sen revisións de cumprimento.

Sen Finalizacións.